



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 109

Sesión plenaria
21 de decembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 39782 (11/PNP-003401)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia para a prevención do cancro de pulmón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

3.2 43708 (11/PNP-003719)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a execución do concerto social a través da Consellería de Política Social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 412, do 22.11.2022

3.3 44025 (11/PNP-003732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da suba das peaxes da AP-9 e da AP-53

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 412, do 22.11.2022

3.4 44083 (11/PNP-003740)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en materia da planificación de Red Eléctrica de España

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 412, do 22.11.2022

3.5 44269 (11/PNP-003763)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para facilitarlles a solicitude de axudas á pesca sustentable ás pequenas embarcacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 416, do 02.12.2022

3.6 44673 (11/PNP-003795)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto do papel de Galicia na produción de enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 418, do 07.12.2022



Punto 4. Interpelacións

4.1 42989 (11/INT-002115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre o novo modelo de residencias anunciado pola Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

4.2 43196 (11/INT-002126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o financiamento das entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

4.3 44383 (11/INT-002183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis

Sobre os plans industriais das empresas eólicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 418, do 07.12.2022

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 44921 (11/POPX-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que pensa tomar para garantir a recuperación industrial de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022

5.2 44940 (11/POPX-000090)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai adoptar para fortalecer a sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 44341 (11/POP-006603)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia de axudas para o sector do comercio para frear o sobrecusto que xerou a electricidade causado pola guerra de Ucraína

Publicación da iniciativa, BOPG nº 416, do 02.12.2022



6.2 44920 (11/PUP-000296)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da intención de modificar o Código Penal en relación co delito de malversación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022

6.3 43177 (11/POP-006490)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e catro deputados/as máis**

Sobre a medida proposta de rebaixa dun 40% nas taxas aos bingos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

6.4 42871 (11/POP-006434)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para solucionar a limitación de acceso a servizos básicos que está vivindo a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vila-martín de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

6.5 44045 (11/POP-006571)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do impacto que a suba do IPC vai ter nas peaxes das autoestradas na Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 416, do 02.12.2022

6.6 43364 (11/POP-006514)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para realizar as obras necesarias nos centros de educación infantil e primaria da Gándara e da Solaina, no concello de Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

6.7 44910 (11/PUP-000294)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para dar cobertura a todas as solicitudes de axudas por ampliación de superficie e novas incorporacións agrogandeiras ao ecolóxico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022

6.8 44911 (11/PUP-000295)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego ante a situación que poden vivir os produtores agrogandeiros en ecolóxico que quedasen fóra das axudas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que pensa tomar para garantir a recuperación industrial de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 11.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 14.)

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar para fortalecer a sanidade pública. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 21.)

Retómase a orde do día co punto terceiro, correspondente ás proposicións non de lei. (Páx. 23.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da suba das peaxes da AP-9 e da AP-53. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 29.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse sobre a emenda. (Páx. 32.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en materia da planificación de Red Eléctrica de España. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 38.) e *Sr. Fernández Alfonso (BNG).* (Páx. 41.)

Nova intervención da señora Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 43.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para facilitarlles a solicitude de axudas á pesca sustentable ás pequenas embarcacións. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 46.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 49.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 51.)

Nova intervención da señora Otero Rodríguez (S). (Páx. 54.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto do papel de Galicia na produción de enerxía eléctrica. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 56.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 63.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 66.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia para a prevención do cancro de pulmón: *aprobada por 54 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións*. (Páx. 68.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a execución do concerto social a través da Consellería de Política Social: *aprobada por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención*. (Páx. 69.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da suba das peaxes da AP-9 e da AP-53: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención*. (Páx. 69.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en materia da planificación de Red Eléctrica de España: *aprobada por 54 votos a favor, 19 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 69.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para facilitarlles a solicitude de axudas á pesca sustentable ás pequenas embarcacións: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto do papel de Galicia na produción de enerxía eléctrica: *rexeitada por 19 votos a favor, 40 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 70.)

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os plans industriais das empresas eólicas. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 70.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 73.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 76.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 78.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente no debate acumulado das preguntas 7 e 8. (Páx. 79.)

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para dar cobertura a todas as solicitudes de axudas por ampliación de superficie e novas incorporacións agrogandeiras ao ecolóxico. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten o Goberno galego ante a situación que poden vivir os produtores agrogandeiros en ecolóxico que quedasen fóra das axudas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 79.) e *Sr. Seco García (S).* (Páx. 80.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 81.)

Réplica dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 83.) e *Sr. Seco García (S).* (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 85.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e nove minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

A señora presidenta (Candía López) retoma a sesión coa primeira das preguntas do punto sexto da orde do día. (Páx. 86.)



Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia de axudas para o sector do comercio para frear o sobrecusto que xerou a electricidade causado pola guerra de Ucraína. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 87.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 88.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 89.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) interrompe o punto sexto da orde do día para pasar ao debate da segunda interpelación do punto cuarto. (Páx. 90.)

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o financiamento das entidades locais (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 90.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 93.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 99.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da intención de modificación do Código Penal en relación co delito de malversación. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 101.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 103.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 105.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a medida proposta de rebaixa dun 40 por cento nas taxas aos bingos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 106.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 107.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 108.)



Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 109.)

Pregunta de D^a María González Albert e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para solucionar a limitación de acceso a servizos básicos que está vivindo a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Albert (BNG)*. (Páx. 111.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Sra. González Albert (BNG)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 114.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do impacto que a suba do IPC vai ter nas peaxes das autoestradas na comunidade autónoma de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 115.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 116.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 117.)

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia para realizar as obras necesarias nos centros de educación infantil e primaria da Gándara e da Solaina, no concello de Narón. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonzo. (BNG)*. (Páx. 118.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 120.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonzo. (BNG)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 122.)

Remata a sesión ás seis do serán.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto quinto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que pensa tomar para garantir a recuperación industrial de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor presidente, o sector industrial en Galicia é vital non só pola xeración de emprego senón polo valor engadido e, polo tanto, pola xeración de riqueza. Ademais, ten un comportamento certamente máis estable que outros sectores, como, por exemplo, o de servizos. Ten un peso algo superior ao 18 % do noso produto interior bruto e un 16 % no emprego. E, ademais, ten presenza na industria da alimentación —alimentación e bebidas—; no sector lácteo —por certo, con problemas bastante importantes na transformación—; nun importantísimo sector conserveiro; na industria automobilística —tamén con problemas relacionados coa ruptura da cadea de subministración—; na industria téxtil; na industria forestal; na industria naval e, por suposto, no ámbito da enerxía. Falamos dun elemento esencial da produción económica da nosa comunidade autónoma. De feito, os datos correspondentes ao terceiro trimestre deste ano 2022 evidencian que a distribución porcentual de activos por sector económico no caso da industria representa un 14,4 %, o cal é non só superior ao que aporta a agricultura e a construción, senón superior á suma de ambas.

E nisto, neste ámbito, a política da Xunta de Galicia é afirmar que o Estado é o responsable do futuro industrial de Galicia, cando é de sobra sabido que teñen vostedes as competencias exclusivas dentro do ámbito estatutario. E entón debemos preguntarnos para que necesitamos un goberno autonómico se o noso futuro depende do Estado. E claro está que a renuncia a exercer esas competencias exclusivas —repito— ten o seu traslado inmediato. E o seu traslado inmediato é que o índice de produción industrial experimentou unha perda interanual do 5,4 % en Galicia mentres a nivel nacional subiu un 2,2 %. E no que vai de ano Galicia baixou un 2 % mentres a media nacional subiu un 3,3.

¿Cal é o problema? Que a súa política industrial é unha política de fotografías, é unha política de explotar os conflitos onde a Xunta de Galicia non ten competencias e de non estar nesas fotos cando a Xunta de Galicia si ten competencias exclusivas para resolver os problemas. Poderíamos falar do que pasou con Alcoa: fotos e fotos do señor presidente do Goberno, do señor conselleiro, e ningunha foto, por exemplo, no caso de Vestas —isto só por falar da Mariña lucense, pero poderíamos falar de moitísimos máis casos no naval e nas electrointensivas—.



E, señor presidente, a inversión desta tendencia á que acabo de facer referencia é unha necesidade que debe ser atendida con carácter prioritario. Porque ese dato, ese 5,4 % que lle acabo de citar, é o segundo peor de todo o Estado. Só hai tres comunidades autónomas que están nesa situación, e Galicia está lamentablemente nese furgón de cola.

Mire, non se sostén fiar todo, como fan vostedes, á xestión dos fondos Next Generation. E voulo dicir con dous argumentos —un deles absolutamente irrefutable—. E é que as regras de distribución dos fondos Next Generation son idénticas para todas as comunidades autónomas, e soamente tres —entre elas Galicia— están cun índice de produción industrial negativo. (*Aplausos.*) Polo tanto, as que están en positivo ¿como o podemos explicar?

E, ademais, hai transferencias ás comunidades autónomas. De feito, as comunidades autónomas recibiron máis de 27.800 millóns de euros; e Galicia, ata este momento, 1.206 millóns de euros. Por certo, sobre estas cifras teñen vostedes algún problemíña de coordinación, porque algún voceiro do Partido Popular di que non hai tal transferencia e ao día seguinte hai unha nota do Consello da Xunta na que se di que si hai transferencia deses 1.206 millóns de euros.

Tampouco axudan moito as súas erráticas —cando non inexistentes— políticas no ámbito eólico. Polo tanto, a pregunta que lle fago, e que vostede coñece, é ben sinxela de formular e ben complicada de explicar tendo en conta a súa inacción. E é: dentro das súas competencias exclusivas ¿que medida vai adoptar para garantir a recuperación industrial de Galicia?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Bos días, señor Álvarez.

Mire, empéñase vostede, non só nesta pregunta senón en xeral, e insisten sempre moito en dicir que a Xunta ten competencias exclusivas en materia de industria e que, polo tanto, non pode pretender que ninguén teña ningunha outra responsabilidade. Supoño que ese empeño é sempre para intentar salvaguardar o Goberno central, e ademais vostede acaba de demostralo, por se houberse algunha dúbida, dicindo «non me fale dos fondos Next Generation porque son para toda España e os problemas están aquí». Efectivamente, problemas industriais neste momento temos todas as comunidades autónomas. Pero, claro, se o plantexamento da súa pregunta é dicir que non temos por que contar con ninguén, e polo tanto cos fondos Next Generation —33.000 millóns de euros en PERTE industriais—, señor Álvarez, ¿por que, se o Goberno central non ten ningunha competencia en industria, se reserva o cen por cento dos fondos industriais dos PERTE? (*Aplausos.*) ¿Por que?



E, claro, a vostede non lle interesa falar disto, porque, se falamos disto, habería que falar de que, deses 33.000, están convocados menos de 10.000 ata o día de hoxe, apenas o 30 %; só 4.200 resoltos e, o que é peor, 29.000 pendentes de comprometer —é dicir, señor Álvarez, embalsados—. Claro, se isto non inflúe na política industrial de ninguén, pois entón eu non entendo absolutamente nada. ¿Estamos a tempo de reverter esta situación? Si. ¿É cada vez máis complicado? Por suposto, pasa o tempo, e acaban vostedes de pedir onte unha prórroga dicindo que non son capaces de xestionar estes cartos. O resto dos países de Europa están sendo capaces. España, o Goberno central, que se reservou o cen por cento da política industrial Next Generation é a única que está pedindo outra vez que lle deixen unha prórroga despois de ter que cesar a todo o mundo que levaba estes asuntos.

Mire, voulle dicir cales son as prioridades industriais de Galicia, as que necesitamos para seguir tendo o nivel de PIB que a nosa industria sempre nos deu. Voulle dicir catro cousas, e aquí síntoo moito pero non poden depender só de nós —da Xunta de Galicia tamén, por suposto—.

Primeiro, o corredor atlántico de mercancías —non hai industria sen loxística, non a hai—. Polo tanto, nós temos que conseguir que dentro duns anos se distribúa a produción industrial, os produtos industriais de Galicia, o triplo do que se está distribuindo agora, como pasa en Francia, como pasa en Alemaña, como pasa en moitos países avanzados. Sabe vostede que hoxe está avanzando moito o corredor de mercancías da zona de levante, o de Galicia pois parece ser que non é unha prioridade para o seu Goberno central, que vostede apoia tanto. Houbo unha reunión estes días, e o conselleiro de Castela-León, o conselleiro de Asturias e o conselleiro de Galicia van seguir traballando e presionando. Non lle queremos quitar nada a ninguén pero, dende logo, que ninguén nos quite nada a nós. ¿Van estar vostedes aí ou van estar poñéndose de perfil e non dicindo nada cando se está claramente beneficiando unha zona de España en detrimento doutra?

Segundo asunto, a rede de distribución de hidróxeno verde. Señor Álvarez, temos aquí unha posición de vantaxe. O outro día estivo a secretaria de Estado de Enerxía dicindo que Galicia era preferente, que tiñamos unha enorme oportunidade. ¿Que pasou? Ao día seguinte de estar ela aquí sae este mapa onde o seu Goberno central nos converte nunha illa enerxética. *(O señor presidente da Xunta amósalles un mapa aos membros da Cámara.)* Así ¿imos ter posibilidades industriais? ¿Cre vostede que non teñen nada que facer aquí?

Terceiro asunto, as industrias electrointensivas. Efectivamente, temos problemas coas industrias electrointensivas. Están influíndo no IPI, sen ningunha dúbida. ¿Por que? Porque, mire, é que lles custa a electricidade oito veces máis que en Francia ou seis veces máis que en Alemaña. Puxemos solucións enriba da mesa do Goberno central, que é o único que o pode solucionar, e non tivemos resposta aínda hoxe.

Cuarto asunto, planificación eléctrica. É fundamental, señor Álvarez. Mire, se non somos capaces de planificar con tempo as estacións, as subestacións, a potencia —incluída a de Stellantis— para esas industrias —sobre todo as do futuro que se van poñer en Galicia—, se non teñen esta planificación eléctrica, será imposible. A min o outro día recibíume a vicepresidenta Ribera con moi boas palabras. Dixo, ademais, que ninguén mellor que as co-



munidades autónomas para coñecer cal é a nosa planificación eléctrica, que por suposto era dinámica e que por suposto que lle mandase —e así o fixemos de acordo co Consello da Xunta— o que necesitásemos. Boas palabras e xerra de auga fría. Onte contestoume dicindo que o sente moito, que nisto xa está todo e que, a partir do 2023, falaremos de aquí a 2029.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Mire, a industria galega non pode esperar. A Xunta de Galicia fará todo o posible. Estamos facendo os deberes, e tamén a industria. Agora, se vostedes non os fan, isto será moi difícil. Polo tanto, deixe de lavarlle a cara á política industrial do Goberno central e pónase do lado de Galicia e da súa industria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, debínome perder algo dende que saín esta mañá de Lugo ata este momento, porque ¿como nega vostede que teñen competencias exclusivas? Eu non estou dicindo que non necesiten a colaboración do Estado —colaboración que, por certo, saben que teñen—. Vostede non, pero que o seu conselleiro diga que «o futuro industrial de Galicia depende exclusivamente do Estado» —e son palabras literais— é para preocuparse e moito. Porque —repito— ¿como é posible que, xogando coas mesmas regras que o resto das comunidades autónomas, vostede me vincule isto exclusivamente á distribución dos fondos Next Generation e cando son a mesmas normas para todos sen que outras comunidades autónomas teñan o problema que ten Galicia? ¿Sabe o que é isto, señor Rueda? ¿Sabe o que é isto? É unha busca implacable de culpables e castigo exemplar de inocentes. (*Aplausos.*) É así de claro. Vostedes nunca teñen responsabilidade de nada.

Vén vostede aquí e fálame do corredor atlántico. Oia, señor Rueda, ¿onde estaba vostede cando o Grupo Parlamentario Socialista, o Partido Socialista de Galicia, apoiou, xunto con Asturias, Castela e León e evidentemente Galicia, o desenvolvemento en idénticas condicións dese corredor atlántico? Non veña vostede aquí a dicir que non temos postura clara e decidida, porque a coñece perfectamente; ergo, mente. Mente, señor presidente.

No referido ao hidróxeno verde, sabe vostede que nosoutros, claro, apoiámos e apostamos por ese gasoduto necesario para que non nos convertamos nunha illa enerxética, como vostede ti.

No ámbito das industrias electrointensivas ¿quere que lle conte o que lle pasou no seu propio goberno hai escasos meses con respecto a unha autorización e uns informes que tiña que emitir a Dirección Xeral de Saúde, que non sabía que dous meses antes o Consello da Xunta de Galicia declarara como proxecto prioritario determinados parques eólicos e informou ne-



gativamente pese a iso? ¿Ese é o goberno solvente? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si, si!, explícollo eu con claridade despois, se quere; porque, se non, non teño tempo dentro desta intervención.

Mire, vostedes ríanse de medidas como a do tope ao gas, falaban do «timo ibérico». Supoño que agora se estarán reconvertendo —cando menos no cualificativo— e falarán de «timo transpirenaico» logo de que a Unión Europea apoiase e adoptase unha medida idéntica. Ese é o problema. ¿Como van recuperar vostedes, como din, o nivel prepandemia cando un sector que aporta o 14,4 % dos activos económicos ten unha perda do 5,4 % interanual?

E remato. O señor Núñez Feijóo é o responsable de triplicar a débeda en Galicia, o responsable da situación da crise institucional actual, o que empregaba os mesmos mecanismos que foi recorrer agora ao Tribunal Constitucional —que, por certo, despachou un recurso deste grupo parlamentario idéntico cunha soa frase, dicindo que non procedía, e agora parece que si procede—. E con respecto ás palabras do señor Núñez Feijóo pregúntolle: ¿como é posible que vostede non saíse publicamente a dicirlle «*por que no te callas*» cando cuestionou que A Coruña fose a sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial? (*Aplausos.*) ¡Galicia, Galicia, Galicia! E agora pido explicacións de por que Galicia houbo unha soa vez. Dígalle vostede algo, dígalle vostede algo, defenda a Galicia, porque evidentemente a designación desa axencia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...estatal con criterios obxectivos coñecidos e transparentes foi posta en cuestión. Ata hai uns meses sentábase no mesmo sitio que vostede ocupa agora e, polo tanto, imos supoñer que se trasladan de forma automática as responsabilidades que tiña ese señor Feijóo, mutante, cambiante e difícil de predicir no ámbito da negociación —porque vai cambiando dun día para outro de condicións—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Agora que vostede ocupa ese sillón, defenda Galicia e pídalle explicacións a ese presidente nacional.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, se vostede decide converter isto nunha sesión de control ao señor Núñez Feijóo, polo menos reflicta ben as súas palabras. Iso que vostede pon en boca do señor Núñez Feijóo quen o dixo foi o alcalde de Santiago, señor Álvarez... (*Forte aplauso.*) (*Murmurios.*)



E, mire, en todo caso, ¿dáse conta de como o traizo a o subconsciente? Dedicou a metade da súa intervención a deixar claro que o Grupo dos Socialistas galego non está de acordo en materia industrial coas políticas que o Goberno central está mantendo en política industrial. Entón, claro, dime se non sei que, respecto do corredor de mercadorías do noroeste, vostedes teñen unha postura contraria á que está sostendo o señor Sánchez para o levante. Ben, pois alégrome moito, pero é que son diferentes. Dime se non teño claro que respecto desa illa enerxética á que nos condenan no hidróxeno verde vostedes non están de acordo. Pero non mo diga a min. Dígallo ao seu xefe, ao señor Pedro Sánchez, que é quen nos condena.

¿Dáse conta de como ten competencias o Goberno central e que as necesitamos? Mire, se o recado que me trae aquí con esta pregunta é para dicirme que nos esquezamos dos fondos Next Generation en materia industrial, eu dígolle que non, que en ningún caso. ¡Síntoo moito, síntoo moito! (Aplausos.)

Sinto moito dicirlle que a claridade que ten vostede sobre a repartición de competencias exclusivas ou non exclusivas en materia de política industrial non a ten o Goberno central. Efectivamente, recibimos ata o día de hoxe —e dígolle os datos— 1.008 millóns de euros dos fondos Next Generation, dos que teñen que xestionar as comunidades autónomas e polo tanto Galicia. Sabe vostede tamén que eses fondos veñen absolutamente condicionados. Non son para o que nós estimamos que teñen que ser. Dinnos cando, canto e para que, e ás veces ata uns límites absolutamente regulamentistas.

Moi ben, pois ¿sabe vostede canto considera o Goberno central que temos que adicar á política industrial deses 1.008 millóns?, ¿sabe canto, señor Álvarez? Pois 30,4, o 0,08 %. Polo tanto, ¿quen ten as competencias, se non o Goberno central, en materia de política industrial? ¿Que me está vostede dicindo? ¡Claro que necesitamos eses fondos!

Ademais, mire, voulle dicir unha cousa. A nosa crise non é industrial, a crise é enerxética. As industrias galegas teñen un enorme problema de custos enerxéticos —sobre todo as electrointensivas—. Por iso insistimos tanto en que o Goberno central ten que facer algo. Como insistimos nós coa coxeración e conseguimos que cambiasen o criterio, insisten todas as comunidades autónomas.

Mire, no valor engadido bruto de Galicia a industria galega contribuíu un 15,9 %. A media estatal é o 16 %. Polo tanto, non estamos tan diferentes. No terceiro trimestre de 2021 créronse 2.034 postos industriais menos que no terceiro trimestre deste ano. Polo tanto, segue mantendo un músculo que necesitamos que vaia para adiante. Pero por iso necesitamos eses fondos, necesítámoslos, sinceramente.

Mire, Stellantis, 600 millóns de euros; Showa Denko, 300 millóns de euros; Sentury Tire, 530 millóns de euros; Altri, 800 millóns de euros; Airbus, Babcock e Telespazio, 320 millóns de euros; Zandal, 110 millóns de euros; Lonza, 200 millóns de euros; Indukern 35 millóns de euros; Estrella Galicia, 410 millóns; Jealsa, 112; Profand, 105 millóns de euros... ¿Sabe o que é todo isto? A isto podemos engadir-lles os estaleiros galegos, que seguen esperando tres meses polo prometido PERTE do naval que non sae nunca, a pesar de que a ministra Maroto —candidata xa e que está noutras cousas— o prometeu hai tres meses. A isto po-



demos engadir tantos proxectos que están esperando eses fondos para tirar da industria galega, respecto dos que vostede hoxe veu —entendo— co recado de dicir que non podemos contar con eles. E non fai falta ese recado, xa nolo deron onte dende Madrid cando volveron dicir —como lle dicía ao principio da miña intervención— que necesitan máis tempo e que isto non se pode xestionar así.

Hai 18 iniciativas empresariais declaradas polo Consello da Xunta de Galicia, 3 proxectos industriais estratéxicos, todos proxectos tractores, señor Álvarez. Todos van crear moitísimos postos de traballo. E miles de millóns de euros de investimento seguen embalsados á espera de que cheguen eses cartos paralizados dos Next Generation. Polo tanto, non máis prórrogas, non máis lavarlle a cara á política industrial do Goberno.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Mire, se realmente nos quere facer responsables, dígalle que entón eses 33.000 millóns que se reservan e que non moven nolos cedan ás comunidades autónomas. Verá como as cousas cambian. Mentres, vostedes o que estarán facendo será poñéndose do lado dos que nos están paralizándo a política industrial, dos que agora mesmo están impedindo que todos os proxectos vaian para adiante e, o que é peor, poñéndose en contra da industria e en contra dos galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar para fortalecer a sanidade pública

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señorías.

Señor Rueda, unha vez máis desde o BNG temos que traer a este Parlamento a crítica situación que ten a sanidade pública no noso país despois de trece anos de recortes e de privatizacións do Partido Popular, trece anos nos que o Partido Popular o que fixo foi crear problemas na sanidade pública, problemas en atención primaria, problemas nos PAC, problemas na atención hospitalaria con listas de espera que se incrementan e cunhas urxencias que están saturadas.

E permítame que o ilustre sobre estes problemas con algúns titulares das últimas semanas, empezando polas mobilizacións que está protagonizando a cidadanía deste país, que está disposta a defender o seu dereito á saúde: «Mobilizacións en toda Galiza contra os recortes e o desmantelamento da atención primaria»; «Máis de mil persoas no Grove para exixir unha solución á falta de médicos e pediatras»; «Viveiro sae á rúa ante a falta de pediatras»; «Miles de persoas claman contra a xestión sanitaria en tres mobilizacións simultáneas» —son mobilizacións, señor Rueda, que están defendendo unha atención primaria que está ferida de morte por responsabilidade do Partido Popular—; «A falta de médicos deixa varios



PAC atendidos só por enfermeiras en Galicia». Non podemos seguir así. É o que lle di o persoal sanitario. «Ao menos cinco PAC pontevedreses están sen médico e funcionando só con enfermeiras»; «Medra a polémica pola atención en PAC sen médicos, mentres Rueda afirma que é conxuntural»; «Rueda defende os PAC só con enfermería: ‘Mellor iso que non ter nada’». Queren naturalizar os recortes pero para iso non conten con nós nin coa cidadanía deste país. *(Aplausos.)*

E ¿sabe o que pasa cando non funciona a atención primaria por culpa da súa mala xestión e dos seus recortes? Pois o que temos son colapsos nas urxencias do noso país: «Queixas pola saturación en urxencias no CHUAC. Máis de doce horas esperando por unha cama»; «A saturación en urxencias en Vigo obriga a abrir parte do Meixoeiro aínda en obras»; «O colapso obriga a derivar pacientes de Montecelo ao Salnés e ao Quirón»; «A Xunta de Galiza deriva a clínicas privadas os pacientes que non é capaz de atender nas urxencias».

É gravísimo, señor Rueda, o que está pasando no noso país. E a súa resposta non é enfrontarse aos problemas e poñer solucións. Non, non, vostedes instálanse na mentira e en intentar responsabilizar os profesionais da situación que se vive, o que é absolutamente intolerable: «Sanidade estudará pechar e reagrupar centros de saúde por proposta dos médicos». Xa lle responderon eles: «Os médicos acusan a Comesaña de imputarlles aos demais propostas e decisións que só lle corresponden a el». A mentira ten as patas moi curtas. *(Aplausos.)*

Pero é que os seus recortes non só están atentando contra a saúde das persoas deste país, é que tamén o están facendo contra os dereitos do persoal médico. E, señor Rueda, isto non llo digo eu, isto quen llo di é o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que condenou o Sergas por vulnerar os dereitos laborais en atención primaria. Esta é a súa política sanitaria.

Señor Rueda, é gravísimo o que está pasando na sanidade pública deste país e por iso lle pregunto que ten pensado facer o seu Goberno para deixar de ser literalmente un problema para a saúde dos galegos e das galegas *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señora Pontón.

Mire, está moi ben unha vez máis —e as veces que faga falta— falar de sanidade aquí neste Parlamento e nas sesións de control; falar das posibles melloras, falar das cousas que hai que corrixir e tamén —eu xa sei que vostede non o vai facer nunca— das cousas que se están facendo ben.

Pero, mire, para todo isto hai que falar en serio. Se falamos a base de consignas, se todo se pon a base de tuits, se se falsean as cifras, se se terxiversan, se se fala mal do sistema —a



vostede iso encántalle facelo—, así é moi difícil, señora Pontón, realmente é moi difícil. Creo que é moito mellor falar dende a experiencia de xestión. Iso vostede teno imposible pero... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nótase que non fala dende a experiencia de xestión, facéndoo con recursos certos e con medidas concretas.

Onte aprobáronse neste Parlamento os orzamentos para o vindeiro ano 2023, os máis altos da historia —tamén os máis altos da historia en sanidade—. Vostedes, por suposto, votaron «non», porque non lles interesan as solucións para nada, ¡para nada! Polo tanto, vostedes votaron que non a 400 millóns de euros máis —o que medran os orzamentos de sanidade—, dixeron que non. Dixeron que non a que a atención primaria teña 1.000 millóns de euros máis, señora Pontón, que cando vostedes facían os orzamentos. Votaron que non a 100 millóns de euros máis para persoal sanitario. A todo iso votaron que non. ¿Sabe, en cambio, ao que votaron que si, ou o que intentaban que se votase que si? Pois, mire, a sacarlle 40 millóns de euros á sanidade pública. ¿Para que? Pois para un plan —que, dende logo, non ten nada que ver coa sanidade— que se chama «Toda Galiza», corenta millóns de euros menos na sanidade pública para darllos a este plan. Polo tanto, señora Pontón, ao mellor nin o sabe, supoño que non o sabe, pero eu dígoille: máis sanidade pública e menos propaganda, señora Pontón, ¡menos propaganda! (*Aplausos.*)

Mire, afortunadamente, o pobo galego sacoulle hai moito tempo, en canto viron o que facían coa sanidade, a capacidade de orzar en sanidade pública. E por iso este ano os orzamentos da Xunta de Galicia no ano 2023 van ter 400 millóns de euros máis que no ano 2022, 134 novos profesionais e un 30 % máis para atención primaria, señora Pontón, ¡un 30 % máis!, do que vostedes poñían. ¿De que recortes me está falando, señora Pontón? ¡De que recortes me está falando! (*Aplausos.*)

Cando queira falar en serio da sanidade, eu pídoille que o faga sen terxiversación, sen exaxeración —iso vai ser imposible— e sen falsear os datos. Efectivamente, a mentira ten as patas moi curtas, señora Pontón. Vostedes, por exemplo, o outro día saíron en tromba a dicir que estaba avariado o TAC do hospital do Salnés e que a Xunta de Galicia miraba para outro lado e non facía nada. ¿Sabe o que estabamos facendo? Substituíndoo por outro máis moderno. ¿Quen están mentindo, señora Pontón? ¿Quen está mentindo?

Dixeron tamén que se ían atender as urxencias a distancia, cando iso non estivo nunca —e vostede sábeo de sobra pero, aínda así, dío— enriba da mesa de ningunha planificación da Xunta de Galicia. Menten e terxiversan, e así non son útiles para arranxar os problemas da sanidade pública —que, efectivamente, os hai aquí e en todas partes—.

Mire, ¿quere ser realmente útil? ¿Quere que a sanidade pública mellore? ¿Quere colaborar co Goberno de Galicia para que mellore? Hai unha solución moi fácil. Dígalle ao seu deputado unipersoal e plenipotenciario que teñen en Madrid —ese que se dedica a falar da república independente galega— que fale de cousas útiles, de cousas que lles importan aos galegos. Que lle diga ao señor Sánchez —porque, dende logo, o Partido Socialista non o vai facer, non o vai molestar por iso— que atenda ao clamor de todas as comunidades autónomas, non só a Galicia. Esas nacionalistas, das que vostedes van de ganchete moitísimas veces, están pedindo o mesmo que Galicia: que se aprobe a convocatoria extraordinaria de prazas



MIR e que se cree a especialidade de Urxencias. Señora Pontón, onte mesmo —ou antonte— pediuno outra vez o conselleiro de Sanidade, falando en nome de todas as comunidades que están pedindo isto. ¿Que fixo o Goberno central? Mirar para outro lado. Se queren ser útiles, axuden nisto; se non, sigan mentindo, terxiversando e non facendo nada útil pola sanidade pública galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, estamos de acordo nunha cousa. Eu creo que é moi importante vir a este Parlamento e falar en serio. E o primeiro que lle exiximos ao presidente da Xunta é que non veña a este Parlamento a mentir. Negar os recortes que fixo o Partido Popular durante trece anos é que, sinceramente... Non o cre nin vostede. Debería de saber canto recortaron na sanidade ao longo destes trece anos.

Pero é que, ademais, non sei como teñen vostedes, de verdade, a desvergonza para vir aquí falar de mentiras, os que ademais quixeron culpar o persoal sanitario das súas decisións e dos seus recortes. E non llelo digo eu, é que llelo están dicindo os propios colexios médicos de Galicia, que lle responderon nun comunicado durísimo: «Os colexios de médicos non cerran PAC, o Consello Galego de Colexios Médicos manifesta o seu rexeitamento ás declaracións vertidas en prensa polo conselleiro de Sanidade nas que nos imputa propostas que non realizamos. Continuar con axendas desbordadas ou manter PAC só con persoal de enfermería supón unha fraude asistencial e un elemento de inseguridade para os nosos pacientes e compañeiros». Nin pediron desculpas nin nos aclararon o que está pasando na sanidade pública. (*Aplausos.*)

E eu o que lle pido, señor Rueda, é que baixe da súa nube propagandística e que poña os pés na terra. Porque ¿sabe cal é o gran logro do Partido Popular? As listas de espera en atención primaria. Hoxe temos miles de galegos e de galegas que teñen que esperar moitos días, até quince días, para poder acudir ao seu médico de cabeceira. Esta é a dura realidade que sofre a sanidade pública e, polo tanto, señor Rueda, menos *fuegos de artificio*, menos atacar o BNG, e máis poñerse a traballar para darlle un futuro a este país e para defender a saúde dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)

Mire, están agora sempre co mantra de que non hai médicos. ¿Saben por que non hai médicos? En primeiro lugar, porque o Partido Popular deliberadamente, ¡deliberadamente!, nin planificou nin se anticipou. ¿Ou acaso vostedes non sabían os profesionais que se ían xubilar na sanidade pública? Claro que o sabían pero non actuaron para ter os profesionais que se necesitaba. E, en segundo lugar, porque vostedes introduciron unha precariedade en atención primaria que fai que os profesionais estean marchando. E, mire, voulle dar dous datos que deixan moi claro que é o que está pasando na sanidade pública deste país. No ano 2021, 105 médicos e médicas pediron o certificado para ir traballar ao estranxeiro. Vostede ¿que pensa, que o pediron para marchar fóra escapando da precariedade ou que o pediron para colgalo nunha parede? Está moi claro por que piden ese certificado.



Pero é que hai máis, falan de que se necesitan máis prazas MIR —e nós apoiamos esa demanda (*Protestas.*) —, pero é que ¿teñen o persoal necesario? (*Protestas.*) ¡Si, si, apoiámola! E non só a apoiamos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), é que lles pedimos neste Parlamento que reclamasen as competencias para poder facer aquí a planificación MIR. (*Aplausos.*) Pero vostedes non a teñen porque, claro, é que, cando hai competencias, hai que dar contas da xestión. (*Aplausos.*)

Pero é máis, é máis, este ano —datos oficiais da Xunta de Galiza—, das 89 persoas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que acabaron o MIR de atención primaria, 39 non queren traballar porque están escapando da precariedade que vostedes imponen na sanidade pública deste país.

E, de verdade, asuman a realidade, porque isto non llelo di o BNG, isto estállelo dicindo o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. E o que teñen que facer non é recorrer a sentenza, o que teñen que facer é cumprir a sentenza e darlles condicións dignas aos profesionais de atención primaria. (*Aplausos.*) Iso é o que ten que facer o goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Rueda, pode vir aquí facer os artificios que queira. Vostedes onte votaron en contra de máis recursos para atención primaria. E eu o que lles pido é que, como son vostedes a soberbia encarnada na política... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: ...e non poden aceptar ningunha proposta do BNG, rectifiquen a súa política sanitaria, porque o Partido Popular está convertido nun problema para a saúde dos galegos e das galegas...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e con iso non se xoga. Plan de rescate da atención primaria, máis profesionais e máis carteira de servizos para a atención primaria.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: É posible pero vostedes non queren porque xa sabemos o que hai detrás: desmantelar o público para beneficiar o privado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, cando eu lle digo que para falar de sanidade e ter un debate serio hai que falar en serio, iso empeza por saber as cousas. Se vostede nin sequera sabe o que vota o BNG, é moi difícil. En Madrid vostedes votaron en conta de ampliar as prazas MIR e de crear a especialidade de Urgencias. ¡É así, señora Pontón! (*Murmurios.*) E se non o sabe, é moi difícil, ¡é moi difícil! (*Aplausos.*)

Votaron en contra o Partido Socialista, o BNG e Bildu, que cada vez se parecen máis os tres, tamén niso. Polo tanto, claro, a partir de aí pódeme dicir que onte votamos en contra de aumentar os orzamentos en sanidade. ¡Pero se llo acabo de dicir, pero se vostedes...! Mire, aquí está a súa emenda, e mil millóns de euros, máis que con vostede. Claro, se lle facemos caso a esa emenda serían 960. Eses 40 millóns de euros que había que sacarlle á sanidade, ¿de onde habería que sacalos, señora Pontón —porque vostede non o di—? Supoño que da primaria, para ese plan —¿como se chama?— para «Toda Galiza», que non sabemos moi ben en que consiste. Pero sacámolos da sanidade pública, da primaria, supoño. Polo tanto, fale en serio. É que, de verdade, terxiversando e non contando unha verdade nin de casualidade da sanidade pública é moi difícil, señora Pontón.

Mire, vostede, si, efectivamente, todos os anos, dende o ano 2018, presenta 200 millóns de euros para un plan de choque na sanidade. Non di ao que ten que ir; dá igual, sempre son 200 millóns de euros. Aumentamos 400 millóns de euros este ano pero é igual, o importante son as súas emendas que non detalla e que despois saca pola porta de atrás con estas cousas. Bueno, non me estraña que non me atenda, pero é que, se non me atende, ao final non vai saber nin as emendas que vostede presenta. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Eu dubido de que desta emenda vostede tivese coñecemento. Sinxelamente, ¿quen lle fai as emendas, señora Pontón? Eu quero ter un debate en serio, pero para ter un debate en serio hai que ter un debate certo. E é moi difícil cando insisten con esas exaxeracións, como a última, con que queremos pechar todos os centros de saúde. ¡Pero se levamos construídos ou feitas grandes reformas en máis de 120 nos últimos anos, con máis de 100 millóns de euros investidos!

Vostede, mire, dicía nunha nota de prensa do BNG —ao que é tan afeccionada, pois saca moitos recortes—: «O PP tómallo o pelo á xente porque os orzamentos do 2023 recollen cero euros para máis persoal sanitario». ¡Cen millóns de euros, señora Pontón! ¡Cen millóns de euros! É que é imposible, sinceramente, por moito que o intente, ter un debate se vostede falsea as cifras e as terxiversa.

Mire, mañá o Consello da Xunta vai acordar iniciar o procedemento de contratación para incorporar 100 profesionais que reforcen a atención nos centros de atención primaria para atender os pacientes que padecen diabetes, hipertensión e obesidade, que se engadirán aos 134 que se incorporan xa nos orzamentos. Polo tanto, ¿que está vostede contando?

Non queda outro remedio que seguir traballando. Fronte ao ruído que vostede quere facer, fronte ás cifras que terxiversa, fronte ás cifras que falsea, imos seguir traballando, señora



Pontón. Mire, entre o 2008 e o 2022 a Xunta aumentou en máis dun 80 % as prazas de formación sanitaria especializada. ¿Sabe cantas prazas de formación de medicina primaria levamos de diferenza con vostedes? ¡O dobre, señora Pontón! Fórmanse o dobre agora. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, xa sei que, cando non lle convén, co Bipartito non ten nada que ver. Tampouco ten nada que ver co señor Rego cando non lle convén, (*Risos.*) (*Aplausos.*) nin sequera sabe o que está facendo.

¿Sabe que levamos catro anos cubrindo o 100 % das prazas de MIR en primaria? ¿Sabe que vostedes non chegaban ao 60 %? ¿Sabe que iso supuxo 157 médicos só en catro anos que vostedes deixaron de formar e que estarían traballando agora? Pero ¡de que me está falando, señora Pontón!

Mire, eu quero falar en serio de sanidade; polo tanto, seguiremos traballando, por exemplo, no tempo medio das primeiras consultas de hospital. Este dato debería interesarlle. Xa sei que non lle interesa porque non é ruído nin terxiversa, pero é bo que o saiba; ou, cando diga que non é verdade, polo menos que saiba que está mentindo —que o sabe perfectamente—. O tempo medio para as primeiras consultas de hospital son cincuenta e cinco días —setenta e nove na media nacional—. Vostede insiste en seguir falando mal da sanidade pública galega, pero vostedes tiñan sesenta e cinco. Queremos mellorar, tiñamos corenta e dous antes da pandemia e iso hai que recuperalo. A espera media para cirurxías de prioridade 1 son dezanove días. ¿Sabe cal é a media nacional? Son corenta días. Vostede siga falando mal da sanidade pública galega. Once mil pacientes de cancro tiveron este ano un primeiro diagnóstico nunha media de seis días por esa vía rápida. Non a teñen noutra comunidade autónoma.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Vostede insista, cada vez que se pon de pé e levanta o micrófono, en falar mal da sanidade pública galega.

Mire hai moitas cousas que mellorar, por suposto, e ímolo seguir facendo. Falaremos con todo o mundo, non teño ningún problema en falar e escoitar e que digan o que sexa. Non é verdade —vostede sabe que rectificaron inmediatamente— o que dixeron na reunión do Colexio de Médicos, porque nin eles nin nós falamos de pechar ningún centro. Os únicos que falan de pechar centros son vostedes, señora Pontón, (*Murmurios.*) son vostedes, ¿que quere lle diga? (*Murmurios.*) E, polo tanto, falaremos cos colexios profesionais, coas organizacións sindicais..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...coas sociedades científicas, cos pacientes... Falaremos con todo o mundo e que a ninguén lle caiba ningunha dúbida de que faremos os esforzos necesarios para que a sanidade pública galega siga sendo de primeiro nivel, esforzos de todo tipo, esforzos con todo o mundo, tamén esforzos orzamentarios. Vostedes sigan votando que non, sigan terxiversando e sigan falando mal dunha das mellores cousas que funcionan en Galicia.



Máis nada e moitas grazas. (*Forte aplauso.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da suba das peaxes da AP-9 e da AP-53

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 44025).

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa débense substituír os puntos 2, 3 e 4, polo seguinte contido:

2. Que analice legalmente a posibilidade de revisar e anular os convenios asinados en 2011 e 2013 coa concesionaria, atendendo ao ditame do Consello Consultivo.

3. Que analice legalmente a posibilidade de revisar e anular as ampliacións da concesión da AP-9, atendendo ao requirimento da CE nese sentido.

4.- Que faga os estudos necesarios e adopte as medidas precisas para conseguir que no prazo máis breve posible se cumpra coa proposición de Lei de transferencia e competencias da AP-9 nos termos en que foi aprobada por unanimidade polo Pleno desta Cámara.)

O señor PRESIDENTE: Para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

O obxectivo principal, inmediato e urxente desta iniciativa é impedir o incremento abusivo das peaxes da AP-9 e da AP-53 que se pretenden establecer a partir do 1 de xaneiro, do próximo 1 de xaneiro —é dicir, dentro de dez días—; un incremento que no caso da AP-9 supera o 9 %, que é o que se pretende establecer, e no caso da AP-53, o 8 por cento. É un incremento que agrava xa a brutal suba de prezos que estamos sufrindo ao longo de todo este ano e que no mes de novembro ademais supuxo un 7,5 por cento máis que a media estatal. E en Galiza é que estamos vendo ademais como mentres baixa o IPC no estado, en Galiza subiu.

Esta suba de prezos da AP-9 e da AP-53 sería un duro golpe para as persoas usuarias con menos recursos, para as pequenas e medianas empresas, para o sector do transporte, para os autónomos, e un novo atraco para miles e miles de galegas e galegos, e, por suposto, un duro golpe para a actividade económica.



E isto ocorre mentres tanto Audasa, a concesionaria, como o Estado fan caixa á conta das galegas e dos galegos. Mentres, literalmente, Audasa e o Estado están forrándose coa AP-9. É dicir, que Galiza perde e Audasa e o Estado gañan. E xa é hora de acabar con esta estafa e con esta aldraxe.

Explico como se forran tanto Audasa como o Estado, porque Audasa ten un auténtico filón co negocio multimillonario das peaxes, que supuxo no ano 2021 un beneficio récord na última década de máis de cincuenta millóns de euros, concretamente 50,7 millóns de euros, e uns ingresos tamén récord de 150,3 millóns de euros, que é o maior ingreso bruto da última década tamén. Polo tanto, Audasa estase literalmente forrando á conta das galegas e dos galegos.

Pero tamén é a AP-9 un negocio multimillonario para o Estado, que se está tamén literalmente forrando con ingresos anuais que superan tamén os cincuenta millóns de euros por dúas vías principais. Unha é o IVE que pagamos do 21 por cento, que pagamos todos os días na AP-9 e na AP-53, que é unha auténtica mina para o financiamento do estado; e outra polo imposto de sociedades, que supuxo no ano 2021 uns 16,7 millóns de euros. Un imposto de sociedades, por certo, que foi rebaixado polo Partido Popular do señor Aznar, que como nos dixeron onte está moi preocupado pola competitividade das empresas. Pero, claro, ao Partido Popular só lle preocupa a competitividade de Audasa, das eléctricas, da banca, dos patrimonios millonarios, aos que lles baixan os impostos, e non lle preocupa curiosamente a competitividade das pequenas e medianas empresas. Esta é a dobre vara de medir que ten o Partido Popular. Polo tanto, estamos vendo como o Estado ingresa tamén á conta do peto dos galegos e das galegas cantidades millonarias todos os anos.

Agora vemos como o Goberno central, concretamente, a ministra de Facenda e tamén o Ministerio de Transportes dixeron recentemente que estaban estudando como resolver esta cuestión; é dicir, como evitar esta suba abusiva das peaxes.

Pois ben, se teñen algunha dúbida, o que queremos dicirlles alto e claro con esta iniciativa que traemos hoxe ao pleno é que non imos consentir un novo sabrazo ás galegas e aos galegos nas peaxes das autoestradas a partir do 1 de xaneiro. *(Aplausos.)* ¡Que lles quede ben clariño! Non imos consentir unha nova aldraxe e unha nova estafa, que suporía que a peaxe entre Ferrol e Tui superase nada máis e nada menos que os vinte e cinco euros a partir do 1 de xaneiro.

Polo tanto, queda pouco tempo, e o Goberno central ten que reaccionar, ten que actuar con valentía, con urxencia, para impedir esta suba, que, ademais, se vén engadir a unha suba xa anterior do 3 por cento no ano 2021.

O obxectivo, en realidade, é que non suban as peaxes, pero o obxectivo é conseguir pola contra... *(Murmurios.)* —Non sei se o señor Balseiro quere xa falar por anticipado ou baixar o volume do megáfono, se lle parece, porque é un pouco molesto—. Dicía que non é obxectivo que suban as peaxes, senón que baixen, que sigan baixando. E se baixaron por primeira vez na historia, temos que lembrar que foi grazas a unha negociación, un acordo impulsado polo BNG, polo único deputado do BNG. *(Aplausos.)* ¡Imaxinen vostedes o que conseguimos cun



deputado e o que sería se tivésemos, por exemplo, cinco! É o que necesita Galiza para facer valer os seus intereses en Madrid: (*Aplausos.*) ter un grupo parlamentario que defenda Galiza como a está defendendo o señor Néstor Rego.

É, polo tanto, moi importante que saiamos deste pleno cun acordo unánime de todos os grupos a respecto desta cuestión e tamén a respecto doutra cuestión complementaria que poñemos na nosa iniciativa, que é que se apliquen os mesmos descontos que xa existen para a AP-9 á AP-53. Porque é unha inxustiza, é unha discriminación que non ten nome que no caso da comarca do Deza, do interior de Galiza, das comunicacións entre Ourense e Santiago, teñan que soportar estas peaxes excesivas e que non teñan as mesmas bonificacións que ten a AP-9. É certo que xa tomamos outras veces este acordo, pero temos que volver insistir e reclamarlo de novo ao Goberno central.

E sendo estas as cuestións centrais, as cuestións urxentes, as cuestións de oportunidade neste momento e neste contexto, non queremos esquecer tampouco outras grandes reivindicacións, que son tamén absolutamente fundamentais e que queremos tamén que se acorden neste pleno.

A primeira é a revisión e a anulación dos convenios asinados polo Goberno central e Audasa no ano 2011 e 2013 para a ampliación da ponte de Rande, tamén a ampliación da capacidade en Santiago de Compostela, que supuxeron unha compensación do 1 por cento durante vinte anos, que o Consello da Competencia, nun informe do ano 2021, considerou excesiva, e tamén que o Consello Consultivo considerou que era ilegal e nula. ¿Que máis queremos, polo tanto, se estas dúas institucións consultivas nos dixeron que son ilegais e nulos eses convenios? Temos que exixirlle con toda a contundencia ao Goberno central que os declare ilegais e nulos e, polo tanto, que non teñan eficacia e, polo tanto, que non se poidan aplicar esas subas durante vinte anos das peaxes.

Ademais, pedimos que se revisen e anulen as prórrogas da concesión. Porque non é que o digamos nós, é que o dixo a Comisión Europea, que emprazou o Goberno español para que analizase a ilegalidade manifesta dese procedemento que vulnera a normativa de contratación da Unión Europea, tanto da prórroga do ano 1994, por dez anos, como da prórroga do ano 2000, por vinte e cinco anos, aprobada polo señor Aznar, que fai que a partir do ano 2023, do próximo ano, aínda nos queden vinte e cinco anos por pagar as peaxes, o que nos levaría a setenta e cinco anos da concesión, que é unha duración que só teñen tres autoestradas en todo o estado, curiosamente que dúas son galegas.

Polo tanto, temos o aval da Comisión Europea e temos tamén o aval da Comisión Galega da Competencia, que no seu informe do ano 2021 tamén chegou á conclusión de que non se seguiu o procedemento marcado pola normativa de contratación europea e estatal. Polo tanto, ¿que máis queremos?, ¿que máis estudos queremos se temos claramente eses dous avais que cuestionan a legalidade destas prórrogas? Non hai para nós ningunha dúbida e témoslle que mandar tamén unha mensaxe clara ao Goberno central neste sentido.

E tamén queremos unha AP-9 galega e libre de peaxes, porque eu son de letras, como Christine Lagarde e como Noa Presas, que son dúas deputadas expertas en materia económica,



pero sei sumar e sei multiplicar. E o que di o acordo asinado para a compensación das peaxes é que se lle van pagar a Audasa 2.300 millóns de euros de aquí a 2048. E eu fixen as miñas contas, non sei tanto como Christine Lagarde e como Noa Presas, pero dáme a impresión de que acabar con esa concesión podería saír máis barato. En todo caso, hai que facer os estudos pertinentes.

Polo tanto, remato cunha mensaxe clara, firme e unitaria que queremos que sexa tamén a deste parlamento, unha mensaxe en defensa dos intereses de Galiza, da maioría das galegas e galegos, das empresas, sobre todo das pequenas e medianas empresas, das persoas autónomas e das persoas usuarias da AP-9 e da AP-53. Desde logo, estou convencido de que non van aceptar outra cousa que un acordo unánime deste parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días.

A iniciativa do señor Bará é verdade que se compón de varios puntos. Fala de impedir esa suba das peaxes na AP-9 e na AP-53, fala tamén dese traspaso da AP-9 cara a Galicia e fala tamén de revisar e anular acordos e concesións relativas á AP-9. Pero o señor Bará dicía que o obxectivo principal, inmediato e urxente desta iniciativa era que se paralizase esa suba abusiva das peaxes que está prevista que entre en funcionamento a principios de 2023, e aí nós non podemos estar máis que de acordo con vostede.

E así o fixo o PSdeG no momento en que coñeciamos esa suba, esa posibilidade de que suban as peaxes desa forma tan abusiva, que tería un impacto tan negativo na situación socioeconómica das familias galegas e tamén das propias empresas que utilizan esa infraestrutura. Nós manifestamos o noso rexeitamento publicamente, o do PSdeG, de que se leve a cabo esa suba abusiva das peaxes tanto na AP-9 como na AP-53.

Comprometémonos tamén dende o propio PSdeG a traballar dentro das nosas posibilidades para impedir esa suba das peaxes. Tamén lle pedimos ao Goberno galego que faga as negociacións e os trámites precisos con Audasa e tamén co propio Goberno central para que non se leven adiante estas subas abusivas nas que estamos totalmente en contra dende o PSdeG.

Pero é certo que nós xa falamos e puxemos —por dicilo vulgarmente— o grito no ceo ante a posible suba desas peaxes na AP-53 e na AP-9. É certo que o propio ministerio está a traballar para impedir esta suba. Son públicas as declaracións do Goberno central neste senso, e cren que non se vai levar adiante esta suba. Están a analizar todas as posibilidades para evitar esta suba das peaxes, porque as decisións que se adopten tampouco poden carrexar unha mochila para os galegos e as galegas para o futuro. Polo tanto, dende o Goberno central



estanse a analizar todas as posibilidades para impedir esta suba e —repito— que nós tamén consideramos abusiva, que sería un golpe moi duro para a economía familiar dos galegos e das galegas e tamén das empresas. E creo que aí todos, dentro das nosas responsabilidades, dende logo o Goberno galego máis, temos que traballar tamén para reverter esa posibilidade de que Audasa cobre esas peaxes tan abusivas no ano 2023. E nese senso —repito— é no que está a traballar o Goberno central.

Creo que o compromiso do PSdeG e tamén do propio Partido Socialista con esta infraestrutura, con estas reivindicacións históricas que levamos en moito tempo pedindo dende Galicia, como eran esas bonificacións das peaxes na AP-9, está máis que demostrado. E, señor Bará, vostede di que esas bonificacións das peaxes se levaron adiante grazas ao Bloque Nacionalista Galego. Eu lévolle dito en moitas ocasións que é verdade que o Bloque Nacionalista Galego levaba moi ben centrado este tema, pero fallaron no último momento. Porque estas bonificacións das peaxes leváronse adiante, ¿por que? Nos orzamentos xerais do Estado do ano 2021. Sen eses orzamentos que vostedes non apoiaron era imposible levar adiante estas bonificacións. *(Aplausos.)*

Porque estas bonificacións das peaxes que levou adiante o Goberno presidido por Pedro Sánchez ante unha reivindicación, que levaba aquí tamén o PSdeG moitos anos pedindo esa bonificación das peaxes, foron unha realidade grazas a eses orzamentos xerais do Estado, que —repito— vostedes non apoiaron.

E non foi mediante incrementos adicionais nin de tarifas nin de período de concesións como estabamos acostumados, que lle alongou a concesión á concesionaria a cambio de... Non, estas bonificacións non tiveron ese cargo para os galegos e para as galegas. E aí están esas bonificacións coa gratuidade, en todos os traxectos de volta nun prazo de vinte e catro horas, a bonificación do 50 por cento no percorrido de ida, a gratuidade dende o acceso a Redondela, a rebaixa do 20 por cento naqueles usuarios que realicen máis de vinte viaxes nun mes. Polo tanto, o compromiso do PSdeG e tamén do Partido Socialista con esas bonificacións da peaxe pois estivo máis que comprobado.

Cando se fala de incremento dos prezos das peaxes, hai algún partido político que tivo máis responsabilidades que outros nesta suba de peaxes. Agora, a Xunta de Galicia urxe do Goberno central que impida esa subida de peaxes na AP-9. Pero cando esta infraestrutura foi privatizada, aló polo ano 2003, non estaba na presidencia do goberno o señor Sánchez, todos sabemos quen estaba, ¿non?, pois foi privatizada no ano 2003 polo Goberno de Aznar. Por certo, Feijóo xa tiña responsabilidades en Galicia.

¿Que dicía o PP daquela no ano 2003 cando foi privatizada esta infraestrutura? Este dicía que formaba parte dun proceso de liberalización que beneficiaría a competencia e reduciría os prezos. *(Aplausos.)* Iso dicía o Partido Popular no ano 2003 para vender as melloras de privatizar esta infraestrutura. Polo tanto, ás veces hai que ser un pouco coherentes, porque agora sae a Xunta de Galicia, todo o Partido Popular en tropel a pedirlle ao Goberno central que impida esa suba das peaxes, que nós coincidimos en que hai que articular todas as medidas para que esa suba non se leve a cabo polo grande impacto —como dixen— que tería na economía nas familias, pero, claro, ás veces é bo tamén recordar de onde veñen estas



consecuencias que estamos a vivir no día de hoxe. Iso, cando foi privatiza no ano 2003 dicíase que se ían reducir os prezos, e vemos que foi todo o contrario.

Pero tamén no ano 2012, sendo ministra Ana Pastor, referendouse e ampliouse o convenio coa concesionaria para subirlles o IVE ás autoestradas, retirarlles a bonificación do 7 por cento, o que comprometeu a suba das peaxes que hoxe padecemos. Polo tanto, non todos temos a mesma responsabilidade nesta materia. *(Aplausos.)*

E hoxe imaxínome que o Partido Popular pedirá tamén o que pide o Bloque Nacionalista Galego, de levar adiante todas as medidas necesarias para impedir esa suba das peaxes. Pero é que esta suba das peaxes non é a primeira vez que acontece. Porque quero recordarlle que a finais do ano 2017 tamén coñeciamos que ao longo do ano 2018 as peaxes na AP-9 ían subir. E a esta cámara tróuxose unha iniciativa, non do meu grupo, senón dun grupo que, por certo, agora non está nesta cámara, pero pedía exactamente o que está a pedir tamén agora o BNG para o 2023. O PP votou en contra de pedirlle ao goberno que se deixase sen efecto o acordo de Audasa de subir as peaxes na AP-9 no ano 2018. E o Partido Socialista votou a favor desa iniciativa. Nós xa daquela estabamos en contra de que subisen as peaxes. Pero, claro, naquela suba de peaxes que se ía levar baixo un mandato en Madrid dun goberno do Partido Popular vostedes non lles podían pedir nada ao señor Mariano Rajoy, nada. Aquí calaban e aquí estaban de acordo. Incluso case coa súa actitude chegaban a xustificar esa suba das peaxes que se produciu no ano 2018. Polo tanto, hai que ser un pouquiño coherentes. Nós pediamos que se baixasen e que non se levase a cabo aquela suba no ano 2018; agora que hai un goberno presidido por un presidente socialista en Madrid tamén lle pedimos que faga todo o posible para que non se leve adiante esta suba das peaxes. Pero o Partido Popular daquela no 2018 estaba xustificando e estaba de acordo con esa suba das peaxes.

Nós presentamos unha emenda tamén para que nun dos puntos, no que fala do traspaso da titularidade da AP-9, que levamos xa votado en numerosas ocasións nesta cámara, ata en tres ocasións esa proposición de lei para tramitar no Congreso dos Deputados ese traspaso da titularidade e das competencias. Nós pedímoslle coa nosa emenda ao Goberno central que axilice todos os trámites para que no prazo máis breve posible se cumpra o acordo parlamentario acadado por unanimidade ata en tres ocasións nesta cámara.

Agora virá o Partido Popular de que somos nós os que estamos a bloquear esta transferencia. Eu quero recordarlles —xa me adianto— que foron vostedes, o Partido Popular, ata en dúas ou tres ocasións os que bloquearon na Mesa do Congreso dos Deputados, presidida por unha galega, o debate en toma en consideración desta proposición de lei.

Polo tanto, agora, claro, tamén dende a Xunta imos defender a transferencia da AP-9, pero mantiveron un discurso moi hipócrita durante moito tempo, e nomeadamente cando estaba de presidente da Xunta de Galicia o señor Núñez Feijóo. Aquí votaban a favor desa transferencia da AP-9, a favor desa proposición de lei que tiña que ser tramitada no Congreso dos Deputados, e despois alí bloqueaban utilizando todos os medios ao seu alcance —algo que nos teñen bastante acostumbrados— para bloquear ese debate da toma en consideración.



Nós claro que estamos de acordo en que non se suban esas peaxes na AP-9 e tamén na AP-53. E tamén estamos de acordo —e así xa se ten votado en máis ocasións nesta cámara— en que se apliquen esas bonificacións similares ás que se están aplicando na AP-9 á AP-53. Estamos de acordo en que é necesario que ese traspaso da titularidade da AP-9 a Galicia sexa unha realidade.

Dende o PSdG seguiremolo pedindo governe quen governe en Madrid. Para nós é irrenunciable que a titularidade da AP-9 estea aquí en Galicia. Polo tanto,...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—remato— nós presentamos esas emendas, que o señor Bará xa falaba de que había unha resolución definitiva da Comisión Europea polo tema. Entón, nós o que pedimos, e estamos de acordo, é que se analicen legalmente as posibilidades de poder revertir eses acordos, porque sabemos que todo cando se reverte e cando se anula pois ten unha serie de consecuencias. O que non queremos é que esas consecuencias as paguen os petos dos galegos e das galegas.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, no Grupo Popular consideramos que o Goberno de Pedro Sánchez aínda está a tempo de evitar que os galegos teñamos que asumir o día 1 de xaneiro unha suba histórica das peaxes da AP-9 e da AP-53. Polo tanto, o Goberno de España debe demostrar que ten a vontade política para conxelar as peaxes. Non facelo suporía, por exemplo, que o traxecto entre A Coruña e Vigo se dispararía por riba de dezanove euros.

A Xunta de Galicia xa instou o Goberno central a tomar medidas que reduzan este impacto, e fíxoo despois de predicar co exemplo. Polo tanto, non estamos a pedir nada imposible. De feito, o Goberno de España tan só debe seguir o exemplo marcado polo Goberno galego. Pedímoslle a Sánchez que adopte medidas similares ás que xa acadou a Xunta de Galicia nas dúas autoestradas, a AG-55 e a AG-57, de titularidade autonómica. Pedímoslle a Sánchez que siga o exemplo do Goberno de Alfonso Rueda, que decidiu a conxelación das peaxes para evitar unha suba moi negativa para as economías familiares e moi negativa tamén para sectores estratéxicos como é o sector do transporte.

Non hai escusa que valla, señorías, pois conxelar as peaxes nas autoestradas estatais é factible, tamén desde o punto de vista económico. Cartos non lle van faltar. De feito, o Goberno central non está a gastar toda a partida consignada nos orzamentos do ano 2022 para aplicar bonificacións na AP-9, polo que dispón de fondos máis que suficientes para a conxelación desas peaxes.



Señorías, ata tal punto estamos comprometidos con esta petición que foi este grupo parlamentario, o Grupo Popular, quen promoveu unha iniciativa no Congreso dos Deputados, que é a Cámara competente, debatida o pasado día 14 de decembro e que foi aprobada, polo que constitúe *de facto* un mandato expreso do poder lexislativo ao Goberno de Pedro Sánchez, que ten na súa man cumprir con Galicia. Iso si, todo hai que dicilo, señores do Bloque Nacionalista Galego, pois creo que ten un dato mal, señor Bará: o mesmo Bloque Nacionalista Galego —queden ben con esta copla— que trae esta iniciativa ao Parlamento de Galicia, cando toca debatela en Madrid, o superdeputado no congreso nin sequera se digna asistir a ese debate. Quizais é que lles molesta aos do Bloque Nacionalista Galego votar a favor dunha iniciativa impulsada polo Grupo Popular.

Pero peor comportamento, señora Otero— moi ben as súas palabras, pero hai que predicar con feitos—, ten aínda o Partido Socialista nesta mesma Comisión de transportes celebrada o pasado día 14. Paréceme moi ben que vostedes queiran rebaixar as peaxes, pero nesta comisión o Partido Socialista abstívose, non votou a favor, abstívose. O que pon de manifesto o pouco que lles interesa aos socialistas atender as necesidades e as demandas dos galegos.

Estamos de acordo, polo tanto, no obxectivo fundamental da iniciativa que hoxe se debate: a conxelación das peaxes. Apoiaremos esta petición se o autor da iniciativa nolo permite.

E preguntámonos: ¿a que Partido Socialista lle temos que facer caso?, ¿ao que vota a favor aquí en Santiago de Compostela ou ao que bloquea en Madrid?, ¿a cal dos dous lle temos que facer caso?

Hai só un punto desta iniciativa co que discrepamos. Vostedes piden que se revisen e anulen as ampliacións da concesión da AP-9, atendendo ao requirimento da Comisión Europea neste sentido. Nós non temos problema en facer esa revisión, pero teriamos que esperar a ter un pronunciamento definitivo. Sabemos que o Goberno de España presentou alegacións en contra dese requirimento da Unión Europea. Descoñecemos o seu contido, porque o ministerio agocha o contido desas alegacións á Xunta, a pesar de terllo pedido. E, polo tanto, como mínimo, teriamos que agardar a que a resolución da Comisión Europea sexa definitiva para tomar a decisión que corresponda. Con esa matización, señor Bará, que poderíamos incorporar como emenda *in voce*, non habería ningún problema para votar a favor deste punto.

A autoestrada AP-9 é a vía de comunicación máis importante de Galicia, xa que vertebra o territorio onde reside o 60 por cento da poboación e percorre na súa integridade o noso territorio. Todo o que acontece na AP-9 ten influencia en miles de cidadáns, en miles de familias e en miles de empresas. Polo tanto, non nos atoparán vostedes en debates estériles e reproches pasados; non nos van atopar ao Grupo Popular. É tempo de mirar cara a adiante, señoría, e digamos alto e claro que queremos un cambio. Queremos un cambio de xestión nesa autoestrada, (*Aplausos.*) para facelo con responsabilidade, con coñecemento do territorio e tamén con sensibilidade social.

É tempo de lembrar que a AP-9 é patrimonio dos galegos, non é patrimonio dunha concesionaria. É patrimonio dos galegos, non de ningunha concesionaria, aínda que lles pese a vostedes ter que recoñecelo.



A Xunta pode xestionar a AP-9 de maneira máis eficiente que o está a facer o ministerio. A Xunta coñece o territorio e está máis próxima ás necesidades dos usuarios. Fagan o posible por evitar o que sería, esta si, a verdadeira «navallada a Galicia», que lles soa aos do BNG. Fagan o posible por evitar que o Goberno de Pedro Sánchez encareza aínda máis as que xa son as autoestradas máis caras de España.

Pero que esteamos de acordo, señor Bará, neste obxectivo non nos impedirá facer unha mención a unha serie de realidades. Verdades incómodas para o Bloque Nacionalista Galego, que o señor Bará pretendeu agochar na súa intervención e non quixo explicar.

Verdades incómodas son, por exemplo, que hoxe os galegos soportamos as autoestradas estatais máis caras do conxunto de España. A verdade incómoda que non quere o Bloque Nacionalista Galego que expliquemos é que isto acontece deste xeito porque o nacionalismo galego o permite. O BNG asinou un pacto de investidura co Partido Socialista. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —Teña coidado que... Acórdese de Alcoa, jeh! Non vaia ser que meta vostede outra vez a pata e teña que corríxila. — O famoso Pacto de Ana e Adriana, unha carta aos Reis Magos na que prometían dar solución a esta situación. E, hoxe, ¿sabe que é iso? Puro papel mollado. ¿E sabe que é iso por parte do Bloque Nacionalista Galego e por parte do Partido Socialista? Unha farsa; se non fose, teríámolo que estar debatendo neste momento aquí.

Os nacionalistas e os socialistas non só non cumpren o que prometeron, senón que estas autoestradas estatais seguirán encarecéndose. É dicir, o Bloque Nacionalista Galego segue a ser unha marioneta do Partido Socialista. (*Aplausos.*) E cando se trata de elixir entre o Partido Socialista ou Galicia, o Bloque Nacionalista Galego sempre elixe a Pedro Sánchez. Esta é a realidade. Vostedes sitúan os pactos co socialismo incluso por encima dos intereses de Galicia, o que miran son os intereses de vostedes, non os intereses dos galegos.

E a verdade incómoda do nacionalismo galego é que co voto decisivo do Bloque Nacionalista Galego, Galicia converteuse no territorio con máis quilómetros de autoestradas de pago. E mentres outros socios de Sánchez, independentistas e socialistas doutros territorios, conseguían que se levantasen as barreiras e as cabinas de cobro en máis de quíntos quilómetros, chámese Cataluña ou chámase Aragón, para pasar a ser o cen por cento gratuítas, en Galicia temos que soportar a un Bloque Nacionalista Galego conformista e incapaz de votar en contra dos orzamentos do estado, como moito abstémonos, non votamos en contra.

Polo tanto, esta iniciativa é un trampantoxo, un intento de lavar a mala conciencia do nacionalismo galego. Unha iniciativa coa que pretenden escapar dunha verdade incómoda e dunha verdade evidente, que é a complicidade, é o silencio e é a falta de presión do Bloque Nacionalista Galego, que está a facer que o Partido Socialista converta as autoestradas galegas de titularidade estatal nas máis caras de España. (*Aplausos.*) A verdadeira navallada a Galicia dos nacionalistas e socialistas é a suba das peaxes e o mantemento duns prezos desproporcionados. Non pode chegar en peor momento para os transportistas e para as familias vulnerables.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor BALSEIRO OROL: —Termino, señor presidente—.

¿O bipartito saben o que quere facer? Pois o bipartito do Goberno central quere facer das autoestradas unha infraestrutura de luxo que só poidan permitirse usala uns poucos nada máis. E aínda pretende máis, que non o dixeron vostedes. Nesa velocidade recadatoria tan propia da esquerda esperan a despois das eleccións para facer tamén de pago as autovías estatais que temos en Galicia.

E van consumir tamén vostedes a desaparición do desconto das gasolinas, que grazas ao Partido Socialista deixará de ser universal. E todo iso porque non queren intervir como lles pediamos no Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...nos impostos aos carburantes, que representaban máis da metade do prezo das gasolinas.

Señorías —termino, señor presidente—, señores do Partido Socialista,...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor BALSEIRO OROL: ...quen ten a responsabilidade de gobernar en Madrid son vostedes. Ademais, vostedes no seu momento non entraron polas urnas,...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...vostedes no seu momento entraron cunha moción de censura. ¡Gobernen! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio.

Imos saudar agora... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio, por favor! Silencio. Silencio, por favor. Foi unha interpretación que todos entendemos. (*Murmurios.*) Todos entendemos máis ou menos o que quería dicir. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Imos saudar... Por favor, por favor. Saudamos os alumnos de cuarto da ESO do Instituto Manuel García Barros, da Estrada. Benvidos ao parlamento. E aos seus profesores tamén.

E agora continuamos co debate. Ten a palabra o grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas.



Benvidas e benvidos ao alumnado do colexio García Barros, da Estrada.

Señor Balseiro, vostede non defrauda. Para non querer mirar atrás tivo vostede un ataque de torticolis dialéctica hoxe aquí falando do pasado. En fin, aplíquese o conto.

Miren: o tema da rebaixa das peaxes, póñanse como se poñan dun lado ou doutro, foi un logro do BNG, foi un logro histórico do BNG, que o recoñece o mesmo Goberno central e todos os medios de comunicación. Ademais, titularon en xullo do ano 2021: «O acordo do BNG de investidura nótase na rebaixa das peaxes». É dicir, é algo incuestionable, foi un logro histórico do BNG, e deberían ter a valentía de recoñecelo. Vostedes non o van recoñecer. ¿Pero saben quen o recoñece? Recoñéceno os miles e miles de galegos que o notan cada vez que na viaxe de volta lles sae gratis a peaxe da AP-9. (*Aplausos.*) Nótano todos os días.

E fala vostede do deputado do BNG, que só temos un, pero non ten o don da ubicuidade. Isto o que demostra é que necesitamos un grupo parlamentario propio para poder estar ao mesmo tempo en varias comisións como había ese día. Porque ¿sabe onde estaba o deputado Néstor Rego ese día? Estaba no debate das emendas da Comisión de Pesca conseguindo, por exemplo, que os mariñeiros poidan votar nas eleccións ou conseguindo que teñan convenios laborais xustos, (*Aplausos.*) defendendo os dereitos dos nosos mariñeiros e das nosas mariñeiras. Aí estaba o BNG, ese é o papel do BNG.

¿E sabe cal foi o papel do Partido Popular? O señor Rueda mandou unha carta. (*Risos.*) Un grande esforzo que lle hai que recoñecer os méritos do esforzo que supón mandar unha carta. Dominio do xénero epistolar.

¿E que fixo o senador por designación autonómica? ¿Que fixo o que acordamos aquí, acordaron vostedes nomear como senador por designación autonómica, o señor Feixóo, que lle fixo unha pregunta o pasado 12 de decembro á ministra de Facenda? ¿Acordouse de falar dalgún tema de Galiza? Non. ¿Acordouse de falar da AP-9? Non. (*Aplausos.*) Isto é o que lles interesa a vostedes Galiza cando están no congreso ou no senado, nada, nada, só moeda de cambio. Iso é o que lles interesa a vostedes Galiza. O BNG, desde logo, vai estar sempre alí onde estea defendendo os intereses de Galiza. E iso sábeno perfectamente todos os galegos e as galegas, teñamos un ou teñamos cen, porque ás veces un traballa por cen.

Di vostede que grazas ao BNG Galiza ten máis quilómetros de peaxe que ningunha outra comunidade. ¿Pero como se atreve a dicir tal falcatruada e tal barbaridade? ¿Sabe por que temos máis quilómetros de peaxe que ningunha outra comunidade do estado? Porque vostedes lle concederon vinte e cinco anos de prórroga á concesionaria no ano 2000, (*Aplausos.*) e por iso imos seguir pagando, se non se remedia, ata o ano 2048, que si que hai que remedialo. Porque se non fixera iso o señor Aznar no ano 2000, a partir do próximo 18 de agosto de 2023 a autoestrada sería gratis. E vostedes, que defenden a competitividade das empresas, regaláronlle vinte e cinco anos máis de prórroga. Esa é a súa responsabilidade e teñen que dar contas e explicacións por iso. (*Aplausos.*)

¿E a quen lle regaláron vos vint e cinco anos de prórroga?, ¿sabe a quen? Non a pequenas e medianas empresas galegas, que teñen que pagar a *tocateja*; non aos transportistas,



non ás galegas e galegos. Regaláronllo a un fondo de inversión que se chama APG, que é o maior fondo de inversións e de pensións dos Países Baixos; regaláronllo a un fondo que ten un ilustrativo nome de «Corsario», norteamericano, un fondo voitre; e regaláronllo a Globalvia, que é outro fondo de inversións internacional, que teñen as súas sedes en paraísos fiscais. A eses regaláronlles vostedes vinte e cinco anos máis de concesión, que temos que pagar os galegos e as galegas, para que teñan beneficios de aquí a 2048 de 1.500 millóns de euros. Iso é a responsabilidade do Partido Popular, (*Aplausos.*) exclusivamente do Partido Popular.

Efectivamente, hai marxe con eses 55 millóns das compensacións, incluso cunha rebaixa do IVE se fai falta, para evitar esa subida das peaxes tanto na AP-9 como na AP-53. Pero a nós non nos parece suficiente iso, consideramos que hai que aplicar as bonificacións tamén á AP-53, a estrada entre Santiago e Dozón, porque non hai dereito a esa discriminación.

E ademais pensamos que se deben anular os convenios, que se deben anular as prórrogas e que temos que conseguir dunha vez por todas unha AP-9 galega e libre de peaxes. Ese é o noso obxectivo e non imos ceder un milímetro na súa reivindicación.

E remato facendo referencia ás emendas. Non podemos admitir e apoiar a emenda *in voce* do Partido Popular, porque vostedes son máis papistas que o papa. Vostedes din: «Estudar a posibilidade de revisar as ampliacións da concesión da AP-9, unha vez que exista unha resolución definitiva da Comisión Europea nese sentido». É que vostedes nin sequera lle fan caso á Comisión Galega da Competencia, que está dicindo que é ilegal facer esas prórrogas. ¿Que pasa? Que vostedes teñen que ser coherentes e defender o que aprobou o Partido Popular do señor Aznar no ano 2000. E por iso están erre que erre defendendo esa prórroga e non queren que se anule. ¿Como imos esperar a que determine? O que lle hai que dicir ao Goberno central é que non porfíe, que acepte o que lle está dicindo a Comisión Europea e que faga os informes pertinentes para que se anule esa prórroga. Pero non que espere a que cos argumentos en contra do Goberno central —vostedes están apoiando esa postura implícitamente—, a Comisión Europea dentro de dous ou tres anos decida non sei que. E estamos convencidos de que vai anular esas prórrogas.

Entón, para buscar unha solución de mínimo consenso e aproximación imos aceptar o punto número 3 da emenda do Partido Socialista, que substitúe o punto número 3 do BNG na redacción deste punto precisamente, que espero que lle valla tamén ao Partido Popular e que sexa con esta redacción:

«Que o Goberno central analice legalmente a posibilidade de revisar e anular as ampliacións da concesión da AP-9, atendendo ao requirimento da Comisión Europea neste sentido».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: Penso que é unha redacción suficientemente ecuánime e aceptable por todos os grupos. E no demais mantemos a proposta de máximos do BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en materia da planificación de Red Eléctrica de España

O señor PRESIDENTE: Proposición non de lei Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Marta Nóvoa Iglesias.

Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Dende o Grupo Parlamentario Popular tamén queremos saudar os estudantes da Estrada que hoxe nos acompañan.

Este grupo parlamentario trae hoxe ao Pleno deste Parlamento unha iniciativa de máxima relevancia e clave para o desenvolvemento e a supervivencia da industria da nosa comunidade. Trátase de falar sobre a planificación da rede eléctrica que afecta Galicia. E, señorías, nun contexto de transformación industrial no que estamos inmersos, é fundamental a importancia dunha rede eléctrica axeitada e que permita, en primeiro lugar, avanzar cara a un sistema eléctrico baseado en enerxía renovable, que, como saberán todos vostedes, é clave para abaratar a factura da electricidade, e, en segundo lugar, garantir unha subministración de enerxía segura, continua e de alta calidade para todos os consumidores tanto domésticos como industriais.

Señorías, a planificación da rede eléctrica de transporte 2021-2026 foi aprobada polo Consello de Ministros o pasado 22 de marzo deste mesmo ano, despois dun proceso de tramitación iniciado no ano 2019. Nesta planificación Galicia saíu moi penalizada respecto dos plans anteriores, ao asignárselle tan só 68 millóns de euros —é dicir, un 1,1 por cento— do investimento total, que alcanza os 6.964 millóns de euros, cando no período anterior, o 2015-2020, o investimento para a comunidade galega ascendeu a 308 millóns de euros; e que naquel momento supoñía un 6,7 por cento do investimento total da planificación eléctrica nacional.

E é que, señorías, a planificación eléctrica e o desenvolvemento do sector eólico son dous temas que nos preocupan, porque están estreitamente vinculados coa viabilidade e a competitividade da nosa industria; moi especialmente co feito de que empresas senlleiras como Alcoa ou Stellantis sigan tendo futuro en San Cibrao e en Vigo e con que os proxectos de implantación en Galicia como Altri, en Palas de Rei, Showa Denko, na Coruña, ou Century e a planta de hidróxeno de Reganosa e EDP nas Pontes se convertan nunha realidade.



Necesitamos, polo tanto, que estas e outras industrias da nosa comunidade poidan ver satisfeitas as súas necesidades enerxéticas con acceso á enerxía renovable e con mellores infraestruturas de conexión á rede eléctrica. Isto, señorías, é o que lles permitirá abaratar a súa factura enerxética, pois non nos podemos esquecer de que dende a chegada ao Goberno de Pedro Sánchez se duplicou o prezo medio no mercado diario, pasando de 58,46 euros a 127,21 euros o megavatio/hora.

A realidade, señorías, é que estamos ante a peor crise enerxética dende os anos setenta. O prezo da electricidade en España asfixia a familias, empresas e industrias, amosando o fracaso da «excepción ibérica» improvisada polo Goberno ante a falta de coherencia na súa política enerxética, que permite, señorías, que lle subvencionemos a Francia a luz a un ritmo de 200 millóns de euros ao mes e que o paguemos todos os consumidores na nosa factura. Señorías, despois de seis meses da fabulosa medida, levamos subvencionando un total de 1.300 millóns de euros a Portugal, Francia, Marruecos e Andorra. Normal, señorías, que todos estes países queiran que este tope continúe. ¡Lamentable!

Un dos obxectivos dese tope do gas —tamén, señorías do Partido Socialista— era reducir o consumo do gas, e resulta que dende que se implantou esta medida, esta fabulosa excepción, o incremento do consumo de gas en España para a electricidade é dun 80 por cento. Polo tanto, é necesario que se atendan as demandas de Galicia para modificar a planificación da rede eléctrica actual e que xa foron transmitidas polo presidente Rueda o pasado 29 de novembro á vicepresidenta Ribera, tal e como acordaran na última reunión que mantiveron. Lamentablemente, señorías, esta mañá o presidente Rueda transmitía nesta Cámara que a contestación da señora Ribera era outra vez, de novo, dar largas a Galicia e que «xa falaremos de modificar a planificación a partir do ano 2024». ¡Lamentable, señorías!

Esta proposta que hoxe traemos aquí permitiría unha maior infraestrutura para absorber a xeración renovable, garantiría unha maior capacidade do sistema para facer fronte ás demandas enerxéticas da industria con mellores índices de calidade e facilitaría aos promotores un acceso á rede nos nós máis próximos aos seus proxectos, reducindo así a escisión das liñas de evacuación, que xeran sempre unha maior afección no territorio. Entendemos que a prioridade que desde Galicia debe compartir o Goberno central na actual planificación eléctrica é garantir a viabilidade e competitividade de proxectos industriais clave para a economía galega. Estamos falando da industria manufactureira estratéxica, como é o caso de Altri, Showa Denko, Stellantis, Century, Armonía Verde ou a biofábrica de Ence, pero tamén da industria enerxética, clave para acadar unha transición xusta a través da implantación de nova potencia eólica e hidráulica e plantas de hidróxeno verde.

Por iso, con esta iniciativa, solicitamos do Goberno de España, en primeiro lugar, a construción dunha nova subestación eléctrica, unha liña de conexión e unha entrada e saída á liña de 220 quilovoltios existente entre Mesón do Vento e Belesar, para atender nas condicións óptimas as necesidades de subministración da fábrica de fibras téxtiles sostibles de Altri, en Palas de Rei.

Señorías do Partido Socialista, xa é hora de que decidan se van ou non apoiar o proxecto de Altri para Galicia, un proxecto de 800 millóns de euros de investimento que resulta estra-



téxico para Palas de Rei, para Lugo, para Galicia e para todo o sector forestal; un proxecto que ten financiamento europeo. E enterámonos esta semana de que para ter financiamento europeo vai ter que presentarse a dezasete convocatorias, cando, señorías do Partido Socialista, saben vostedes que os fondos europeos Next Generation son, precisamente, para este tipo de proxectos, para proxectos tractores que supoñan a transformación industrial e que pechen un ciclo produtivo, como é o caso de Altri. Dende o Partido Popular reprobamos esta actitude dun Ministerio de Industria que só adxudica proxectos para os seus e para os seus socios.

En segundo lugar, solicitamos ampliar a capacidade da subestación existente nos nós de Sabón e Meirama para dar viabilidade aos proxectos industriais existentes na área da Coruña, como son a nova fábrica de ánodos de grafito para baterías de Showa Denko ou a planta de amoníaco verde de Armonía, entre outras iniciativas anunciadas por diversos promotores. Solicitamos tamén determinar o destino de 2.400 megavatios de capacidade dispoñible no nó existente das Pontes para ver a compatibilidade do proceso de desmantelamento parcial da central térmica cos proxectos industriais enerxéticos que se queren desenvolver na zona, como a fábrica de hidróxeno verde de EDP e Reganosa, a biofábrica de Ence ou a central hidroeléctrica reversible promovida por Magtel.

Señorías, resulta sorprendente que, despois de sufrir o peche anticipado das térmicas en Galicia, que tiveron que pospor por non ter garantida a seguridade de subministración, estea en cuestión que Galicia poida ou non dispoñer da capacidade do nó das Pontes; é dicir, dispoñer 2.400 megavatios, que teñan que saír a subasta e que posiblemente non se adxudiquen a Galicia. E os socialistas galegos, calados.

Señorías, solicitamos, en cuarto lugar, a inclusión da nova subestación de 220 quilovoltios para a zona industrial de Vigo para garantir unha subministración eléctrica de calidade tanto á fábrica de Stellantis, en Balaídos, como a toda a área industrial da localidade. Estamos ante unha demanda histórica de dotar a Vigo dunha subestación de 220 quilovoltios que garanta a subministración da factoría de Balaídos e de toda a zona industrial. É unha infraestrutura de vital importancia para o futuro de Stellantis, en Vigo, e non hai argumento que sosteña a negativa de implantar unha nova subestación. Todos, menos os socialistas, vemos o risco de deslocalización da maior fábrica de vehículos de España, e todo por culpa da negativa do Goberno do señor Sánchez de dotar de fondos europeos e dunha subministración eléctrica axeitada esta importante empresa. Non entendemos esta postura do Partido Socialista, señorías.

E, por último, queremos solicitar, en quinto lugar, dar cobertura a calquera outra necesidade da industria galega —xa sexa da que estea asentada ou da que queira implantarse na nosa comunidade— para impulsar a recuperación económica e a creación de emprego.

E remato xa, señorías. As empresas teñen que decidir neste ano 2023 se van ou non acometer os investimentos. ¿Por que? Porque teñen os fondos europeos Next Generation á súa disposición. Non nos vale a resposta do Ministerio de Transición Ecolóxica da ministra Ribera en relación coa modificación da planificación eléctrica que o presidente Rueda e o Goberno da Xunta xa enviou por carta ao Ministerio e que é esta mesma que hoxe imos aprobar aquí,



neste Parlamento. Non nos vale, señorías do Partido Socialista, porque as empresas van decidir se invisten ou non en Galicia no próximo ano 2023. E non podemos aceptar o que esta mañá saía na prensa (*A señora Nóvoa Iglesias amosa un documento.*): «*Enésimo revés de Ribera a la alta tensión; ahora retrasa su posible incursión a 2024. Transición Ecológica posterga la decisión pese a que Stellantis lo incluye en la negociación con Industria para blindar la continuidad de la planta de Vigo*». Señorías, está en risco a maior fábrica de vehículos de España en Galicia; miles de empregos en risco desta industria, de toda a industria auxiliar da automoción en Galicia, e o Partido Socialista volve dar a espalda a Galicia.

Señorías, non podemos permitir que a modificación da planificación eléctrica se pospoña para o ano 2024 ou para o ano 2025, porque as empresas van decidir no 2023 —que é cando dispoñen dos fondos europeos— se van ou non investir en Galicia.

Polo tanto, eu agardo —que é posible que así sexa— o voto favorable de todos, a unanimidade nesta importante iniciativa que é clave para a supervivencia da industria que hai e para a que se quere asentar. Agardo que o voto sexa favorable, pero tamén agardo que, se o voto é favorable, lle reclamen ao seu Goberno de Madrid que atenda as demandas de Galicia, e non volvan dar as costas.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señoras e señores deputados.

A invasión de Ucraína por parte de Rusia colocou no centro do foco social, económico e político a seguridade de subministración enerxética, poñendo de manifesto a vulnerabilidade que supón a dependencia enerxética exterior en termos de prezo, de confianza e de garantía de subministración. Polo que, ante as consecuencias desta guerra e as ameazas rusas, o traballo en política enerxética pasou a ser un dos temas centrais dentro da Unión Europea, coa aprobación dunha nova regulamentación e coa implementación de medidas cun obxectivo claro e absolutamente necesario: artellar as medidas precisas para lograr un inverno seguro en termos de dispoñibilidade enerxética e tamén lograr un inverno seguro en termos sociais e económicos asociados aos prezos de enerxía, minimizando a posible necesidade de adoptar outras medidas que puidesen supoñer maiores custos socioeconómicos ante cortes de subministración de gas ruso. É dicir, ante esta nova situación, nin España nin o resto dos países da Unión Europea poden quedar de brazos cruzados, sabendo que a subministración de enerxía eléctrica é fundamental para o desenvolvemento da vida da cidadanía e fundamental tamén para o desenvolvemento do sector industrial.

Polo que a busca inmediata de solucións para evitar as terribles consecuencias desta crise de guerra obriga os estados membros a adoptar unha serie de medidas que nos permitan



incrementar —e o máis axiña posible— a subministración de enerxía limpa coa menor dependencia do exterior e con todas as garantías medioambientais, posto que estas solucións non poden obviar a crise climática na que estamos inmersos. Polo que as medidas adoptadas para reducir a nosa dependencia enerxética teñen que ir da man das medidas de transición ecolóxica.

Debo resaltar que os niveis de seguridade de subministración eléctrica, gas ou de produtos petrolíferos en España son elevados e que son moi superiores aos da maioría dos estados membros, e a nosa elevada diversificación de aprovisionamento converte en marxinal a subministración de gas ruso, o que permite unha ampla batería de opcións de abastecemento no mercado internacional, sendo o enorme potencial renovable do noso país a mellor ferramenta para combater as vulnerabilidades que supón a dependencia enerxética ao mesmo tempo que a transición ecolóxica.

Neste contexto —como ben apuntaba a señora voceira do Partido Popular— a planificación da Rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026 aprobouse como unha ferramenta fundamental para poder materializar o Plan nacional integrado de enerxía e clima, sendo o Ministerio para a Transición Enerxética e o Reto Demográfico quen ten a responsabilidade de deseñar esa política enerxética nacional, pero que se elabora conxuntamente con todas as comunidades autónomas e coas dúas cidades autónomas.

O deseño desta rede futura de transporte ten por obxectivo permitir a integración masiva desa nova xeración de enerxía renovable, eliminar as limitacións estruturais da rede, cubrir as necesidades de interconexión internacional e a conexión cos territorios non peninsulares, ao tempo que se manteña e se mellore a seguridade de subministración do sistema eléctrico español, cumprindo tres principios reitores (a sostibilidade ambiental, a seguridade de subministración e a eficiencia económica), e que se materializa en maximizar a produción de enerxía renovable, a evacuación de renovable con base en recursos, en compatibilizar a produción e a evacuación coas restricións medioambientais, en maximizar o uso das redes existentes, en suprimir as restricións técnicas, en cumprir cos principios de eficiencia e sostibilidade económica, en reducir as perdas e en garantir a subministración dende a rede de transporte.

Para a elaboración do dito plan establecéronse dende o Ministerio varias fases, posto que se trata, como vostede ben sabe, dun proceso regulado e aberto á participación da sociedade: unha fase de propostas; unha fase de estudos; a elaboración dun informe da Comisión Nacional de Mercados e da Competencia, no que se manifestan as súas recomendacións; unha fase de alegacións; unha segunda fase de estudos; unha fase de consolidación; e, por último, unha fase de aprobación, á que vostede facía referencia, que é no momento en que se traslada ao Consello de Ministros para a súa remisión ao Congreso dos Deputados.

Xa que logo, a planificación da Rede de transportes e enerxía eléctrica 2021-2026 é unha ferramenta imprescindible para acadar esa senda de descarbonización contemplada no Plan nacional integrado de enerxía e clima que vai permitir a integración do 68 por cento das enerxías renovables no Sistema eléctrico peninsular na liña dos obxectivos establecidos e limitar os vertidos ao 4 por cento, un valor aliñado coas recomendacións europeas.



O custo total deste investimento estimado no conxunto das actuacións incluídas neste plan de desenvolvemento da Rede de transporte 2021-2026 chega a case sete mil millóns de euros, dos que 5.700 corresponden a actuacións de reforzo da Rede de transporte, que compoñen o Sistema eléctrico nacional, sendo as partidas máis importantes, por unha banda, as que corresponden á integración de renovables e resolución de restricións eléctricas e, por outra banda, as que corresponden ao desenvolvemento de enlace entre sistemas.

Como vostede ben sabe tamén, en outubro de 2022 o Ministerio para a Transición Xusta e o Reto Demográfico aprobou o Plan de seguridade enerxética, que na súa medida 28, co título Modernización do marco de planificación da Rede de transporte, contempla que a aceleración da transición enerxética e a volatilidade dos mercados engaden un grao de complexidade á planificación enerxética, requirindo compatibilizar anticipación e certeza con flexibilidade e adaptabilidade. Polo que en xaneiro de 2023 lanzarase un novo proceso de planificación da Rede de transporte e distribución para o período 2024-2029, co obxectivo de reforzar as redes de transporte e distribución para incrementar a capacidade de renovables que poidan conectarse á Rede coa planificación actualmente vixente para o período 2021-2026 e de dotar o sistema da necesaria anticipación e adaptabilidade. Adicionalmente (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —jola!— para dar cabida... (*Risos.*) ás novas necesidades de reforzo da Rede que se identificaron con posterioridade, a aprobación da vixente planificación 2021-2026, pois neste trimestre se tramitará unha nova modificación puntual que priorizará aquelas actuacións que sexan estratéxicas para a transición enerxética e que permitan desenvolver a cadea de valor industrial baixo o principio de maximización do retorno social dos investimentos.

Polo que nos dixo vostede agora e polo que anunciaba hoxe pola mañá o señor presidente da Xunta de Galicia, parece que vostedes enviaron unha carta. Nós pedímoslles que teñan máis arroxos e que se entrevisten co Ministerio, posto que as cartas non parecen ser a medida máis adecuada para poder tratar estes asuntos.

De todas formas, señora Nóvoa, eu voulle recordar que, neste Parlamento galego, o Grupo Socialista, o PSdeG-PSOE, estivemos, estamos e estaremos cada vez que haxa unha proposta ou unha iniciativa que sexa para beneficiar a Galicia, entendendo que o desenvolvemento económico e industrial ten que ir necesariamente aparelado do desenvolvemento social e ser medioambientalmente sostible.

Polo que ao contido da parte resolutiva desta iniciativa os socialistas xa votamos a favor; xa votamos a favor de moitos destes puntos que hoxe se contemplan aquí. E, señora Nóvoa, volveremos votar a favor. Non teñan medo de que nós, como PSdeG, intentaremos facer toda a presión posible no Ministerio de Transición Ecolóxica para que se materialicen todos aqueles investimentos e todas aquelas empresas que se queiran radicar no noso territorio; iso si, co cumprimento estrito dos canons medioambientais.

Pero non teña medo: antes, agora e despois, estaremos sempre. Si, señora Nóvoa, sempre. Cada vez que hai un tema que é fundamental para Galicia e no que nós estamos de acordo, sempre o noso voto é favorable. Vostedes, o Grupo Parlamentario Popular, non poden dicir o mesmo.



Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Bo día.

Obrigado, señor presidente.

Explicaba a voceira do Partido Popular na súa intervención que a planificación de Rede Eléctrica para os anos 2021-2026 que o Goberno do Estado aprobou en marzo de 2022 discriminaba Galiza, xa que as previsións eran facer investimentos por valor de 68 millóns de euros; é dicir, apenas o 1,1 por cento do investimento total para o Estado español, que ascendía a 6.964 millóns de euros.

A nós gustaríanos que na súa quenda de réplica nos dixese cantas alegacións presentou a Xunta de Galiza contra aquela planificación e, xa de paso, pode informarnos tamén das que ten pensado presentar agora neste novo prazo.

En todo caso, a propia planificación da empresa Rede Eléctrica para os anos 2021-2026 daba conta explicitamente do por que deste investimento tan reducido na Galiza. A explicación era clara e fácil de entender: a transición enerxética cara a enerxías renovábeis —é dicir, cambiar dunhas fontes de xeración para outras— obriga a modificar en profundidade a rede de transporte de enerxía que conecta os lugares onde se produce a electricidade cos lugares onde a electricidade se consome.

Rede Eléctrica, como xestora do sistema, non prevé cambios en canto aos grandes puntos de consumo. Con certeza, calquera pode apostar sen medo a enganarse que Madrid seguirá sendo o maior punto de consumo eléctrico do Estado español, mais os centros de xeración, os lugares onde se produce esa electricidade, van cambiar. Antes producíase en térmicas e ciclos combinados, entre outras tecnoloxías, e no futuro cóntase producir sobre todo moita enerxía eólica e solar, e non necesariamente será nos mesmos lugares onde estaban as térmicas —isto é evidente—, senón onde exista o recurso en cuestión: o sol e o vento.

Os lugares de consumo non van cambiar, mais os lugares onde se vai producir, si, e, polo tanto, é necesario construír novas redes de transporte, por iso o elevado do orzamento desa planificación; á parte, por suposto, dos plans destinados a mellorar os sistemas insulares, que teñen un custo moi elevado e disparan o volume global do investimento.

Mais na Galiza non se considerou necesario construír novas redes de transporte, non porque non vaia aumentar a produción de electricidade eólica, senón porque se considerou que o apagado das térmicas das Pontes e Meirama liberaba na rede de transporte xa existente unha capacidade suficiente para absorber a nova produción.



Esta planificación da rede —que, polo que a Galiza respecta, non cambia; mantense igual— deixa en evidencia dúas cousas. A primeira, mantense o deseño da rede porque se mantén o papel de Galiza como produtora de electricidade con destino fóra da propia Galiza. E, segunda cuestión, na medida en que esa capacidade liberada na rede polo peche das térmicas non se reservaba dun xeito explícito para os concursos de transición xusta das Pontes e Meirama representou —cando menos para o BNG— un motivo de alarma. De feito, garantir que eses concursos de transición xusta chegasen a producirse foi unha das nosas preocupacións desde que se coñeceron os plans de Endesa e Naturgy para pechar as térmicas. Mesmo antes de que o Goberno formulase esta posibilidade, xa estaba o BNG demandando que debían existir para as zonas afectadas polos peches das térmicas mecanismos de concorrencia pública e competitiva para a concesión dos accesos. E desde o momento mesmo en que o Goberno incluíu os nós de acceso das Pontes e Meirama na listaxe do Real decreto lei 23/2020 non deixamos de preguntar ao Goberno pola capacidade dos nós, polos criterios técnicos utilizados para o cálculo e pola existencia dalgunha reserva de capacidade a favor dalgunha empresa. Até en cinco ocasións temos preguntado ao Goberno do Estado por este asunto, e nunca, en todo este tempo, o Goberno do Estado respondeu ás preguntas formuladas polo BNG.

Por fin, descubriuse que a capacidade que a empresa Rede Eléctrica atribúe ao nó de acceso das Pontes é de cero, ¡de cero! ¡Incríbel, pero certo! Segundo a empresa que xestiona o sistema e propietaria dos accesos á rede nas Pontes, non hai capacidade de acceso dispoñíbel. Ou, dito doutro xeito: roubáronnos a carteira. Todos vostedes, PSOE e PP, saben perfectamente que o nó de acceso de Andorra-Teruel acaba de ser adxudicado nun concurso de transición xusta a cambio dun investimento de 1.200 millóns de euros. ¿E os concursos de transición xusta das Pontes e Meirama que? ¿Onde quedaron os compromisos coas Pontes e Meirama? Roubáronnos a carteira e vostedes fan como se nada. Temos un elefante no salón que é que As Pontes e Meirama poden quedar sen concursos de transición xusta, e vostedes nin o mencionan. De feito, ao Partido Popular a planificación da rede dáballle exactamente igual até que aí atrás a señora directora xeral de Industria, Paula Uría, se reúne coa empresa andaluza Magtel, que quere instalar unha central hidroeléctrica de bombeo nas Pontes, e a empresa advertiulle de que non hai capacidade na rede para evacuar a electricidade que quere producir. Pero até ese momento non dixeron nin palabra, nin se preocuparon o máis mínimo. E agora veñen con esta iniciativa na que mesturan churras con merinas e da que o máis importante, o que golpea a vista, non é o que pon, senón o que falta: os convenios de transición xusta das Pontes e Meirama. Do que temos que deducir que o máis importante para vostedes é que os aproveite calquera empresa, sen ter en conta criterios de impacto económico e social nos respectivos territorios. Ou, se cadra, asumir que xa foron adxudicados —vaia vostede saber a quen— polas empresas titulares da rede de distribución. Ou, dito resumidamente, o que vén dicir o Partido Popular con esta iniciativa é algo así como que «*a quien Dios se la da, San Pedro se la bendiga*».

Pero isto é un atraco á man armada, e desde o BNG exiximos que se cumpran os compromisos coas Pontes e Meirama e exiximos concursos de transición xusta na Galiza, igual que o que acaba de realizarse en Teruel, onde se adxudicou a concesión do acceso á rede, como dicía, a un proxecto de 1.200 millóns de euros de investimento, a un proxecto con garantías, non como os proxectos que anuncian vostedes aquí cada tres días ou como o que fixo hoxe aquí mesmo o presidente Rueda, que máis que o presidente do Goberno galego parecía un



fogueteiro; proxectos con garantías económicas. A empresa adjudicataria debe poñer fianzas, no caso de Teruel, por valor de 220 millóns de euros, que perdería no caso de non executar o proxecto, co engadido de que perdería a concesión de acceso á rede. Pois isto é o que quere o BNG para As Pontes e Meirama. Queremos garantías e certezas e non pólvora e fume; queremos un proceso público competitivo no que se adjudique esa capacidade de acceso ao mellor proxecto medido en termos de impacto no territorio, que foi o que se comprometeu coas Pontes e Meirama; impacto económico, social e de emprego. E iso é o que debémos exixir todas as forzas políticas galegas.

Lamentamos profundamente que tanto o PP como o PSOE vaian poñerse de acordo precisamente nun modelo de desenvolvemento enerxético para Galiza de *aquí te pillo, aquí te mato*, totalmente irracional, que mesmo fai difícil a tarefa de planificar as necesidades da rede e que nada máis é claro nun aspecto: o de manter Galiza como provedora de electricidade para a exportación, sen compensacións ou contrapartidas. ¿Para isto foi o presidente Rueda a Madrid a falar coa ministra? ¿Sabe o que evidencian esas visitas do presidente Rueda a Madrid nas que vai e vén cunha man diante e outra detrás? Falta de liderado e falta de proxecto, ou, peor aínda, que nos venden vostedes, uns e outros, e ademais moi barato.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonzo.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Bo día de novo, señorías.

A ver, señora Rodríguez Rumbo, vostede falaba aquí de que o presidente Rueda se reunira e o trasladara nunha reunión. O presidente Rueda xa se reuniu coa señora Ribera e con todo o Ministerio. Aquí está a secretaria de Enerxía. (*A señora Nóvoa Iglesias mostra un documento que contén unha fotografía.*) Isto foi o día 8 de novembro, e faláron da planificación eléctrica e das modificacións —¡o día 8 de novembro!—. O día 29 de novembro a Xunta mandou as alegacións, e onte respondeu a ministra con que non as ía aceptar. De todos modos, voulle explicar eu cales son as fases da planificación eléctrica, porque vostede as obviou e así, moi por encima, dixo o que lle deu a vostede un pouco a gana.

Mire, señora Rodríguez Rumbo, a planificación eléctrica é dependente —si— de Rede Eléctrica, do Ministerio; si, sácaa, e as comunidades poden alegar, e alegamos. Todas estas alegacións, señor Fernández Alfonzo, están incluídas nas alegacións da Xunta á planificación eléctrica. ¿Que fixeron? Cero caso. Aprobáron a planificación eléctrica para Galicia quitando 240 millóns de euros. Na anterior planificación eléctrica, 308 millóns; nesta planificación eléctrica, 68 millóns de euros para Galicia. Recortaron e sacaron planificación eléctrica para Galicia.

¿Que nos quedou? Volver reclamar. O presidente Rueda volveu reclamar nesta reunión que lle ensino e que vostede non debía saber que tivo lugar. Reclamou. E a ministra Ribera onte contestou que non a esas alegacións. Eu vólvelle dicir que nin Galicia, nin a Xunta de Galicia,



nin o Grupo Parlamentario Popular van quedar calados ante o que vostedes queren facer. ¿Outro agravio contra Galicia? Si, señora Rodríguez Rumbo. Nin queren que se manteña a industria en Galicia nin queren que se instale nova industria en Galicia.

E hoxe á mañá o señor Álvarez dicía: ¡Oe, como baixa o IPI en Galicia! Pero é que, señor Álvarez, a industria da metalurxia en Galicia caeu un 26 por cento, a industria de fabricación de material eléctrico caeu un 23 por cento e a industria fornecedora de electricidade, de gas e demais, un 25 por cento. ¿E sabe canto aporta esa industria ao IPI, á produción industrial? Un 30 por cento. Por iso, o IPI en Galicia baixa, porque Galicia é moito máis dependente da enerxía que outras; ten industria dependente da enerxía, señor Álvarez. E se a industria enerxética para en Galicia —como estamos a ver todos— ou ten que buscar momentos para poder producir, obviamente, baixa a produción industrial en Galicia.

Señorías do Partido Socialista, non vale de nada que vostedes voten aquí que si se logo en Madrid todo é que non. Esa é a realidade. Hoxe aquí ningún dos dous grupos —nin o Partido Socialista nin o Bloque Nacionalista Galego— falaron nin pío sobre Stellantis, a maior fábrica de vehículos de España. Non dixeron nada, ¡nada! Déronlle 15 millóns de euros de fondos europeos —unha migalla— e denéganlle a subestación... de alta voltaxe. (*Murmurios.*)

E, señora Gallego, vostede pode que compare 15 millóns de euros para Stellantis Vigo con 500 millóns de euros para Seat en Cataluña ou coa nova fábrica de baterías en Valencia. A ver, señora Gallego, eu xa vexo que se conforma con pouco, pero nós, o Grupo Parlamentario Popular, non nos imos conformar con iso. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

E o máis lamentable, o máis sorprendente, é que veña o Bloque Nacionalista Galego falar das Pontes e das centrais térmicas. Mire, vostedes, xunto co Partido Socialista, son cómplices do peche anticipado das centrais térmicas en Galicia e, por conseguinte, da destrución de emprego industrial en Galicia. É así, iso está no seu haber.

O señor Álvarez preguntábase esta mañá por que o fiabamos todo aos fondos Next Generation. ¡Oia!, porque é que dende que o Goberno do señor Sánchez chegou ao Goberno en Madrid, a industria en Galicia sufriu un ataque continuado. (*Murmurios.*) Primeiro, foron as altas consumidoras de enerxía, como Alcoa, logo foron as centrais térmicas e a industria da cadea mar-industria. Vostedes atacan toda a industria en Galicia, por iso o temos que fiar todo aos fondos Next Generation, porque temos que transformar o noso sistema industrial por culpa súa anticipadamente, señor Álvarez.

E o máis sorprendente é que o Bloque Nacionalista Galego pida apoio para o nó das Pontes. ¡É que é a hipocrisía do Bloque Nacionalista Galego! Escoiten, señorías: piden que se atenda a demanda do nó das Pontes... ¡Oia, pero se vostedes están en contra dos parques eólicos que se queren instalar na comarca de Meirama e das Pontes para solucionar o problema de desemprego que vai haber na comarca! ¿Pero vostedes poden ser máis hipócritas?

Mire, señor Fernández Alfonso, vostedes son cómplices do Partido Socialista, e si poderían facer moito máis que manter no sillón o señor Sánchez en Madrid e aquí, en Galicia, en todos os lados onde perden. (*Murmurios.*) ¡Si! E tamén son cómplices da illa enerxética. (*A señora*



Nóvoa Iglesias mostra un mapa.) Miren, vostedes querían conseguir que Galicia fose unha illa enerxética, e conseguírono. Veu a semana pasada —como dicía esta mañá o presidente Rueda— aquí a secretaria de Estado de Enerxía presentar e dicir que Galicia é unha potencia en hidróxeno verde, e despois montan unha rede de gasodutos por toda España que conecta con Portugal e ao maior produtor de hidróxeno verde, que é Galicia, déixano fóra. (*Murmurios.*) ¡Benvidos! Xa conseguiron a súa tarifa galega. (*Aplausos.*) ¡Xa a conseguiron!: (*Aplausos.*) illar Galicia do resto de España. (*Aplausos.*) ¡É lamentable, señores do Bloque Nacionalista Galego! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Miren, como dicía o presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda, esta mañá, os investimentos industriais non poden agardar ata que o Ministerio de Transición Ecolóxica decida cambiar a planificación enerxética. Non, os investimentos — como lles dicía eu na primeira intervención— están destinados a comezar no próximo ano 2023, que é cando hai dispoñibilidade de fondos. Non podemos agardar ata o 2024, ata o 2025 ou ata unha nova planificación enerxética a que estas empresas poidan facer os seus investimentos. E é que non llelo dicimos nós, dínllelo as propias empresas: hai risco de deslocalización.

O que máis medo nos dá a este grupo é que xa o advertimos con Alcoa. Cando Alcoa A Coruña anunciou o seu peche, dixémosllelo nesta tribuna: virá Alcoa San Cibrao —e veu—, virá o peche das térmicas —e veu—. E o problema que lles estamos dicindo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...é que hai risco de deslocalización de Stellantis e vostedes non son capaces de velo. Son os únicos que non o ven.

Espero e agardo que non se cumpra este prognóstico. O problema é que sen esta axuda que vemos que outros gobernos doutros países están poñendo sobre a mesa para que as fábricas de automóbiles cambien a súa produción cara ao vehículo eléctrico...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...que vemos que vostedes non o están a facer con Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...lamentablemente, si que existe un risco grave de deslocalización.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para facilitarlles a solicitude de axudas á pesca sustentable ás pequenas embarcacións

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días de novo.

Hoxe imos falar da pesca artesanal, algo do que levamos tamén falado en varias ocasións nesta Cámara. Tamén temos debatido sobre iso nesa revisión da política pesqueira común, porque queremos que por unha vez se defina claramente o que se considera pesca artesanal. A Xunta de Galicia di que apoia este tipo de pesca, pero vemos despois como, por un lado, van as súas verbas e, por outro lado, van as actuacións que leva a Xunta de Galicia.

Esta é unha iniciativa que parte tamén do propio sector. Foi falado co propio sector, que ve como as pequenas embarcacións, e sobre todo as embarcacións de pesca artesanal, quedan fóra ano tras ano dunha orde de axudas que convoca a propia Xunta de Galicia para subvencionar os investimentos que garantan ou que vaian en liña dunha pesca sustentable.

Temos que ter en conta que a pesca artesanal pode axudar as persoas e o planeta, así está contemplado en moitos informes. Aínda que os ecosistemas oceánicos están sometidos á presión polo cambio climático, á sobrepesca e a outros factores, os estudos suxiren que os alimentos de orixe mariña deben poder ampliarse de forma sostible para satisfacer a futura demanda de alimentos. E o éxito da subministración destes alimentos dependerá da pesca a pequena escala. As pequenas explotacións soen subministrar alimentos e ingresos directamente ás persoas que máis o necesitan, e os lugareños teñen un forte incentivo para facer que as súas prácticas sexan sostibles.

Ademais, estas pesqueiras poden ser notablemente eficientes, pero necesitan tamén a axuda das administracións que teñen competencia na materia, porque, ademais, case todo o que captura a pesca artesanal se consome. Mentres os operadores a gran escala desembarcan máis peixe, a pesca a pequena escala proporciona unha maior proporción de peixe, que se consome realmente. Os pequenos pescadores rara vez dispoñen dos recursos adecuados para poder ampliar as súas actuacións ou incluso para sobrevivir.

Xa no ano 2014 a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura, a FAO, proporcionou unhas directrices —voluntarias, iso si— para apoiar a pesca sostible a pequena escala, co obxectivo de mellorar a seguridade alimentaria e de erradicar tamén a pobreza. Pois hoxe a nosa iniciativa vai de apoio á pesca artesanal, e a Xunta de Galicia —que en moitas ocasións di estar ao carón deste segmento da frota— debería de ter en conta as reivindicacións que lle chegan do propio sector e que me consta que lle foron trasladadas en diversas ocasións á propia Xunta de Galicia para que modificase esta orde



de subvencións que hoxe traemos nesta iniciativa, pero que non obtiveron resposta por parte do Goberno galego.

Temos que recordar que o sector artesanal representa en Galicia case o 90 por cento da frota e, en cambio, recibe menos do 20 por cento das subvencións —maioritariamente, subvencións europeas—, porque, como sabemos, no orzamento da propia Consellería do Mar, case un 80 por cento —como nos ten tamén dito e tamén podemos corroborar á hora de revisar os orzamentos— provén de fondos europeos.

En Galicia, a pesca artesanal emprega máis de tres mil persoas de xeito directo, e conta con máis de catro mil embarcacións. Ademais, este sector da frota é dos que máis vela polo benestar dos ecosistemas mariños. Polo tanto, Galicia convoca ano tras ano axudas para favorecer a pesca sustentable. Este ano esa orde de subvencións foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* de data 24 de xaneiro de 2022, no que se publicaba a Orde do 28 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases e se regulan os procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros financiados polo FEMP. Cando imos ver como está redactada e os criterios desta orde de axudas, vemos que ten varias liñas de actuación: as que limitan o impacto da pesca no medio mariño e para a adaptación da pesca á protección de espazos; as que melloran a hixiene, saúde e seguridade e as condicións de traballo en buques pesqueiros; as que melloran a eficiencia enerxética e a mitigación do cambio climático; as que aumentan o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización de capturas non desexadas; e tamén outra liña de axudas para os servizos de asesoramento para fomentar a pesca sustentable.

Nos criterios que marca e que aproba o Goberno galego, no punto 5.2, di que, no caso de buques cuxa primeira venda dos produtos que captura sexa en fresco —e, polo tanto, obrigatoria en lonxa—, o volume de vendas que se obteña da suma das notas de venda durante o ano anterior á convocatoria deberá de ser superior ao 50 por cento da media obtida para ese porto base. Polo tanto, con este condicionamento que mete o Goberno galego, para poder optar a estas axudas, facendo este cálculo sobre a media das vendas de cada porto base, o que fai é que ano tras ano as pequenas embarcacións non poidan optar a elas. De nada vale que no desenrolo desta orde de convocatorias despois se nos diga que a contía máxima, no caso da pesca costeira artesanal, poderá chegar ao 80 por cento do investimento máximo subvencionable, cando non poden optar a estas axudas porque non cumpren os criterios para poder pedilas. Se non poden optar a estas axudas, de nada serve o brinde ao sol de que despois digan que o 80 por cento do investimento que realizaron de cara a esa pesca sustentable pode ser subvencionable. O que interesa é modificar eses criterios para que estas pequenas embarcacións teñan a posibilidade de optar a estas subvencións.

Como dicía, entre os requisitos que se contemplan nestas bases aprobadas polo Goberno galego, a Xunta de Galicia aplica unha media para cualificar se dá ou non dá unha axuda, e o que provoca é que moitísimas embarcacións nunca poidan optar a esas axudas porque tam pouco están feitas por tramo de barco.

A Xunta de Galicia, se ofrece unha media sobre as vendas de cada porto e marca unha media a partir da cal toca ou non axuda, está a discriminar as pequenas embarcacións, e isto non



o di o PSdeG, dí o propio sector. E aí están os feitos á hora de resolver esas convocatorias, que vemos que as pequenas embarcacións quedan fóra. A verdade é que meten todo nun mesmo saco: non diferencian segmento de frota, non teñen en conta a actividade do barco e non teñen en conta o caladoiro onde traballa, nin o número de traballadores da embarcación, e tampouco fan a media entre permex e similares.

Polo tanto, o que fai a Xunta é negarlles ás embarcacións e á pesca artesanal a posibilidade de acceder a estas axudas. É inxusto que o Goberno galego faga unha media deste xeito porque, ademais, a experiencia está aí, e sabe que con esta media que fan directamente deixan fóra estas pequenas embarcacións. E despois, como dicía, de pouco vale dicir que o 80 por cento do seu investimento pode ser subvencionable se xa non cumpren os criterios para poder optar a elas. Téñenselle plantexado por parte do sector diferentes posibilidades para modificar estes criterios de acceso, e a verdade é que a Xunta de Galicia non os tivo en conta.

E, claro, poderíamos pensar que isto é algo que vén así estipulado polos propios criterios do Fondo Europeo Marítimo da Pesca, pero vemos que non. En Andalucía, unha comunidade autónoma á que ultimamente á Xunta de Galicia e ao Partido Popular de Galicia lles gusta mirar, que tamén están subvencionados, loxicamente, cos mesmos fondos europeos, pois nesa mesma orde de axudas alí xa fan unha discriminación positiva da pesca artesanal, e incluso poñen dous puntos máis para aquelas embarcacións que son de pesca artesanal e que queren optar a esta mesma liña de axudas que abre aquí o Goberno galego. Polo tanto, Andalucía faino, e ademais agora —quero dicir que esta orde de subvencións está publicada no *Boletín Oficial de la Junta de Andalucía* de abril de 2022— incluso chega a discriminar positivamente, con dous puntos máis, a pesca artesanal, algo que aquí a Xunta de Galicia non fai. Aquí a Xunta de Galicia négalle a posibilidade a esta pesca artesanal de poder optar a estas axudas, e en cambio Andalucía, precisamente, di que para a pesca artesanal, dous puntos máis na orde para poder adxudicar esta subvención. Se tanto lles gusta mirar para Andalucía, miren tamén para cousas boas, non miren só para as cousas malas.

Polo tanto, nós hoxe o que traemos é unha iniciativa moi sinxela para trasladar tamén aquí á Cámara algo que leva trasladando o sector ao propio Goberno galego e que di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, de cara ás vindeiras convocatorias de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para os propietarios de buques pesqueiros que lanza o Goberno galego, reformule os criterios de acceso a estas axudas de xeito que as pequenas embarcacións poidan optar a elas». Porque, repito, de moi pouco vale que lles digan que lles poden subvencionar o 80 por cento do investimento realizado, cando non poden acceder porque non cumpren os criterios que marca o Goberno galego.

Polo tanto, hoxe están a tempo de reformular eses criterios de ter en conta a pesca artesanal. Esperamos contar co voto afirmativo do Grupo Parlamentario Popular e tamén co do BNG.

Eu o que estou a dicir aquí é que as pequenas embarcacións non quedan sempre, sistematicamente, fóra desta orde de axudas, e ao que reto, sobre todo, ao Grupo Parlamentario Popular, é a que diga a a que constante que pequenas embarcacións obtiveron estas axudas.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Quero empezar polo final.

Decía a señora Otero que o que se nos está a propor é, precisamente, que, nunha orde anual de axudas da Consellería do Mar, se fagan modificacións para favorecer, dalgún xeito —nos criterios, evidentemente—, o acceso a esas axudas das embarcacións ou da actividade da pesca artesanal. E comezo por dicir e por anticipar que, evidentemente, nós concordamos con isto.

Todo o mundo sabe —e neste Parlamento seguramente o sabemos máis— que a Consellería do Mar ten dúas especialidades: unha especialidade é, precisamente, favorecer a pesca artesanal —só cando fala— e outra especialidade é botar balóns fóra. Porque non é a primeira vez —e esta convocatoria de axudas lémbreme outras moitas que fai a Consellería do Mar— que, efectivamente, nos titulares de prensa —e queda moi lucido dicir..., pois, non sei, non me acordo agora literalmente— se di que se favorece a pesca artesanal, que estamos a prol do produto de proximidade e que a pegada de carbono... e todos estes argumentos aos que nos ten acostumados o Partido Popular que non deixan de ser ou non van máis alá dos eu-femismos.

Porque logo resulta que vemos na práctica, cando a Xunta de Galiza ten o poder de trasladar eses titulares de prensa ao *Diario Oficial de Galiza*, que se lle olvidan. Olvídanselle; non é intencionadamente, pero son despistes que pasan. Estas cousas pasan na Consellería do Mar. E lémbreme esta convocatoria, por exemplo —é verdade que non estabamos naquel momento a falar de buques, que estabamos a falar do marisqueo a pé—, outro momento. Cando este país e moitos outros países do mundo estabamos afectados dun xeito moi importante por unha pandemia, efectivamente mundial, pois a Consellería do Mar quitou unhas axudas, financiadas, coma sempre, polos fondos europeos —porque a Consellería do Mar é pobre, non ten presuposto propio, non ten cartos; nunca xamais, absolutamente nunca xamais aporta para axudas directas, para axudas propias, nunca as ten; ou lle pertencen á Unión Europea ou lle pertencen ao Estado, pero *ella no*, con ela non vai—. Pois lémbrome perfectamente que quitou unhas axudas para o marisqueo a pé, para paliar os efectos que a covid deixara nese sector, neste caso, insisto no marisqueo a pé. Eran unhas axudas de 5.200.000 euros, que non estamos a falar xa de pouca cousa. Bueno, eu confésolles que soñei con eses titulares dos 5.200.000 euros varios días porque saían por todos os lados. Claro, cando logo o BNG presenta unhas preguntas na Comisión de Pesca a respecto de cantas axudas se concederan deses 5.200.000 euros —porque entendiamos que o sector do marisqueo naquel momento, ese mesmo sector, o estaba a reclamar a diario e tiña que ser axudado, pero axudado na práctica, non só nos periódicos, non só nos xornais— e di: oian, vostedes, destes 5.200.000 euros que publicitaron absolutamente por terra, mar e aire, ¿canto concederon?



Pois non o van crer, pero concedeu a Xunta de Galicia, magnanimamente e xenerosamente, 142.000 euros. Entón, esta é a defensa, efectivamente, da nosa pesca, da nosa actividade pesqueira, que fai a Consellería do Mar, incluso cando se trata de fondos que non son propios, como é este caso e como era ese exemplo que lles puxen.

Pois ben, efectivamente, nós entendemos que nesta orde de convocatoria a pesca artesanal non está diferenciada, e entendemos que é unha pesca, precisamente, e unha actividade que na Galiza non se comprende como non se pode favorecer. Porque, claro, se defendemos, por outro lado, como defendeu o Bloque Nacionalista Galego, cando o Consello Galego de Pesca elaborou un documento para remitir á Unión Europea a respecto da revisión da política pesqueira común; se defendemos, como defendeu o Bloque Nacionalista Galego por escrito, presentando a súa propia emenda a ese texto, que había que facer unha diferenza clara, no texto da política pesqueira común, entre a pesca artesanal e a pesca industrial; se o defendemos e se estamos de acordo con iso, ou se defendemos, como defende a Xunta, a Consellería do Mar, nas súas campañas publicitarias, o produto de proximidade; ou se defendemos e somos conscientes de que o noso país ten a frota artesanal máis importante de todo o Estado español, con diferenza; se defendemos todo iso, teremos, dalgún xeito, que contemplar medidas que, efectivamente, favorezan esa actividade. E, como noutras ocasións, nesta convocatoria, nesta orde de axudas, non se favorecen.

Polo tanto, evidentemente, nós estamos a favor de que haxa esa diferenciación nesta orde de axudas da Consellería do Mar de Galiza, porque non estamos falando de que haxa unhas axudas do Estado, que as convoque o Estado, con criterios de Madrid, que, ao mellor, non saben ver. Non, non, aquí estamos falando da Consellería do Mar. Entón, efectivamente, non se entende moi ben como se pode utilizar o mesmo criterio sen diferenciar a frota artesanal, porque, evidentemente, iso lévanos —e será moi interesante velo, señora Otero, cando pase algún tempo, nalgunha pregunta que poidamos facer, seguramente, vostedes ou nós na Comisión de Pesca— a saber cantos destes miles de euros que figuran aquí, efectivamente, acaban caendo ou acaban favorecendo a propia frota artesanal.

Polo tanto —e remato xa—, nós defendemos isto —e nos periódicos pouco, porque xa copa todo a Xunta de Galiza— onde hai que defendelo, que é aquí, no Parlamento, presentando emendas por escrito, levando a Europa a defensa do xeito, netamente, a actividade artesanal, ou defendendo agora mesmo o señor Rego, efectivamente —ese deputado do Bloque Nacionalista Galego omnipresente—, a elaboración dun catálogo de enfermidades profesionais, porque non estaba debatendo o tema da AP-9, atopábase na Ponencia de Pesca —na cal, por certo, era ponente— defendendo alí emendas a respecto da elaboración dese catálogo de enfermidades profesionais; emenda que, por certo, se acabou aprobando. Os feitos son os que demostran quen defende a pesca artesanal e quen non... Non quero dicir eu aquí agora, que estamos na véspera do Nadal, que non a defendan, pero realmente deféndena bastante máis nos *spots* publicitarios que onde hai que defendela —hai moitos exemplos ao longo destes anos que poderíamos poñer—. Do que se trata xustamente é de que recoñezamos, entendamos e valoremos que temos unha auténtica xoia no noso país, que é precisamente unha frota inmensa —preto de tres mil e pico de buques de frota artesanal— e que, polo tanto, iso hai que favorecerlo dalgún xeito.



Nós entendemos que esta orde non o fai, e por iso cremos, efectivamente, e concordamos co Partido Socialista en que hai que modificala e en que hai que diferenciar —claramente ademais, que se vexa tamén no *Diario Oficial de Galiza*, á parte de nos titulares de prensa— que a Consellería do Mar defende esa frota. Aí, evidentemente, estaremos.

Polo tanto, imos votar a favor desta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Otero, di vostede que esta iniciativa é de apoio á pesca artesanal, pero máis ben é, coma sempre, en contra da Xunta. Sempre é un pretexto, unha vía, para intentar criticar todo o que fai a Xunta. E nós non temos por que copiar a Andalucía, porque é máis ben Andalucía a que está a copiar en materia de pesca, como todas as comunidades autónomas que teñen costa, a xestión da Consellería do Mar de Galicia. Polo tanto, non temos nada que copiar de Andalucía, máis ben eles terían que copiar de nós. (*Aplausos.*)

Miren, nós —a diferenza do que dixeron as voceiras que me precederon— temos que facer un balance moi positivo das axudas para tripulantes e para propietarios de buques; axudas ás que fixeron referencia as dúas, cunha demanda razoable e cunha atención total aos expedientes que cumpren coas bases establecidas.

Empéñanse en dicir, señora Pérez, que dende o Partido Popular, dende a Consellería do Mar e dende a Xunta non defendemos a pesca artesanal, que estamos en contra da pesca artesanal, e iso non é certo, non é real. Non son eufemismos, son feitos. Levamos defendendo a pesca artesanal sempre, en calquera momento, en calquera xestión e incluso tamén nestas axudas. A orde está aquí e o DOG está aquí. (*A señora Egerique Mosquera mostra un documento.*) Vostedes din: «que estea no DOG e que sexa a orde». Lérona —imaxino— as dúas. Queren modificala, pero eu creo que, en lugar de modificala, hai que saber interpretala, e sobre todo o artigo 5, ao que fixo referencia a señora Otero e do que falarei despois.

Neste senso, dende 2016 foron 352 as axudas concedidas, xerando un total de axuda de case seis millóns de euros e sendo este ano 2002 o que maior número de expedientes aprobados presentou, con 106 expedientes. Con este número vemos como a porcentaxe de axudas resoltas coa aprobación medrou un 34 por cento, namentres que a contía concedida —que neste ano acada 2,1 millóns de euros— medra, acadando a cifra máis alta dos anos de vivencia do Fondo Europeo Marítimo de Pesca: 2,1 millóns de euros, cando o previsto ou a



axuda que había era de 1,9 millóns de euros. Polo tanto, sobrepasa esa contía. É, polo tanto, necesario acometer unha ampliación de crédito para atender toda a demanda de peticións.

Como exemplos de proxectos que se adoitan subvencionar para falar claramente desta orde temos: a modernización de buques, como fórmula xeral; a subministración de instalación de hélices de manobra; melloras de seguridade que posibilitan moitas veces evitar engançons de redes e aparellos; reformas das estruturas de abrigo na cuberta —que son necesidades que teñen estas embarcacións de pesca artesanal—; equipamentos para os buques, como o dispositivo de salvamento, loita contra os lumes, traxes de supervivencia, equipos de navegación, con todo canto supón isto e cos intensos avances neste campo; as adaptacións nas instalacións dos buques para mellorar as condicións hixiénicas, permitindo unha mellor habitabilidade, mellores condicións de vida e tratamento de capturas tamén para fomentar así o relevo xeracional e facer a navegación moito máis atractiva para a xente nova; os equipamentos radioeléctricos de comunicación por satélite e a implantación do sistema wifi a bordo, podendo facer, ademais, a conexión coa familia, que as distancias sexan máis leva-deiras e que se suavice todo o que eran os períodos de illamento que moitas familias tiveron que sufrir.

Pero se tan mal estivese esta orde —que inclúe todos estes factores que acabo eu de enumerar agora— non subiría a súa demanda e a súa concesión. Vemos como estas axudas foron acadando progresivamente unha maior aceptación, xa que pasaron de ser 9 os expedientes aprobados en 2016 a 25 no 2017, medrando a 31 no 2018, a 55 no 2019, a 52 no 2020 e 74 no 2021. Polo tanto, cremos que a orde está ben redactada, ben orientada e que non precisa modificacións.

Queda claro, entón, que o número de proxectos concedidos foi aumentando dende o inicio do FEMP, chegando a ser nestes dous últimos anos ao redor de seis veces maior con respecto ao primeiro ano. É certo, ademais, que foi progresivamente adaptándose á realidade e que, como dixeron nas preguntas en Comisión, nas respostas da propia directora xeral e da propia conselleira, houbo que ir adaptándose a este fondo, pero xa está agora implantado. Tamén o número de solicitudes se incrementa nas dúas últimas convocatorias; é dicir, tamén os propios solicitantes están máis familiarizados xa con esta axuda. E non é certo que esta liña vaia contra a frota de baixura ou discrimine a frota de baixura; radicalmente non, non é certo. Porque vostedes, ademais, creo que en cada discurso que poden meten esa cuña publicitaria: a Xunta de Galicia non está a favor ou discrimina a pesca artesanal, e iso non é certo.

Mire, cabe lembrar que a cantidade máxima da axuda é do 50 por cento do investimento máximo subvencionable —como dixo vostede—, excepto nos casos nos que o buque sexa de pesca costeira artesanal, que será do 80 por cento. Ben, isto é importante, señora Otero. E, para maior clarificación, debemos ler —como digo— o artigo 5 da Orde do 28 de decembro de 2021, aquí, no DOG tamén —xa llo digo tamén á señora Pérez—, pola que se establecen as bases e se regulan os procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva. Non vou ler todo, que xa o leu vostede e, polo tanto, vou aforrar esa lectura. Artigo 5: «*Persoas beneficiarias e requisitos xerais. Poderán ser persoas beneficiarias persoas físicas, xurídicas ou pluralidade de persoas físicas, agrupacións ou entidades sen personalidade xurídica ou comunidades de*



bens que cumpran os seguintes requisitos: o buque debe ter o seu porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e estar de alta no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira» —é dicir, aquí non se exclúe, non hai ningunha exclusión de ningún—. «No caso de buques cuxa primeira venda dos produtos que captura sexa fresco e, polo tanto, obrigatoria en lonxa, o volume de vendas que se obteña da suma das notas de venda durante o ano anterior ao da convocatoria deberá superar o 50 por cento da media obtida para ese porto base e polo seguimento de frota que figura no Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia». Ben, isto é o que vostede cre que hai que modificar e que nós cremos que é fundamental para que esta axuda vaia directa ás persoas que realmente están á faena todo o ano e que están traballando, defendendo e neste momento sendo un sustento do que é a propia frota artesanal.

Isto está así, como digo, nas ordes do 2016, do 2017, do 2018, do 2019, do 2020, do 2021 e do 2022. E quero dicir que non houbo modificación, o que houbo foi aumento de demanda e aumento de axudas. Cada ano vai incrementando a axuda a este tipo de frota. Polo tanto, creo que non hai ningunha razón aquí... É un criterio que para vostedes é prexudicial, pero para nós é un criterio totalmente positivo, porque, de ser negativo, non habería o aumento do que falei hai un momento. Polo tanto —como digo—, é aquí a discrepancia. Nós cremos firmemente que non se discrimina nin se mestura porto base sen comparar por segmentos de frota, que é o que din vostedes na súa exposición de motivos, señora Otero.

Queda claro que no propio texto da orde, se se discriminase, non se poderían ter outorgado axudas a esta frota costeira artesanal, e si houbo ese tipo de axudas. Polo tanto, vostedes nesta exposición de motivos non están sendo nin rigorosos nin están dicindo toda a verdade. O 31 por cento dos expedientes aprobados neste tipo de axudas son para buques de menos de 12 metros de eslora. Entón, son para ese tipo de embarcacións que vostede di que quedan fóra das axudas. Así que non quedan fóra. O 31 por cento foi para ese tipo de buques.

Polo tanto, dixo vostede que nós faciamos, cando falabamos, unha mestura de argumentos, e creo que quen fixo aquí esa mestura de argumentos foi vostede, porque, en lugar de defender a frota artesanal, o que está pretendendo aquí vostede é ir en contra da Xunta e en contra dunha orde.

Como digo, do total dos proxectos denegados entre o 2016 e o 2022, que foron 56, fórono polo incumprimento do artigo 5.4; é dicir, o 50 por cento da media de venda de lonxa, o que supón un 10 por cento do total. É dicir, un 10 por cento do total foron discriminados por ese punto que di vostede. Así que cremos que non é nin para a maioría, nin discrimina toda a frota artesanal, nin hai necesidade —insisto— de cambialo.

En resumo, non hai máis, ademais, que explicar, porque nós cremos que a orde está perfectamente definida. E co paso do tempo tanto o propio sector como a propia Xunta foron adaptándose á concesión desta axuda, que agora vai máis áxil e é máis sinxelo acceder a ela e outorgala. Polo tanto, non é certo que a frota costeira artesanal non poida optar a estas axudas; como digo, o 31 por cento xa o está facendo. E non é certo tampouco que se mesturen os segmentos de frota —como dixo vostede— ao cuantificar as vendas en lonxa. Polo tanto, faise por segmento, tal e como recolle a propia Orde no artigo 5.4, en todos os anos da FEMP. E digo isto porque vostede o plantexa na súa exposición de motivos.



Vou facer un apunte para finalizar. Esta foi unha petición do sector para evitar que entrasen buques non operativos ou que tivesen actividade regular e só aproveitasen unha campaña. É dicir, esta axuda é para premiar e axudar os buques que traballan todo o ano, os buques que están defendendo realmente a frota artesanal e as súas tripulacións e todos os mariñeiros, e non para premiar aqueles que poden ter outra ocupación e só van cando o sol máis quenta.

Polo tanto, sería unha triquiñuela —permítanme a expresión— por parte do Partido Socialista modificar esta orde e modificar ese punto concreto, que é o que realmente axuda e premia os mariñeiros que realmente defenden a pesca artesanal e traballan nela, a que sempre defendeu o Partido Popular de Galicia e seguirá defendendo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Visítannos hoxe alumnos dos ciclos administrativos do Centro Porta da Auga, de Ribadeo. Benvidos ao Parlamento e un saúdo cordial.

E agora continuamos co debate.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero darlle tamén a benvida ao Parlamento aos veciños da miña comarca —que eu son de Burela—, aos alumnos de Ribadeo. Benvidos tamén a esta Cámara. *(Murmurios.)* Aquí tamén hai un deputado de Ribadeo que quere saudalos. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, hai dous. *(Murmurios.)* Perdón. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E é o exdirector do centro. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Bueno, están saudados por todos..., *(Aplausos.)* para que non haxa lío. *(Aplausos.)*

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Bueno, imos ao tema que nos ocupa.

Mire, señora Egerique, esta iniciativa —que, por certo, vostede recoñeceu tamén que era unha petición do sector, e iso é algo que eu dixen na miña primeira intervención— é algo que nos pedía o propio sector, e xa dixemos que nós o trasladabamos aquí, a esta Cámara, porque ao propio sector non lle facían ningún caso dende a Xunta de Galicia.

A verdade é que, antes de rematar, eu quería dicir que me chamou moito e poderosamente a atención que hoxe, que estamos a falar da pesca artesanal e a Xunta de Galicia di defender a capa e a espada a frota artesanal, vemos, cos datos que deu vostede hoxe aquí, que non é verdade esa aposta decidida. Porque, como dicía a señora Pérez, vostedes teñen a competencia, e non poden botar balóns fóra, ao Goberno central, porque son vostedes, o Goberno



galego, o que marca os criterios de acceso para poder aproveitar ben eses fondos europeos, e olvídanse da pesca artesanal.

Pero chamoume poderosamente a atención algo que vostede dixo. Dixo que estas axudas van para quen teñen que ir, que van para os que realmente traballan. E chegou a dicir: «...e non para eses que van cando máis quente o sol». ¿Que quere dicir vostede? (*A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, esas son afirmacións súas. Ou sexa, que a vostedes sempre lles dicimos aquí que teñen que escoitar todo o sector, non só a parte do sector que a vostedes lles interesa; é que uns son un pouquiño máis amigos que outros. Vostedes teñen que escoitar todo o sector. E paréceme moi grave que por parte da voceira de pesca do Grupo Parlamentario Popular se diga aquí, en sede parlamentaria, cando estamos a falar da pesca artesanal —que a pesca artesanal supón o 90 cento do sector pesqueiro na nosa comunidade autónoma e que dá tantos e tantos postos de traballo—, que algúns van cando máis quente o sol, e que outras veces ¿a que están? (*Aplausos.*) Mire, señora Egerique, a verdade é que a vostedes os que non lles bailan a auga non lles gustan moito.

Mire, cos datos que vostede deu, non sei se ese 31 por cento que di de axudas que van dirixidas á pesca artesanal son dende o ano 2016, porque vostede chegou a dicir: é que esta orde de subvencións é así, igual, dende o ano 2016. Dende o ano 2016 están a dicirle que modifique estes criterios. Eu non trouxen esta iniciativa aquí para criticar a Xunta de Galicia; como me viu, non critiquei as liñas de axuda que se contemplan nesta orde de convocatoria, porque as vemos ben, porque van en liña co que marca tamén ese FEMP —o futuro FEMPA—. Pero é que, señora Egerique, nós o que estamos dicindo é que o Goberno galego recapacite, porque é competencia do Goberno galego poder modificar eses criterios de acceso. Ademais, vostede dixo: o que hai que saber, porque fago un balance moi positivo desta orde de axudas, é que se tramitaron con moita axilidade; e, claro, déronse os expedientes que cumpren coas bases establecidas. Pois precisamente aí, a ese tema é ao que queremos ir dende o PSdeG, a que se modifiquen eses criterios de acceso para que permitan que esa pesca artesanal poida optar a estas axudas. Porque se son certos —que eu non o dubido— eses datos que vostede deu aquí —que non sei se son referidos só ao ano 2022 ou van dende ese periplo dende o ano 2016— e a frota pesqueira artesanal galega supón o 90 por cento da frota pesqueira en Galicia —se só é un 31 por cento—, aínda queda moi lonxe. Polo tanto, quedan moitísimas embarcacións que non poden optar a esta axuda.

Vostede di: «é que pode subvencionárselle o 80 por cento do investimento». Pero ¿de que vale que se lles poida subvencionar o 80 por cento se non poden acceder a esas axudas polos criterios que marca a Xunta de Galicia? E, como dicía, en Andalucía si que fan esa discriminación positiva para que esta pesca artesanal poida ter verdadeiras axudas con estas convocatorias. ¿Ou non é verdade? Está aí no *Diario Oficial de la Junta de Andalucía* de abril deste mesmo ano. Dous puntos máis á pesca artesanal.

Polo tanto, eu creo —é que non é que o crea o PSdeG, séguelo a dicir o propio sector— que seguen a trasladar que é necesario que se modifiquen eses criterios. Están a tempo, escoiten o sector, non nos escoiten a nós. Pero, dende logo, que o propio Goberno galego modifique eses criterios para que a nosa pesca artesanal poida ter acceso a estas axudas. Porque si, despois son moi bonitas as palabras da propia conselleira defendendo esta pesca artesanal,



pero agora que teñen a posibilidade de axudar publicando estas declaracións de intencións que fan moitas veces, que se contemplan realmente no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo tanto, recapaciten, escoiten o sector, a todo o sector, como sempre lle trasladamos tamén dende o meu grupo, e permitan que esta pesca artesanal poida optar a estas axudas.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoto deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto do papel de Galicia na produción de enerxía eléctrica

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa os puntos 1 e 2 débense substituír polo seguinte contido:

<<1º) Demandar do Goberno central que se estuden compensacións ás comunidades autónomas que máis enerxía renovable vertan á rede eléctrica estatal.

2º) Consensuar co Goberno central a implantación de enerxía renovable en Galicia.>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Eduardo Galeano escribiu en *Las venas abiertas de América Latina* a historia das feridas que deixou nesa parte do planeta a colonización e o espolio dos recursos naturais. E nese libro Galeano conta como unha terra e un pobo ricos en recursos naturais foron empobrecidos, mentres esa riqueza era empregada para desenvolver outros países. Disecciona Uruguai, que é a historia da súa patria, pero no fondo é a historia de tantas outras patrias no mundo danadas pola cobiza do imperialismo e tamén do capitalismo onte e hoxe. Tamén é, en certo modo, a historia da nosa.

No inicio dese libro Galeano explica que América Latina é a rexión das veas abertas porque todo se foi empregando para transformarse sempre en capital foráneo; todo o capital acu-



mulado en centros de poder afastados, todo: a terra, os seus froitos, as profundidades ricas en minerais, os recursos naturais e os recursos humanos. E conta tamén que a cada parte lle foi asignada unha función sempre en beneficio do desenvolvemento dunha gran metrópole estranxeira, facendo así infinita a cadea das dependencias sucesivas.

Como digo, esta historia é tamén a nosa; unha historia moi semellante á nosa, porque aquí, en Galiza, tamén vivimos como no pasado outros decidiron que tiñamos que ser a reserva enerxética do Estado mentres o desenvolvemento industrial e económico se favorecía noutras partes da Península.

Decidiron por nós o que había que extraer, por exemplo, o noso carbón, hoxe esgotado, ou que había que espremer os nosos ríos; ata o punto de que hoxe, en 2022, 1 de cada 4 xigavattios hidráulicos que se xeran no Estado español vén de Galiza. Iso é o que Otero Pedrayo no seu día chamou feudalismo eléctrico, cando o franquismo anegou máis de 700 hectáreas produtivas de Castrelo de Miño para facer un encoro en contra da vontade popular do Ribeiro.

Galeano remataba esta parte do seu libro, a súa explicación inicial, cunha frase demoledora que nós queremos desde o BNG facer hoxe tamén nosa porque resume á perfección o saldo do modelo enerxético que temos vixente: «perdemos, outros gañaron». E hoxe desde o BNG traemos de novo unha iniciativa a este pleno para conseguir que se tomen medidas para que Galiza vexa compensado o seu papel de produtora excedentaria de enerxía eléctrica. E facémolo porque estamos aburridos e aburridas de que Galiza perda e porque o que queremos é que Galiza gañe; é hora de que Galiza gañe. E isto é de xustiza desde o punto de vista social, desde o punto de vista económico e tamén desde o punto de vista medioambiental.

É de xustiza desde o punto de vista social porque é absolutamente indecente que hoxe, mentres Galiza é excedentaria en produción de enerxía eléctrica, haxa máis de 353.000 galegos e galegas que non poden pagar a súa factura da luz, que non poden ter a temperatura da súa casa a un nivel adecuado e que están pasando frío. Todo isto mentres, ademais, as grandes enerxéticas que fan caixa co noso país levan rexistrado, por exemplo, só nos nove primeiros meses de 2022, un beneficio de 9.572 millóns de euros —case un orzamento da Xunta—, un 52 por cento máis que no ano 2021. É dicir, mentres o país sofre polos prezos da enerxía, mentres os galegos e galegas sofren para pagar a factura da luz, as eléctricas enchen as súas arcas, enchen os seus petos, nunha crise económica que cada vez é máis complicada. Isto é indecente. É hora de que o Partido Popular pare de lexislar para o lobby eléctrico e lexisle para as maiorías sociais deste país.

É tamén de xustiza desde o punto de vista económico, porque é inexplicable que un país que é rico en produción enerxética non se poida beneficiar dese papel única e exclusivamente porque se aplica un centralismo absolutamente insolidario. O máis escandaloso aínda, se pensamos do punto de vista económico, é pensar en todas as empresas que pecharon no noso país por mor do prezo da enerxía eléctrica; ou é máis escandaloso aínda —e podería botar toda a miña intervención poñendo exemplos destas empresas— cando vemos aquelas empresas especialmente vinculadas ao sector eléctrico que pecharon malia a algún eólico que hai no noso país, como Vestas ou como Siemens Gamesa; ou máis escandaloso aínda



son aquelas empresas vinculadas a estas empresas de produción enerxética que deslocalizaron postos de traballo, pese a que enchen as súas arcas no noso país. Temos exemplos recentes como Iberdrola, en Valdeorras, que deslocalizou os seus traballadores e traballadoras para controlar os nosos ríos desde outros puntos da Península. Temos exemplos como Naturgy, a empresa que máis instalación ten de megavattios no noso país e que aínda así levou os postos de traballo de atención á clientela da Coruña para Madrid e de Ourense para Reus e Colombia.

E tamén é de xustiza que, por fin, Galiza gañe e que se lle dea a volta a isto, porque é de xustiza tamén desde o punto de vista ambiental. Non podemos esquecer que do punto de vista medioambiental a xeración eléctrica onde ten o impacto é aquí; é no noso país maioritariamente. Sufrimos nós as consecuencias, por exemplo, das centrais a través das emisións de CO₂, pero tamén as consecuencias da implantación das renovables, porque renovable non significa inocuo, tamén ten un impacto, aínda que sexa menor, en ocupación de terras e, sobre todo, se se fai tan mal como fai o Partido Popular, máis alá da ocupación de terras, tamén na alteración da biodiversidade, na alteración do clima, etc.

Polo tanto, chegados ata aquí, xa sobrarían as razóns para darlle a volta a este modelo e para impulsar unha tarifa eléctrica galega, pero é que cada vez hai máis enriba da mesa. Hoxe os xornalistas teñen unha frase feita que din moito, que é que «a actualidade manda». E hoxe tamén neste debate a actualidade manda, porque non podemos ignorar que estamos nunha crise económica de prezos, onde precisamente os enerxéticos son os máis disparados, e non podemos ignorar tampouco que estamos nun contexto de crise enerxética e climática. Estamos nun momento de cambio onde se está movendo todo e que está provocando que se mova todo e que todo mude. Todo, por suposto, menos o Partido Popular, que segue ancorado no seu inmovilismo, no seu centralismo e no seu servizo permanente ao lobby eléctrico. E é tan evidente a desigualdade desta situación que cada vez hai máis voces, incluso do propio Partido Popular e do propio Partido Socialista no Estado, que cuestionan o actual modelo pola súa insolidariedade territorial, e cada vez hai máis territorios damnificados que piden compensacións.

Recentemente viamos como Mañueco vertía unhas declaracións ao respecto, un señor que é presidente —ata onda eu sei— do Partido Popular. Pero máis recentemente aínda escoitabamos o presidente de Aragón, que pedía compensación pola súa produción de renovables. Mais aquí o que tivemos estes últimos anos era a actitude do Partido Popular, que sempre é máis papista que o papa. Entón, por exemplo, hai apenas dous anos, cando debatíamos novamente por unha tarifa eléctrica galega, viamos como Feijóo dicía (*A señora Presas Bergantiños amosa un documento.*): «Feijóo rechaza una tarifa eléctrica gallega porque ningún español lo entendería». Perdón, dixen mal, hai un par de anos non, no 2017 dicía isto (*A señora Presas Bergantiños amosa un documento.*): «Ningún español entendería una tarifa eléctrica gallega».

¿Recordan vostedes que pasou ao ano seguinte disto?, ¿que pasou uns meses despois de que Feijóo nos dixese isto? Pois o que pasou foi que no 2018 Galiza tivo que pagar a factura eléctrica máis cara do Estado porque tivo que compensarlles, despois dunhas vergonzosas sentenzas xudiciais, ás eléctricas o que se cobrara polo canon eólico. É dicir, que xa non só é que durante un ano e pico Galiza non tivese compensación, senón que tivo que pagar a factura máis grande de todo o Estado español.



E agora, como saen outros territorios pedindo compensacións, pois, claro, o Partido Popular fai a súa segunda estratexia política favorita despois de repartir culpas aos demais, que é disimular; disimular que defenden os intereses de Galiza, disimular que son os máis agueridos defensores do autogoberno. Entón, tivemos que escoitar hai apenas tres semanas o presidente Rueda nesta Cámara dicindo que, se Aragón ten algunha compensación, nós pedimos o dobre. Entón, nós tomamos o guante, e desde o Bloque Nacionalista Galego, preocupadas porque ademais nesas reunións coa ministra da rama —que sacaba antes a voceira do Partido Popular aquí nesta Cámara— non emitiron nin unha soa petición nese sentido, o que facemos hoxe aquí é dar a oportunidade a este Parlamento de que haxa unha posición de país, de que haxa unha rectificación e de que por fin defendamos de forma unitaria que Galiza ten que ser compensada por ser un territorio produtor de enerxía eléctrica; e facémolo porque é urxente e facémolo porque os datos seguen avalándonos.

Eu recordo como neste Parlamento estes últimos anos se nos dicía que cando pechasen ou reducisen actividade as grandes térmicas do noso país pasaríamos a ser deficitarios. Non só iso non pasou, senón que seguimos sendo excedentarios, e pese á política enerxética do Partido Popular, que non é capaz de instalar os megavatios que corresponderían de enerxía renovable, ao mesmo tempo que converte a enerxía renovable nun problema social porque fai unha mala planificación; pese a iso, seguimos sendo excedentarios e seguimos a ser líderes en renovables.

Se vemos, por exemplo, os últimos datos de Red Eléctrica, no 2020 exportamos o 29 por cento do producido; no 2021, o 27,7 por cento. E non só iso, senón que xeramos máis renovable da enerxía total que consumimos. É certo que temos o problema do almacenamento enerxético e que, polo tanto, temos que seguir xerando con outras fontes, pero isto o que demostra é que imos no bo camiño, que temos a galiña dos ovos de ouro, porque temos unha potencia produtora inigualable, e que son as decisións políticas as que están facendo que isto, en lugar de revertir no noso desenvolvemento económico e social, o que faga sexa encher o peto das compañías eléctricas das que despois o Partido Popular colle as portas xiratorias.

Polo tanto, hoxe o que propoñemos é algo moi sinxelo: facer xustiza e darlle a volta a isto para que Galiza pare de perder, para que Galiza gañe con tres medidas:

A primeira, demandar a reforma do marco eléctrico estatal para permitir unha tarifa eléctrica galega e para facer xustiza cos territorios que son produtores, para que iso compute na factura a través dunha rebaixa das peaxes.

A segunda, defender o autogoberno e a non inxerencia nas competencias, reclamando que teñamos soberanía para a expansión das renovables.

E a terceira, dar un xiro ao modelo enerxético galego, impulsar un novo modelo enerxético arredor da prevalencia da protección medioambiental, do impulso á participación pública, do consenso social e da innovación.

En resumidas contas, tres propostas claras, posibles e concisas para que Galiza gañe, para que deixe de perder, para que perdan as eléctricas e non este país.



Os momentos de cambio hai que aproveitálos. Este goberno non pode seguir sendo un lastre para Galiza e non podemos seguir permitindo que Galiza continúe como espectadora cando pode pilotar o seu propio cambio enerxético e que iso reverta en máis xustiza social, económica e medioambiental.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día de novo.

Hoxe o Bloque Nacionalista Galego trae unha iniciativa, e podemos concordar en boa parte da súa exposición de motivos, posto que os socialistas estamos de acordo con que o sector enerxético ten un papel absolutamente central no desenvolvemento económico e social. Tamén estamos de acordo en que para Galicia aínda é máis relevante, posto que ten e terá un papel de produtor de enerxía con importantes consecuencias sociais, territoriais, medioambientais e económicas. E tamén estamos de acordo en que hai determinados fogares que teñen moitos problemas para quecer as súas vivendas, cuestión na que consideramos que deben ser as administracións as que actúen nese caso.

Pero tamén estaremos de acordo, señores e señoras do Bloque Nacionalista Galego, en que no contexto actual de emerxencia climática e coas consecuencias da invasión de Ucraína por Putin a subministración enerxética está colocada hoxe no centro do foco social, económico e político, poñendo de manifesto a vulnerabilidade que supón a dependencia enerxética exterior en termos de prezo, confianza e de garantía de subministración. Polo que a política enerxética pasou a ser un tema central dentro da Unión Europea.

Como vostede ben sabe, o propio Plan REPowerEU é un plan para reducir rapidamente a dependencia da Unión Europea con respecto aos combustibles fósiles rusos e avanzar con rapidez na transición ecolóxica. A Comisión Europea publicou tamén unha recomendación sobre a aceleración dos procedementos de concesión de permisos para os proxectos de enerxías renovables e a facilitación dos contratos de compra de electricidade, colocando as enerxías renovables no núcleo de transición cara ás enerxías limpas e necesarias para acadar os obxectivos do Pacto verde europeo.

No caso de España, o Goberno aprobou lexislación na que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra na Ucraína, aliñado tamén coas recomendacións da Comisión Europea e co Plan REPowerEU. Xa que logo, hai determinadas cuestións que deberan ser a base do noso futuro enerxético: a importancia da enerxía renovable no contexto da Unión Europea; a dependencia dos combustibles fósiles non é xa unha opción; cada rexión da Unión Europea debe desenvolver as súas potencialidades; e que estamos a falar dun sector estratéxico polo que podemos apostar



para permitir o progreso e o desenvolvemento da nosa comunidade. ¿E como? Aproveitando un recurso que temos, aproveitando cualificación profesional da que dispoñemos e incrementando as opcións de industrialización e a instalación de empresas preto desas fontes de enerxía da nosa comunidade.

As rexións que carezan de condicións naturais ou non sexan capaces de aproveitar nestes anos claves as súas potencialidades quedarán fóra dos grandes polos de investimento industrial, xa que serán menos competitivas.

O noso posicionamento como partido, o posicionamento do PSdeG, é claro. Os socialistas defendemos e seguiremos a defender un despregamento de enerxía eólica ordenada, non de calquera xeito, non en calquera lugar e non sen condicións; pero defendemos un despregamento da enerxía eólica racionalizado, desenvolvido de xeito estratéxico, para reforzar outros piares da economía, vinculado ao territorio e aos seus habitantes e respectuoso co medio ambiente; é dicir, que estea planificado con base nos intereses de Galicia, no seu desenvolvemento, no seu carácter estratéxico para cada parque e nas propostas que van asociadas a el, e que se propicien as propostas empresariais integrais, onde as propostas de novos parques non se limiten unicamente a xerar megavatios para a rede, senón que veñan vencelladas á posibilidade de desenvolvemento industrial, ben a través das PPA, de hidróxeno verde ou de centrais reversibles.

Polo tanto, solicitamos tamén que se desenvolva un marco legal que force os acordos das empresas coa propiedade para probar a utilidade pública e cos veciños e veciñas con contraprestacións enerxéticas e sociais que permitan reforzar o desenvolvemento rural, en vez de ser un obstáculo para el; absolutamente respectuosos coas tramitacións medioambientais rigorosas e o respecto á Rede Natura.

Os socialistas cremos que Galicia deba liderar o despregamento de enerxía eólica, que permita o desenvolvemento industrial que precisa a nosa economía, en equilibrio co respecto polo noso territorio e pola nosa veciñanza, materializando o marco legal que permita o seu desenvolvemento.

Polo que os socialistas presentamos unha emenda aos dous primeiros puntos desta iniciativa presentada polo Bloque Nacionalista Galego e que penso explicar.

No primeiro punto queremos que se substitúa por demandar do Goberno central que se estuden compensacións ás comunidades autónomas que máis enerxía renovable verten á rede estatal; emenda que quero explicar. Vostedes volven solicitar neste primeiro punto unha tarifa eléctrica galega. É un punto sobre o que os socialistas non estamos de acordo, e explícome. Vostedes están obviando, por unha banda, a solidariedade entre rexións e que formamos parte dun estado no que noutras rexións se producen outros bens e outros servizos que son consumidos en Galicia, e non parecería moi razoable que esas outras rexións onde se producen quedasen exentas do seu pagamento, entre outras cuestións porque alguén terá que pagar o que deixan de pagar determinadas rexións.

E voulle poñer un exemplo para que todo o mundo me entenda. Eu son de Cerceda, sábese perfectamente. Ademais, hoxe mesmo van derrubar esa... A ver se me sae ou non... *(Pronún-*



cianse palabras que non se perciben.) Exactamente, a cheminea alta non é; é a de refrixeración, ¿vale? Van derrubar a cheminea de... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois a torre de refrixeración —dá igual, vostedes entendéronme perfectamente— da central térmica; unha central que durante moitos anos, xunto coas Pontes, foi das maiores xeradoras de enerxía para todo o territorio e, polo tanto, esa enerxía exportábase a outros territorios. É unha industria coas súas luces e coas súas sombras, incluso para vostedes. Recordo perfectamente, señora Presas, porque estabamos xuntas nunha comisión ese día, o día que se apagou a torre da central térmica de Meirama. A señora representante naquel momento do BNG en Cerceda mostraba ese mesmo día nas redes a súa grandísima ledicia porque, por unha vez, se parara. E eu recordo que tiveramos un debate no que vostede manifestaba que non era moi correcto que se estivera deixando de producir enerxía a través da central térmica de Meirama. Polo tanto, nin sequera vostedes teñen o mesmo discurso.

Miren, insisto en que é unha empresa con luces e con sombras. Pero é que, se trasladamos o discurso que vostedes traen hoxe aquí, todas as persoas que vivimos en Cerceda deberíamos estar exentos de pagar a factura eléctrica e, polo tanto, poderíamos pedir esa tarifa eléctrica cercedense. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, poderíamos pedir esa tarifa eléctrica cercedense. É máis, dígolle máis, é que tamén temos a Sogama. E se queren tamén pedimos unha tarifa eléctrica para non pagar o lixo; unha cuestión que me afectaría directamente no meu peto, no meu bolsillo, como din aquí os do Partido Popular, e que, ao mellor, debería de defender. Pero, evidentemente, non estamos de acordo. Nós non estamos de acordo cunha tarifa eléctrica galega, porque, insisto, creo que hai termos de solidariedade.

¿En que estamos de acordo, e totalmente de acordo? En que pidamos compensacións. Niso si que estamos totalmente de acordo. Non queremos ser unha rexión que quede a expensas... Iso tamén se fixo no concello de Cerceda. Quero dicir, a Galicia deben trasladarse compensacións por ser produtores excedentarios de enerxía, tal e como está manifestando o Goberno do Estado e que se está estudando. Vostede poñía o exemplo de Aragón, pero hai outras rexións que tamén son produtoras e tamén son excedentarias de enerxía.

Polo tanto, pedimos —e aí sei que estaremos totalmente de acordo— que se nos dean máis fondos, ben a través do sistema de financiamento autonómico, ben a través de investimentos, ou incluso dunha mestura dos dous, e con maiores facilidades para o autoconsumo para que se reduza a factura da luz.

Nós pedímoslle que substitúan tamén o seu segundo punto por consensuar co Goberno central a implantación de enerxía renovable de Galicia. Sobre este segundo punto xa nos manifestamos en anteriores ocasións. Creo que propuxemos tamén isto como emenda nalgún outro punto e, evidentemente, votariamos a favor, posto que entendemos que a planificación dun territorio non pode facerse sen ter en conta ese territorio. Polo que, sen eximir a competencia que ten ningunha das administracións, si que consideramos que debe ser un modelo consensuado, e, neste caso, o modelo de despregamento enerxético da nosa comunidade debe ser consensuado co Goberno do Estado.

En canto ao punto número 3, non pedimos, evidentemente, ningunha emenda, estamos totalmente de acordo. E hai que ter en conta tamén que no día de hoxe seguimos sen ter



esas Directrices enerxéticas de Galicia 2020–2030. As anteriores consistían en dous pape-
liños. Neste caso, a Xunta de Galicia veu comparecer por petición propia nunha comisión
para explicar estas directrices enerxéticas de Galicia, pero ese mesmo día, en outubro,
comprometeuse a facérnolas chegar a todos os grupos parlamentarios, e aínda estamos
esperando.

Porque señores e señoras do Partido Popular, o Goberno do Partido Popular, antes con Feijóo
e agora con Rueda, está baseado na publicidade e na propaganda, porque unha cousa é o que
din e outra o que fan. Esperemos que na maior brevidade posible, se pode ser antes de que
remate ese ano, teñamos no noso poder esa Estratexia enerxética de Galicia 2020–2030 para
coñecer tamén cales van ser as demandas que vai facer Galicia ao Estado en liña con esta
estratexia enerxética.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Bo día, señorías, de novo.

Pois nada novo baixo o sol. Hoxe toca debater de novo un vello tema, deses estrela do Bloque
Nacionalista Galego: a famosa tarifa galega. E, ¡como non!, volven saír todos eses termos
rancios e radicais propios dun partido nacionalista, señorías, que só busca desconectar Ga-
licia de España, de Europa e do resto do mundo, colocando un interruptor no Padornelo. *(O
señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Miren, é unha mostra máis do sepa-
ratismo anacrónico do BNG, socio galego de Bildu, aliado de Pedro Sánchez e que con pro-
postas rupturistas non son máis que unha ameaza para os galegos. Pero, por sorte, señorías,
os galegos saben ben onde os colocan, e colocáronnos unha vez máis aí, na oposición. Si,
señor Bará. *(Aplausos.)*

Miren, veñen de novo coa novidosa proposta da tarifa galega, sen ningún fundamento. E é
que a realidade da tarifa galega é que lles resultaría moito máis cara aos galegos. A súa única
xustificación para facer esta iniciativa —xa o dixo vostede aquí— foi unha noticia dunha
reunión do presidente de Aragón coa señora Ribera. E para defendela volven saír todos eses
descualificativos arcaicos de: «modelo colonial», «espoliador», «depredador»..., que nin-
guén, señorías, nin os seus propios, defenden, señora Presas. Porque é ir en contra do sen-
tido común poñerse como se poñen vostedes en contra das enerxías renovables. E, señora
Presas, van quedar vostedes sós; vostedes, o seu sindicato e as súas plataformas, en contra
das enerxías renovables, señora Presas.

E viámolo nas pasadas manifestacións, porque hoxe aquí non falou nada das manifestacións.
É que nin a súa xefa foi á manifestación. Nesa volta ao novo..., a aquel neoquintanismo amigo
das empresas, pois nin a propia xefa foi ás manifestacións; mandárona a vostede e aos ra-
dicais —a vostede, e non sei se foi o señor Bará—, porque ela, como ten que vestir a ame-
ricana de moderada, manda os máis radicais do BNG.



Mire, señora Presas, o sistema eléctrico español está pensado para que todos os consumidores paguen o mesmo tanto de enerxía como de acceso. E con máis motivo en Galicia, onde os custos de distribución son moi superiores á media española polas características socioeconómicas, a dispersión da poboación, as territoriais e a orografía en relación co Estado.

Independentemente de onde esteamos situados, trátase de garantir a igualdade e a solidariedade entre territorios. Pero, claro, vostedes diso non entenden. O fin político do BNG e dos seus socios —Esquerda e Bildu— é todo o contrario: romper e repartir España en trociños. E só lles interesa o conflito entre territorios.

Vostede, señora Presas, vén aquí falar de que somos excedentarios de enerxía. ¡Oia, é que non se pode mentir máis! Non somos excedentarios en enerxía, nin sequera en enerxía eléctrica, sempre. ¡Sempre! ¡Non se pode falar...! (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*) Entón, hoxe, se non hai enerxía renovable, ¿que facemos?, ¿apagamos todos a luz e nos dedicamos a fabricar nas nosas industrias con vela? Porque se non hai enerxía renovable, ¿con que enerxía producimos?

Vostedes son capaces de pedir unha empresa pública de enerxía, señorías —atendan ben—, con 30 megavatios de enerxía hidráulica que caducou da demarcación de Galicia Costa, cando Galicia cada día consome 17 millóns de megavatios/hora. O Bloque Nacionalista Galego, con 30 megavatios de hidráulica, vaille subministrar 17 megavatios/hora, cos millóns de megavatios/hora que consome Galicia. Miren, son tan ridículos que as súas propostas caen polo seu propio peso.

E claro que nós estamos a favor de pedir compensacións. Non é de agora. ¡Si, de sempre, si! Compensacións a modo de investimento. (*Murmurios.*) ¡Si, señora Presas! Nós defendemos o mesmo sempre; vostedes non. Porque vostedes, no seu famoso pacto de Ana e Adriana —que teño eu aquí—, nin sequera escondían a tarifa galega. (*A señora Nóvoa Iglesias mostra un documento.*) Porque non vaian pensar que poñían... —daquela eran máis moderados, entón...—. Poñían no seu punto 5: «*El Gobierno estudiará posibles compensaciones tarifarias*». Pero nin nomeaban a tarifa galega. Agora, o que é ter máis cara é botarlle a culpa ao señor Feijóo, ao señor Rueda ou a este Parlamento de que non sexan capaces de que o señor Sánchez lles aprobe a súa tarifa galega. Os fracasos son seus, señora Presas, do seu superdeputado e do seu grupo, que non son capaces de conseguir nada para Galicia. Todo isto, ¿sabe o que é? (*A señora Nóvoa Iglesias mostra un documento.*) Papel mollado, señora Presas. (*Aplausos.*)

Mire, a diferenza de vostedes e dos seus socios, o Partido Socialista, nós non estamos en contra, coma vostedes —«stop aos eólicos», esa é a súa pancarta—, e a do Partido Socialista agora é: barra libre a todos os eólicos. Non, señorías.

Miren, señora Rodríguez Rumbo, vostedes nalgún momento, ata hai ben pouco tempo, menos dun ano —non sei moi ben canto é o que leva o señor Formoso no cargo—, facían isto (*A señora Nóvoa Iglesias mostra unha fotografía.*): ir ás mesmas manifestacións que vai o Bloque Nacionalista Galego. Aquí está o señor Caballero, o señor Aranguena, a señora Paloma Castro... Estes todos están na última manifestación, igual que o Bloque Nacionalista Galego. ¡Ata hai ben pouco! Ata hai ben pouco vostedes votaban en todas as iniciativas do Bloque



Nacionalista Galego a favor e en contra da enerxía renovable en Galicia, ¡ata hai nada! Así que, nin barra libre, nin stop; os proxectos eólicos que saíran da Xunta de Galicia serán os que cumpran as garantías técnicas, medioambientais e xurídicas. Si, señora Rodríguez Rumbo, eses son os que van saír.

Fala vostede de que lle acepta o punto número 3 da iniciativa do Bloque Nacionalista Galego porque se trata de garantir proteccións medioambientais... ¡Oia!, pero vostedes son capaces de, cun decreto, eliminar toda a exixencia de avaliación ambiental para os proxectos eólicos e vén aquí falar e pedir garantías medioambientais, ¡home!, un pouco de pudor, señora Rodríguez Rumbo. Eu xa sei que vostedes están moi fastidiados coa política que está facendo en Madrid a señora Ribera, supoño que si, e teñen que tragar con ela, porque está danando Galicia, e moito, e sábeno e teñen que tragar con ela. Pero non veñan aquí dicir que vostedes están a favor da protección medioambiental cando en Madrid aproban un decreto para quitar a avaliación ambiental dos proxectos eólicos.

Miren, o máis grave é o Bloque Nacionalista Galego, que di que non hai un retorno do sector eólico en Galicia, cando somos a terceira comunidade en xeración de enerxía eólica, temos 5.600 empregos e aportamos case un 1 por cento ao PIB con 580 millóns de euros; ¡a terceira, a terceira en enerxía eólica!

E, oia, os que se posicionaron en contra do canon eólico... ¿Quen puxo o canon eólico en marcha? Un goberno do Partido Popular. Leva recadado máis de 200 millóns, concretamente 273 millóns, e con vostedes no Goberno non fixeron absolutamente nada, nada máis que aprobar os proxectos que deixara tramitados o señor Fraga e que vostedes puxeron en marcha, señora Presas. Porque o seu modelo eólico foi un fracaso, e así o avaliaron os tribunais. Pero o máis sorprendente é que vostede, claro, non vai a un concello, por exemplo ao de Muras —creo que é o que máis eólicos ten—, dicirlle que se poña en contra dos eólicos e que os quite. Non, porque o propio alcalde de Muras reconece que o 50 por cento do seu orzamento provén do retorno que deixan os eólicos alí: dos impostos do IBI, do ICIO, das actividades económicas e do Fondo de Compensación Ambiental. Que, ¿saben, señorías, cantos euros dá o Fondo de Compensación Ambiental para Muras? Dá 570.000 euros, dun orzamento que non chega aos dous millóns de euros. ¿E son capaces de dicir que o sector eólico non deixa retorno no territorio? Mire, diga aquí, cando suba á tribuna, un concello dos seus que queira que se lle quiten os eólicos. Veña aquí, que vostedes gobernan nalgún concello onde hai eólicos, e diga que si, que están en contra. Claro, porque vostedes queren quitar os eólicos... Mellor dito, queren que os eólicos sexan de empresas públicas. E, señorías, o máis sorprendente é que se os eólicos ou as centrais hidráulicas pertencen a empresas públicas non impactan no medio ambiente. Este é outro motivo máis de rigor do Bloque Nacionalista Galego. Miren, señorías do Bloque Nacionalista Galego, eu creo que aí a filosofía é moi importante, pero a enxeñeira tamén; e máis filosofía e máis enxeñería.

Señoría, entérese un pouquiño de como funciona o sistema eléctrico. Apoien que en Galicia se poidan instalar eólicos onde se poidan instalar, deixen as súas pancartas e deixen de maltratar Galicia por unha vez. Non veña aquí vostede, señora Presas, a dicir, aínda por riba de poñerse en contra de todas as infraestruturas enerxéticas que se queren instalar en Galicia,



que o Partido Popular non instala eólicos en Galicia; os da pancarta, os do non, os do non a todo.

Mire, señora Presas, un pouco de pudor. A súa tarifa galega non se sostén, e dicíallo aquí a señora Rodríguez Rumbo coa tarifa para Cerceda. Pero é que no momento en que Galicia non poida producir enerxía renovable, porque aínda que a produzamos non a poidamos almacenar, nese momento, ¿que nos tocaría, entón, pagar máis pola tarifa galega? Porque, joia!, como non temos enerxía renovable, ¿que pagamos, máis? Esa é a súa proposta. Os excedentarios que paguen menos e os deficitarios que paguen máis. Entón, no momento en que Galicia non teña enerxía renovable, ¿que facemos?

Claro, resopra, señora Presas, pero é que a súa proposta non se sostén. Non se sostén, ademais, porque ata hai ben pouco propoñían unha rebaixa dun 30 por cento e despois cambiárona a un 10 por cento. Non se sostén. Por moito que os seus aliados, os seus asesores, os intentan meter por aí, van en contra da realidade.

Pola miña parte, nada máis.

Obviamente, non imos aprobar a súa iniciativa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

¡Non hai maneira co Partido Popular! Non lles gusta que citemos a Galeano, onte non lle gustaba que citáramos a Darwin, que era científico... Vostedes son máis doutras referencias intelectuais e filosóficas, como a prima de Rajoy, que rexeitaba o cambio climático. Por fin deixaron atrás ese tipo de exemplos. *(Aplausos.)*

E ben, despois da argumentación sobre os gustos intelectuais, hoxe, que non tivemos nin a ETA nin a Venezuela nesta quenda de intervencións, tivemos o vestiario. Mire, señora Nóvoa, xa fóra do que me parece que reduzamos o debate político ao vestiario, créame que non estaba o clima de Xinzo como para ir en americana. En todo caso, como, visto que imos ter que pasar o Entroido neste pleno —que aproveito para pedir un pouco o amparo da presidencia Ourenzá para que iso se corrixa—, pois igual o martes de Entroido xa podemos traer unha americana.

Pero, mire, a cuestión é que fale vostede con quen fale do Bloque Nacionalista Galego as propostas políticas son as mesmas, e son coherentes, con independencia dos nosos gustos estéticos, señora Nóvoa. ¿E sabe o problema? Vostede vén aquí e pon o ventilador; pon o ventilador así, a ver que pode arrexuntar. E o problema é que tamén a señora Rumbo intentou facer un pouco o mesmo, porque, ao final, o gran problema é que a política enerxética do Partido Popular e do Partido Socialista ten un gran denominador común, que é render pleitesía ao centralismo insolidario español e ás portas xiratorias, ás que van despois uns e



outros. Corenta e oito altos cargos dos gobernos do PP e PSOE colocáronse nas grandes empresas privatizadas.

Isto si que é nada novo baixo o sol, señora Nóvoa, pero non se preocupe, que despois na interpelación sobre o sector eólico que temos xa renderá contas tamén o vicepresidente económico respecto das portas xiratorias do Partido Popular.

Mire, eu voulle ensinar un mapa que me consta que xa coñece. (*A señora Presas Bergantiños mostra un mapa.*) Este mapa, señora Nóvoa, non o fixo o BNG. Este mapa é dun informe de Red Eléctrica de España. Si, Red Eléctrica de España, ¿sóalle? É un mapa no que se ven os picos de produción do Estado, onde está Galiza liderando, e o sumidoiro de consumo de enerxía que é Madrid, señora Nóvoa, ¡que é Madrid!

Mire, a min encántame Madrid. De verdade, a min encántame Madrid. Eu, cando vou a Madrid e volvo para Ourense, vou pola autovía e vexo esa serra, e alégrome de que non teñan esa serra destrozada para xerar enerxía eléctrica, efectivamente. Pero ¿sabe cal é a cuestión? Que nós temos o impacto medioambiental, temos o impacto económico, e os beneficios para reinvestir na industrialización van para outros puntos do Estado. Ese é o problema do seu modelo centralista.

E voulle ensinar outro mapa, xa que este non lle gustou. (*A señora Presas Bergantiños mostra outro mapa.*) Este é o mapa da ratio xeración-demanda e da xeración de xigavattios/hora por comunidades do último ano do que hai informe dispoñible en Red Eléctrica de España. Vese que, mentres o índice de Madrid é 4,9 por cento, o de Galicia é 28 veces máis, señora Nóvoa, 138,3 por cento. Polo tanto, esta si que é a insolidariedade centralista: que nós xeremos, teñamos as consecuencias, e que os beneficios vaian só para outros puntos do Estado. Esta é a realidade.

E por suposto que defendemos un modelo no que o que deixemos de pagar os galegos e galegas o terán que pagar outros territorios, claro. Iso non é incompatible con ser insolidarios e insolidarias, porque nós tamén somos solidarios, por exemplo, coa tarifa que teñen que pagar nas illas. Pero nós o que defendemos é que o noso potencial o que ten que facer é axudarnos a ter máis capacidade de desenvolvemento económico. Iso é xustiza social; o que é inxusto é o actual modelo. Hai cada vez máis voces a favor destas teses, e vostedes téñenas nas súas filas: o señor Mañueco ¿de onde é?, ¿é do Bloque Nacionalista Galego? E o señor Lambán debeuse afiliarse tamén. Estamos expandindo tanta militancia que xa se nos está indo das mans das fronteiras.

Mire, vostede vén facer aquí chistes sobre interruptores, pero quen tería un problema, se se apagase o interruptor galego, sería o resto do Estado, esa é a cuestión, señora Nóvoa. E o que é lamentable é que veñan vostedes e o señor presidente Rueda hai apenas un pleno a dicir: non, nós imos tamén solicitar compensacións. E despois as compensacións que piden é que se melloren as redes de transporte. ¡Home, só jodería ser a pila de España (*Murmurios.*) e que por riba tivésemos que pagar as galegas e os galegos o custo das instalacións para exportar enerxía! ¡Xa sería o que amolaría! —perdón, que non lle gustou ao señor Vega a palabra; ben, amolaría—.



Esa é a cuestión, señora Nóvoa, que vostedes defenden aquí os intereses das grandes eléctricas e os intereses do Partido Popular madrileño, porque non hai Partido Socialista de Galicia nin Partido Popular de Galicia, o que temos son partidos socialista e popular madrileños defendendo única e exclusivamente os intereses do Estado. *(Aplausos.)*

Pero hai unha cousa na que concordo con vostede —e con isto remato—: claro que é arcaico o colonialismo, claro que é arcaico o centralismo insolidario, claro que é arcaico que nós produzamos e que os beneficios vaian para outros lados, claro que é arcaico gobernar ao servizo do Ibex 35. Todo iso é arcaico, iso debe ser o pasado, e nós do que vimos falar aquí é de futuro e de alternativa, señora Nóvoa, de que os recursos dos galegos e das galegas —porque non son seus, nin do Partido Popular nin do seu Goberno, son dos galegos e das galegas— revertan no noso desenvolvemento económico, no noso desenvolvemento social e na nosa restauración medioambiental. Iso é o que propoñemos hoxe: unha tarifa eléctrica galega, que teñamos capacidade de decidir sobre o desenvolvemento das renovables no noso país e que apostemos por un modelo enerxético que pivote sobre eses principios, señora Nóvoa.

Hai alternativa, e non se preocupe que antes que tarde chegará a este país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: A emenda non a aceptamos porque consideramos que é un lavado...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...de conciencia e que cada partido ten que posicionarse.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa da señora Encarna Amigo.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia para a prevención do cancro de pulmón.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; abstencións, 19 .



O resultado da votación é positivo

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona Marina Ortega.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a execución do concerto social a través da Consellería de Política Social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do señor Bará.

Non se acepta a proposta de emenda *in voce* do Grupo Parlamentario Popular, pero si se acepta o punto 3 da emenda do PSOE.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da suba das peaxes da AP-9 e da AP-53

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de dona Marta Nóvoa Iglesias.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en materia da planificación de Red Eléctrica de España

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 19.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para facilitarlles a solicitude de axudas á pesca sustentable ás pequenas embarcacións

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E votamos, por último, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto do papel de Galicia na produción de enerxía eléctrica

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

E continuamos coa orde do día. Punto cuarto, interpelacións.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os plans industriais das empresas eólicas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Si. Continuamos.



Señor Conde, vémonos na obriga de traer aquí esta interpelación despois de que por dúas veces o director xeral de Planificación Enerxética se negase a responder ás preguntas do BNG na Comisión 2ª. Entón, as preguntas que lle temos que facer é: ¿que teñen que agochar, señor Conde? ¿A quen están protexendo? E ¿por que non teñen a valentía de defender as súas decisións? ¿E saben por que non a teñen? Porque a fixeron moi gorda, desta vez fixérona moi gorda e caeron con todo o equipo.

Miren, vostedes non só favoreceron as empresas con ducias de cambios legais á medida, nada máis e nada menos que ata sesenta e dous cambios na Lei de aproveitamento eólico, do ano 2009. Non só cometeron ilegalidades e vulneraron a lei na aprobación de parques eólicos —non o dicimos nós, dino as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo, que lles anularon varios parques e suspenderon cautelarmente outros—; non só asoballaron persoas, concellos, o medio rural e o medio natural. Agora xa pasaron todos os límites no trato de favor a empresas como Greenalia, porque para iso serven as portas xiratorias, señor Conde, para iso están dous exconselleiros da Xunta de Galiza sentados no Consello de Administración de Greenalia, nada máis e nada menos que un exconselleiro de Industria, antecesor seu, e unha exconselleira de Medio Ambiente. Foron demasiado lonxe e van caer con todo o equipo. E, polo que fixeron, teñen unha denuncia nestes momentos presentada na Fiscalía por Adegas por presuntos delitos de malversación e de prevaricación, que xa veremos onde remata. En todo caso, ese é o percorrido xudicial e nós ímonos cinguir ao percorrido político parlamentario.

E imos por partes. Imos falar dos antecedentes desta materia —que hai bastantes—. Todo comeza co concurso eólico do 2010. Hai que lembrar aquel concurso que o señor Guerra —tamén un antecesor seu— dixo que era o maior plan industrial da historia de Galiza, 2.325 megavatios, 13.266 millóns de euros de investimento e máis de seis mil postos de traballo entre o 2010 e o 2015. ¿E sabe o que foi, señor Conde? Foi o maior fiasco industrial da historia de Galiza, (*Aplausos.*) aínda que en dura competencia con Pemex; están aí rivalizando en cal foi o maior fiasco; por certo, nos dous con derivadas xudiciais. ¿E saben o que pasou con ese maior proxecto industrial da historia de Galiza? Entre o 2010 e o 2018 desenvolveron, dos 2.325 que se tiñan que desenvolver ata o 2015, 122 megavatios. ¡122 megavatios en oito anos!; unha auténtica parálise por decisións do Partido Popular.

E nese concurso unha empresa chamada Kaekias Eólica foi adxudicataria de 75 megavatios en dous parques: o parque Campelo, situado entre Coristanco e Santa Comba, con 42 megavatios, que foi suspendido cautelarmente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza por incumprir a normativa ambiental, nada máis e nada menos —quixeron coller un atallo—. E o segundo, Lamas de Feás, en Baltar, Ourense, que está en tramitación; son 33 megavatios. Pois ben, estes parques na oferta que tiña a empresa tiñan asociado un plan industrial para un proxecto industrial de secado de lamas de depuradora e de fabricación de peles que por petición da empresa foi monetarizado, é dicir, foi substituído —así o prevía a orde de convocatoria deste concurso— por un pagamento de 11,7 millóns de euros, que propuxo a empresa facer en substitución do plan industrial, e que —e isto é moi importante— lle foi adxudicado no concurso eses 45 megavatios con esa condición do pagamento deses 11,7 millóns de euros da monetarización.



Aquela normativa reguladora no seu artigo 7, que prevía a substitución do plan industrial pola monetarización, en ningún momento prevía cambiar esa situación. Porque, ademais, se se cambia esa situación, cámbianse os criterios de adxudicación do concurso, e, polo tanto, estamos entrando nun terreo de inseguridade xurídica, na posibilidade de que outras empresas denunciaren. É que chegamos a unha situación xudicial, desde logo, que sería moi preocupante.

Pois ben, ¿que pasou despois daquela? Entre o 2010 e o 2016 practicamente nada. No ano 2016 Greenalia compra esta empresa Kaekias Eólica e no ano 2018 a Xunta concédelle esa figura prevista na lei do 2017, de especial interese, que supoñía a aceleración da tramitación, a redución dos prazos á metade, que foi o motivo da suspensión cautelar por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. E no 2019 Greenalia solicita algo inaudito, que é facer un plan industrial, é dicir, substituír o compromiso de pagamento de 11,7 millóns de euros por un novo plan industrial onde meten aí un mesturado da compra dun barco, gastos en traballos forestais e a construción dun hotel por valor de 12,6 millóns de euros; algo que é totalmente ilegal, que non se podía facer, porque non se podía facer o cambio dos 11,6 millóns de euros por un novo plan industrial.

Porque, ademais, este proceso está cheo de irregularidades. Primeiro, a solicitude de aprobación fíxose no ano 2019 para proxectos supostamente realizados entre o 2015 e o 2019; esa compra do barco, ese hotel que aínda está sen facer, por certo, e eses traballos forestais. E faise con efecto retroactivo, cando, ademais, algúns destes proxectos desenvolvéronse antes de que Greenalia comprase Kaekias. Señor Conde, isto é a repanocha.

E, ademais, fíxense na trapallada: moitos destes proxectos fixéronse antes da autorización da transmisión da titularidade dos parques eólicos a favor de Greenalia no ano 2018, en outubro de 2018. É dicir, que vostedes autorizan a transmisión da propiedade que leva implícito cumprir os compromisos que tiña adquirido Kaekias —entre eles, a monetarización— e despois no 2019 non lles vale isto e intentan dar o cambio por un plan industrial que é manifestamente ilegal e que está cheo de irregularidades, porque vai en contra da normativa de adxudicación dos parques do 2010, e, sobre todo, porque é moi lesivo para a Facenda pública, porque vostedes están renunciando a cobrar 11,7 millóns de euros, estanlle perdoando a Greenalia 11,7 millóns de euros.

E xa lle adianto —despois direi máis disto— que isto é só a punta do iceberg das que están facendo vostedes con esta cuestión deste pelotazo fiscal, deste agasallo fiscal a Greenalia, e temos a sospeita de que a moitas outras empresas. E isto demostra unha cousa que levamos repetindo ata cansarnos, isto demostra claramente para quen goberna a Xunta do PP: goberna para as empresas do *lobby* eléctrico, para as empresas das portas xiratorias, para os millonarios e para os amigos do Partido Popular.

Estamos diante de feitos absolutamente escandalosos, clama ao ceo o que están intentando facer vostedes, ben, o que xa aprobaron vostedes. Pero é unha decisión reversible e hoxe imos darlles unha oportunidade de que revisen esa decisión e de que a corrixan. Porque non sabemos a onde vai levar a denuncia penal, a denuncia pola vía da Fiscalía e posiblemente despois tamén por outras vías. Pero nós vimos aquí pedirllas explicacións en sede parlamentaria e tamén pedirllas responsabilidades políticas por estes graves feitos.



E, señor Conde, voulle formular varias preguntas, que quero que me responda aquí. Non me faga como fixo o director xeral por dúas veces na Comisión.

A primeira é: pedímoslle polo artigo 9 toda a documentación do expediente deste tema da monetarización e deste chanchullo do plan industrial que intentan facer pasar por bo cunha resolución da directora xeral anterior de Planificación Enerxética, que foi denunciada por suposta prevaricación e por suposta malversación. ¿Vannos dar a documentación que lle pedimos polo artigo 9? Señor Conde, quero que me responda a esta pregunta.

Segundo: ¿van revisar de oficio e anular a resolución do 2021 pola que se aproba un plan industrial manifestamente ilegal? ¿Van facer isto? Señor Conde, quero que me responda a esta pregunta. ¿Vanlle en consecuencia reclamar a Greenalia o pagamento dos 11,7 millóns de euros que lle intentaron perdoar? Están a tempo aínda de reclamarlos. Señor Conde, quero que me responda a esta pregunta.

E cuarto: ¿van abrir vostedes unha investigación interna e van exixir responsabilidades políticas pola enorme gravidade destes feitos denunciados por Adegá e denunciados por nós aquí neste pleno?

Remato, señor Conde. Queremos tres cousas: queremos saber a verdade, queremos que se cumpra a lei, que se cumpra o concurso eólico do 2010 e queremos que se defenda o interese público e que as empresas paguen aquilo que se comprometeron a pagar, que non haxa ningún trato de favor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco José Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, a verdade é que eu descoñecía que vostede fora xurista e moito menos que vostede fose xuíz, talvez sinxelamente porque non o é e talvez sinxelamente porque o Bloque Nacionalista Galego está entre eses grupos políticos que queren anular a autonomía do poder xudicial para impoñer precisamente as sentenzas que vostedes queren ditar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Bará, non nos atopará nese bando. O Goberno galego e o Partido Popular somos constitucionalistas e demócratas, e non nos pasa como ao BNG, que o temos que demostrar; non o temos que demostrar. *(Aplausos.)*

Iso significa, señor Bará, que respectamos a separación de poderes e que lle corresponde á Fiscalía facer as actuacións que estime oportunas e ás institucións, á Xunta de Galicia neste caso, colaborar e evitar valoracións precipitadas e malintencionadas.



Neste sentido o único que vou facer son tres puntualizacións sobre o seu discurso.

A primeira é que aínda non temos recibido ningún tipo de notificación sobre a presunta denuncia que o Bloque Nacionalista Galego parece coñecer integramente.

A segunda é que todos os acordos e resolucións adoptados polo Goberno galego en desenvolvemento e execución do disposto na orde de convocatoria do 29 de marzo de 2010 que vostede mencionou, regulada pola Lei 8/2009, cumpren estritamente coa legalidade, e así o avalan, señor Bará, todos os informes emitidos pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia sobre este asunto en concreto.

A terceira, señor Bará, é que este procedemento vinculado co concurso eólico xa se ten aplicado noutras ocasións, porque así o avala a lexislación e así o teñen constatado os Servizos Xurídicos.

Polo tanto, señor Bará, creo que deberían de deixar de ser guionistas dunha historia de ciencia ficción e que contaran toda a verdade, remitíndose aos feitos e á realidade, cuestión que lamentablemente o Bloque Nacionalista Galego non fai acotío.

No seu discurso é certo que tan só hai unha verdade. Esa verdade é que o BNG quere seguir coa súa campaña de non e non a unha enerxía renovable, a unha enerxía limpa como é a enerxía eólica, e, polo tanto, queren anular as capacidades que ten Galicia para desenvolver esta enerxía renovable, favorecer o desenvolvemento industrial e favorecer o retorno que nestes momentos está vinculado ao territorio galego. Son 489 millóns de euros o que aporta este sector ao PIB galego, dos cales lle recordo que 106 son impostos pagados á Xunta de Galicia e aos concellos con instalacións eólicas e 11 millóns de euros son retornos en rendas para os propietarios dos terreos.

Lamento que o Bloque Nacionalista Galego siga intentando limitar as capacidades de crecemento e de desenvolvemento de Galicia en materia industrial e que simplemente queiran utilizar politicamente este sector para intentar impoñer a súa ideoloxía en contra da xeración de emprego, en contra de sectores estratéxicos como é a enerxía, a minería, a gandería, a pesca e o propio turismo. Sempre o Bloque Nacionalista Galego en contra do desenvolvemento eólico, en contra do desenvolvemento industrial e en contra da xeración de emprego vinculado precisamente a este tipo de sectores.

Polo tanto, señor Bará, leccións creo que do Bloque Nacionalista Galego neste parlamento, en Galicia, ningunha.

Vostedes gobernaron en Galicia durante catro anos co Partido Socialista e vostedes trasladaron á sociedade galega cal é o seu modelo eólico, modelo que quixeron poñer en práctica durante o Bipartito. E cando vostede me fala de responsabilidades políticas, eu téñoille que recordar que o seu decreto eólico acumulou varios recursos da industria e oito obxeccións do Consello Consultivo na súa redacción. Recórdolle que foron dous dos seus concursos os que foron declarados ilegais e un terceiro, como sabe, tivo que ser anulado.



E recórdolle as palabras do entón presidente da Xunta de Galicia, que creo que debería de revisar cando fala do modelo eólico do Bipartito e do Bloque Nacionalista Galego. Decía o presidente Touriño: «Para min os problemas políticos máis serios proviñan do modo en que Blanco e Quintana» —Bloque Nacionalista Galego— «instrumentaban este proceso; un proceso que non ofrecía garantías desde a óptica da ordenación do territorio, da sustentabilidade ambiental e da viabilidade económica dos proxectos que acompañaban a cada oferta. De feito, premeron o acelerador e levaron adiante o proceso. Chegouse ao mes de setembro sen que se constituíse a obrigatoria comisión de valoración, da que formaban parte, xunto con sete membros da Consellería de Industria, cadanseu representante de Medio Ambiente, Política Territorial e Medio Rural. Tiven que reclamarlle, como presidente, a súa constitución. E, mentres, en paralelo» —decía o presidente Touriño— «funcionaba unha mesa de traballo da consellería» —Bloque Nacionalista Galego— «que co apoio dunha consultora externa era quen, efectivamente, procedía á selección de proxectos. No tramo final do proceso, último trimestre do 2008, tiven practicamente tomada polo menos en dúas ocasións a decisión de cesar o conselleiro de Industria; a súa actuación era inadmisíbel e dunha grande deslealdade». Fin da cita.

Señor Bará, este é o seu currículo cando se fala do modelo eólico do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Pero permítame que continúe, porque tamén nos anos do Goberno bipartito se instalaron 36 parques eólicos, cun total de 860 megavatios, en catro anos, señor Bará, sendo esta época a que máis parques se teñen instalado en Galicia, co BNG e co Partido Socialista de Galicia na Xunta de Galicia. En case todos —é certo— vostedes deron continuidade á tramitación xa iniciada polo presidente Manuel Fraga.

O Plan sectorial eólico estaba en vigor e puidérono cambiar, e non o cambiaron, señor Bará. Convocaron un concurso por 2.500 megavatios, que —repito— non ofrecía garantías nin para os seus socios de goberno, que era o Partido Socialista; e o seu obxectivo, señor Bará, declarado, era autorizar 6.500 megavatios no horizonte do ano 2012.

Sigo co currículo do Bloque Nacionalista Galego, que vexo que a xente xove do Bloque Nacionalista Galego se sorprende, porque, efectivamente, seguramente non coñece a realidade e a verdade do Bloque Nacionalista Galego cando se fala do sector eólico.

E recórdolle unha nova publicada nesa época, tamén para a xente xove do Bloque Nacionalista Galego. *Fernando Blanco ha dejado claro, una y otra vez, que los 6.500 megavatios es el primer objetivo para la puesta en marcha del nuevo decreto, y un objetivo viable, asumible e irrenunciable, para así respetar la apuesta que Galicia siempre tuvo por el viento. Es una cifra realista y sería ilógico coartar una de las zonas con mejor calidad de viento.*

Entón, a pregunta, señor Bará, é: ¿por que un obxectivo que era viable, asumible e irrenunciable para vostedes hai quince anos agora non? Seguramente a resposta é que o BNG simplemente é un partido negacionista, que se opón a todo.



Eu confío en que vostedes rectifiquen e que, efectivamente, se impliquen co desenvolvemento da enerxía renovable e que, en lugar de utilizar a pancarta do non, se mostren en defensa dos intereses de Galicia.

Señor Bará, pasaron de dicir que cun só deputado en Madrid se poden cambiar as cousas a dicir agora que non podemos estar en todo. Iso si, manteñen intacta a súa unión co Partido Socialista, aquí e en Madrid, seguramente difícil de explicar cando vostedes falan de desenvolvemento eólico.

Polo tanto, señor Bará, creo que, se nos remitimos ao desenvolvemento do sector das renovables, hai unha realidade: o Bloque está en contra da creación de emprego en Galicia, está en contra do desenvolvemento económico de Galicia e, simplemente, está utilizando politicamente un sector económico que xera riqueza en Galicia en contra dos intereses dos galegos e das galegas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Conde.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Mire, señor Conde, vostedes pasan absolutamente todos os límites e nós non lles imos permitir que pasen todos os límites. *(Aplausos.)* Non lles imos permitir que veñan aquí burlarse deste grupo parlamentario, pero, sobre todo, non lles imos permitir que veñan aquí burlarse deste parlamento, que é unha cousa ou debería ser unha cousa seria.

Vostedes teñen a obriga de responder ás preguntas que lle fai a oposición, *(Murmurios.)* teñen a obriga de responder e non de escapar pola tanxente, non de negarse sistematicamente *(Aplausos.)* a responder ás preguntas claras e concretas que lles facemos sobre esta materia. E unha cuestión son as responsabilidades posíbeis na vía xudicial, pero outra son as cuestións políticas e parlamentarias, e nós fixémoslle preguntas claras e concretas que lle pedimos que nos respondan, porque é a súa responsabilidade, é a súa obriga, e, ademais, se o fixeron tan ben, non deberían ter nada que esconder e poderían dar aquí todas as explicacións pertinentes. *(Aplausos.)*

Eu confésolle: pensei que vostede aspiraba tamén a unha porta xiratoria, a un deses consellos de administración, pero teño que recoñecer que me equivoquei. Vostede o que demostrou aquí é que está postulándose para ser o portavoz de industria na oposición na próxima lexislatura co Partido Popular, *(Aplausos.)* porque dedicou todo o seu tempo a atacar o BNG, a atacar un goberno que xa non existe desde hai quince anos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero ben... Trece anos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero ¿tómanos o pelo? Vostede ten que responder ás preguntas que lle fai aquí a oposición, as que lle fai o BNG. ¿Sabe por que non responden? Porque están ocultando un chanchullo monumental. E o que lle dixemos aquí de Greenalia é só a punta do iceberg.



Porque, mire, temos aquí as monetarizacións de vinte e dous parques, vinte e dous parques. (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) ¿Sabe canto suman estas monetarizacións? Non son os 11,7 millóns de Greenalia. Son 463,3 millóns de euros, 463,3 millóns de euros, que as empresas se comprometeron a pagarlle ao fondo de capital risco Sogiga, do Igape, por adxudicación de parques eólicos. ¿E vostedes están en disposición de perdoarlles ás empresas estes investimentos?

Moitos destes parques están en proceso de tramitación e queremos saber que van facer vostedes, se van facer o mesmo que en Greenalia ou van facer este cambalache, este auténtico chanchullo, en todos os casos. Porque o imos denunciar por terra, mar e aire, neste parlamento ou onde faga falta. E van caer con todo o equipo. Porque non se poden facer tantas trampas, tantas falcatruadas, tantos chanchullos e tantos beneficios para a empresa privada en prexuízo do interese e da Facenda pública. (*Aplausos.*)

E nós vimos aquí facerlle preguntas e preguntarlle cousas concretas. Señor Conde, díxenlle que lle pedimos polo artigo 9 a documentación do expediente, que o coñecemos de rebote porque a avogada da empresa, para intentar poñerlle unha cautelar de 5,6 millóns de euros a Adegá, cantou e contou todos os chanchullos que fixeron vostedes. E sabémolo por iso. Pero queremos polo artigo 9 todo o expediente. Todo o expediente tamén de todos estes parques, vinte e dous, que supoñían 463 millóns de euros de monetarización. Queremos saber tamén, e imos pedilo polo artigo 9, canto ingresou de momento o Igape destas monetarizacións e se vostedes van renunciar a este diñeiro público, porque nos parece extraordinariamente grave, moi grave. E teñen vostedes que responder en sede parlamentaria.

E, ademais, as outras cuestións. Pregunteille se van revisar de oficio, pregunteille se van reclamar ese diñeiro, pregunteille se van abrir un expediente e se van tomar medidas.

E mire, remato, porque vostedes repiten e repiten os mesmos mantras, e voules explicar, por se non o entenderon aínda, cal é a posición do BNG con respecto á enerxía. Por certo, defendemos, efectivamente, unha empresa pública, nada máis e nada menos que unha empresa pública como por exemplo é Statkraft; non sei si lles soa, significa «enerxía estatal»; é unha empresa pública norueguesa, é a maior empresa pública de renovables, a maior empresa pública non, a maior empresa de renovables de toda Europa, tivo 1.500 millóns de beneficios no ano 2021, producindo enerxía solar, enerxía eólica, producindo gas, producindo fotovoltáica, producindo tamén calor. Ese é o modelo que nós queremos. É dicir, a industria ou a enerxía como un ben público, como un ben social, como un ben colectivo, como un ben económico, como un ben fundamental para o desenvolvemento dun país, pero do que teñamos nós o control, para que os beneficios queden no país, para que os beneficios sexan para a maioría social, e non para uns cantos aproveitados, especuladores, (*Aplausos.*) aos que vostedes lles fan o traballo sucio, como acabamos de ver e de demostrar.

E que lles quede claro: imos combater con todas as nosas forzas, imos combater con todas as nosas armas democráticas este atropelo, esta estafa, este roubo e esta infamia. E teñan por seguro unha cousa: nós somos máis e nós temos a razón. E ímoslles gañar esta batalla, a vostedes e aos seus amigos do *lobby* eléctrico, das portas xiratorias; que lles quede claro que lles imos gañar esta batalla.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, eu entendo perfectamente que o seu estado de nerviosismo o leve a trasladar cousas que realmente non teñen ningún tipo de sentido. Isto de afirmar con tanta vehe- mencia que vostedes son máis, pois non sei como suma vostede neste parlamento; e que, ademais, vostedes teñen a verdade.

Señor Bará, seguramente, o que lle podó dicir é que que non lle guste a miña resposta non significa que simplemente non lle estea respondendo, e que non lle guste a verdade é outra cousa, iso é outra cousa. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*)

Eu díxenllo na primeira intervención, e vólvollo repetir, porque parece que non escoitou ou non quere escoitar, simplemente porque vostedes se consideran en posesión da verdade, aínda que parece que agora queren ter comportamentos democráticos, o cal é benvido por primeira vez neste tipo de debates. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Dícialle, señor Bará, que aínda non temos recibido ningún tipo de notificación sobre a presunta denuncia que vostede está trasladando por parte de Adegas, e trasladeille que todos os acordos e resolucións adoptados polo Goberno galego neste sentido pois están cumprindo, como non pode ser doutra ma- neira, a legalidade —así o están avalando todos os informes da Xunta de Galicia— e que hai outros procedementos exactamente iguais que se resolveron da mesma forma que o caso que vostede está a plantexar.

Señor Bará, este parlamento non está para facer xuízos políticos, (*Murmurios.*) e se o que quere facer nesta cámara é de xuíz e de parte, se vostede quere facer de xuíz e de parte, pois seguramente o que deberían de facer ou entender é simplemente que todo non se pode, e deberían de respectar por unha vez os procedementos e os prazos. Non debería de enredar, señor Bará, dígollo sinceramente. Simplemente, a Xunta de Galicia está aplicando a norma- tiva. Deberían de recoñecer que neste momento non saben como vai desenvolverse o proce- demento dende o punto de vista da Fiscalía, pero vostede vén aquí —e non é a primeira vez— simplemente facer un xuízo paralelo. Debería seguramente de aclaralo. Nós xa coñe- cemos este *modus operandi* do BNG, porque non é novo.

Fixeron o mesmo cando se plantexou a caducidade e a anulación do proxecto de explotación de Corcoesto, fixeron o mesmo no rexeitamento do proxecto presentado en Touro, fixeron o mesmo no impedimento da segregación das centrais térmicas hidroeléctricas de Ferroat- lántica; excesos verbais, excesos políticos e lamentablemente unha posición extremista do Bloque Nacionalista Galego cando se fala de procedementos administrativos. Non respectan nin o propio traballo do persoal público da Administración galega.



En calquera caso, señor Bará, alá vostedes. Seguramente si son máis, diría que son o cen por cento os que non respectan os procedementos administrativos, os que non respectan os procedementos legais e que simplemente queren impoñer a súa verdade. Pero a política, señor Bará, non consiste niso.

Si, o que lle quero deixar claro é, efectivamente, que nós imos seguir apostando polas enerxías renovables. Seguramente vostede hoxe non queira falar do que preocupa a Galicia e vostede non quere falar do desenvolvemento das enerxías renovables do sector en Galicia. Pero eu si.

Aproveitando este minuto final, queríalles trasladar os parabéns aos deputados e deputadas do Bloque Nacionalista Galego. Parabéns porque á fin o conseguiron, e queroos felicitar en nome da Xunta de Galicia. Aquí temos a primeira illa enerxética de Galicia, (*O señor Conde López mostra un documento.*) único obxectivo que ten o Bloque Nacionalista Galego: converter Galicia nunha illa enerxética. (*Aplausos.*) Seguramente, señor Bará, nisto consiste a política enerxética do Bloque Nacionalista Galego: converter Galicia nunha illa enerxética. Non contarán con nós. Recórdolles que en xuño lles parecía unha mala idea a nosa solicitude de construír un hidroduto que conecte Guitiriz e Zamora e agora parece que se arrepiñen.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Debate acumulado de dúas preguntas, en concreto a número 7 e a número 8.

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para dar cobertura a todas as solicitudes de axudas por ampliación de superficie e novas incorporacións agrogandeiras ao ecolóxico

Pregunta de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten o Goberno galego ante a situación que poden vivir os produtores agrogandeiros en ecolóxico que quedasen fóra das axudas

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Señor conselleiro, esa xente concentrada á entrada do Parlamento non vén desexarnos unhas boas festas, vén exixirlle a vostede que retire a afronta que a súa consellería lles está facendo. Esas voces de protesta van en aumento desde a fatídica noticia e proceden de todo o país, e sonlle principalmente gandeiros e gandeiras mancadadas e doídas por incomprensibles arbitrariedades da súa responsabilidade.

Porque vostedes insistiron ao longo do ano 2021 nas bondades da produción ecolóxica e nas vantaxes de participar na mesma. Porque a nova política agraria común marca unha viraxe



considerable cara a unha agricultura respectuosa co medio ambiente, que protexa a saúde dos seus habitantes. Porque para iso propón como meta o 25 por cento da superficie agraria útil para a produción ecolóxica. Porque as promesas feitas por vostedes motivaron unha resposta en positivo nunca vista que nos situaba no bo camiño: 12.000 novas hectáreas inscritas, 150 novos produtores e produtoras. Porque vostedes souberon deste considerable incremento de solicitudes desde o primeiro momento. Porque, diante desas noticias, vostedes sempre responderon que habería fondos dabondo. Porque no comezo deste mes o señor Balseiro, sen aviso previo e a preguntas dos gandeiros, declarou que non había fondos dabondo para dar cobertura a tanta incorporación e rematou de forma prepotente e ofensiva: «os cartos son os que son e non hai máis». Porque, señor conselleiro, se este despropósito se debe a unha metedura de pata resultado dun pecado de imprevisión, a penitencia sonlle 2 millóns e medio de euros, nada máis. Porque non poden deixar tiradas 250 explotacións nun caótico remexido propiciado por unha baremación premeditada que apunta que vostedes xa non tiñan intención de dar cobertura a unha boa parte das solicitudes. Porque, de non rectificar, queda en entredito para o futuro a seriedade da súa consellería e da súa palabra, e iso élle moi perigoso.

En política non todo vale, señor conselleiro, porque non lle vai quedar outra que tirar de fondos propios e, en cumprimento das perspectivas creadas e das promesas feitas, adicionar os cartos necesarios para este labor. O contrario, señor conselleiro, sería abrir unha ferida de morte na produción ecolóxica galega que non imos consentir. Grave ben isto, señor conselleiro: non llelo imos consentir. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Formula agora a pregunta o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señor González Vázquez, hoxe ten aquí vostede un papelón, ten vostede que vir aquí xustificar o inxustificable diante de todos eses produtores en ecolóxico, aos que quero saudar. Tamén lle digo que aínda está a tempo de modificar a decisión da súa consellería de deixar na cuneta moitos cidadáns do noso rural, xustamente aqueles que fan un labor esencial para dotar de actividade zonas de Galicia onde o despoboamento é un problema gravísimo; uns produtores da agricultura ecolóxica que ven como a Xunta de Galicia lles nega unhas axudas despois de que fora o propio Goberno galego, vostede, o que lles pediu durante moitos anos que apostasen por ela.

Mentres a Unión Europea estableceu como obxectivo no Pacto verde que o 25 por cento da superficie agraria dos vinte e sete países da Unión estivese dedicada a produción ecolóxica no 2030 e puxo a política agraria común como un instrumento clave para apoiar a reconversión a produción ecolóxica, en Galicia tomamos o camiño contrario. Mentres a media da superficie en ecolóxico en España é do 10,2 por cento e en lugares como Cataluña é do 22 por cento, en Galicia, a pesar de ter só entre o 4 por cento e o 5 por cento, tomamos o camiño contrario a toda España.

Na Consellería do Medio Rural, tal e como informa o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, son coñecedores do incremento do 12 por cento da superficie en ecolóxico



e das 250 novas explotacións dende a primavera deste ano. Pero, a pesar de ter esa información, vostedes orzan unha contía que deixa nada máis e nada menos que o 43 por cento dos solicitantes sen axudas, un orzamento que necesitaría incorporar algo máis de 2,4 millóns para atender a todas as solicitudes que cumpren os requisitos.

Conselleiro, foron vostedes, dende o Goberno galego, os que se dedicaron a promocionar e alentar os produtores para que se pasaran a ecolóxico. Eran coñecedores de que a superficie medrara en 12.000 hectáreas, e vostedes saben que unha boa parte deste éxito vén ligado ás futuras axudas para o ecolóxico.

A maioría dos produtores, que fixeron un importante desembolso económico e un notable esforzo a nivel técnico, vanse atopar coa denegación da súa solicitude de axuda a conversión a ecolóxico no 2022, e de igual xeito se verán afectados aqueles produtores que solicitaron axuda de mantemento.

E, se non fora suficiente este atropelo, segundo os datos publicados, as cousas non mellorarán no período do 2023 ao 2027, xa que, para poder cubrir as máis de 45.000 hectáreas certificadas polo Consello Regulador, o orzamento que cronifica a Xunta debería triplicarse.

Conselleiro, os produtores en ecolóxico atópanse nunha situación de incerteza total, por un lado expectantes ao que pase no 2022 e por outro ao que vai pasar a partir do 2023, que deberán decidir o que fan coa súa explotación, posto que, se non contan coas súas axudas, verán inviable a súa actividade e daranse de baixa na agricultura ecolóxica.

Confésolle que, ante esta pregunta, espero que vostede rectifique e aporte solucións ante a grave situación que viven aqueles que quedan fóra desas axudas da PAC, porque, señor conselleiro, é de xustiza e de sentido común que o faga. O contrario sería un suicidio para a agricultura e o futuro da nosa actividade agraria en Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Eu, como saben, son amigo de datos e de poñelos enriba da mesa cando se está contestando a preguntas. E, entón, eu, como teño un certo tempo para podelo explicar, vou trasladar que —como saben todos vostedes— as axudas directas poden ser do primeiro piar ou do segundo piar. As axudas do primeiro piar veñen marcadas polo Goberno central, pola negociación que se fai co Goberno central, mentres que as axudas do segundo piar —e aí están as axudas de ecolóxico e tamén as axudas agroambientais— son decisión da Xunta de Galicia, neste caso da Consellería do Medio Rural.

Estamos nun período —como supoño que saben todos vostedes— de finalización do período anterior e renovación dun novo período, do próximo PE PAC. E neste intre, no que había a



posibilidade incluso —fíxense vostede— de non dotar axudas do segundo piar, o primeiro dato que lle teño que dar a esta cámara é que, fronte á media do 2015 ao 2021, que eran 31 millóns de euros de axudas do segundo piar, esta consellería, a Consellería do Medio Rural, dotou no ano 2022 39 millóns de euros, é dicir, un incremento de 8 millóns de euros, o que supón un 25 por cento máis de axudas directas do segundo piar, porque sabíamos que había efectivamente dificultades.

Por darlles datos de onde subimos ou de onde fixemos esta suba, no que se refire a agricultura en ecolóxico, que parece ser que non se dotou suficientemente, efectivamente, fíxense que pasamos de 2 millóns de euros a 3.180.000 euros, é dicir, unha suba do 59 por cento; en zona de limitación natural, en montaña, subimos de 9 millóns a 12.780.000 euros, un 38 por cento de incremento; e en xestión de pastos —por certo, todo estou falando de vacún de carne— subimos un 29 por cento, de 8 millóns a 10.300.000 euros.

Ben, dito isto e, polo tanto, para poñernos en situación dos cartos que quixemos poñer enriba da mesa no que se refire ás agroambientais e á agricultura ecolóxica, eu teño que dicir, evidentemente, que para nós é unha moi boa noticia a subida de superficie que houbo na agricultura e na gandería ecolóxica neste ano 2022. Pero tamén hai que dar datos sobre como se produciu esta subida, porque, se nos referimos aos sete anos anteriores, a suba de superficie en ecolóxico foi dunha media de 1.700 hectáreas por ano. Se collemos o ano 2020, mesmo houbo un decrecemento de 2.682 hectáreas, e no ano 2021 o crecemento da agricultura e gandería en ecolóxico foi de só 153 hectáreas; non obstante, neste ano 2022 subiu 13.301 hectáreas.

Eu quero recordarlles, señorías —e logo terei ocasión tamén de trasladarlles cal era a posición das organizacións agrarias ao respecto—, que estas cuestións se debateron no ano 2021, que foi cando se fixo a modificación do Feader, neste caso do PDR, para poder determinar estas axudas. E naquel momento entendeuse por todos, non só pola Consellería do Medio Rural —porque aquí todos estabamos na mesma idea—, que pasar de 2 millóns de euros a 3.200.000 euros era contía ou suba máis que suficiente, porque falabamos —como lles digo— dunha suba do 59 por cento.

O que é certo é que hai un crecemento de hectáreas, 13.000, moi salientable, pero tamén moi sorprendente. Igual ten que ver que non haxa compromiso este ano de mantemento dos cinco anos —dos que despois poderemos falar—, que é o que teñen as axudas agroambientais e tamén as axudas ecolóxicas, ese compromiso de mantemento de cinco anos, que, ademais, é o que ten que entrar no ano 2023 e no que lles temos que dar as maiores garantías posibles aos agricultores e gandeiros.

Polo tanto, pasamos de 2 millóns de euros a 3.200.000 e temos no PE PAC orzado para o 2023 e seguintes anos, é dicir, co compromiso dos cinco anos —e créanme que o realmente importante é cubrir ese compromiso de cinco anos—, 3.900.000 euros, é dicir, unha nova suba de máis do 20 por cento acumulado.

Pois ben, eu o que si podo trasladar é que, conscientes, evidentemente, de que houbo unha suba moi importante de hectáreas en ecolóxico, imos promover a modificación do PE PAC



co obxecto de poder dedicar no futuro, nos períodos seguintes 2023 e seguintes —e sobre todo respectando ese compromiso dos cinco anos das axudas ecolóxicas e medioambientais—, para poder acadar o obxectivo de cubrir este extraordinario incremento que se ten producido na agricultura ecolóxica.

Defendemos —como non pode ser doutro xeito— a agricultura ecolóxica, a gandería en extensivo e todas as axudas agroambientais, tal e como se viu este ano co compromiso orzamentario que puxemos enriba da mesa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: No futuro. ¿E mentres? Señor conselleiro, déixese de lerias, (*Aplausos.*) ¡déixese de lerias!

Vostedes non teñen dereito a tronzarlles o futuro a máis de 200 produtores e produtoras logo de os enganar miserablemente. E non teñen xustificación. Os datos definitivos tíñanos a mediados de maio, que é cando se cerra o período de tramitación. Desde ese mediados de maio ata o de agora tiveron tempo de sobra de convocar o comité de seguimento para poder facer modificacións de crédito, e non o fixeron.

Mire, quero lembrarlle, conselleiro, que en 2022, por arte de maxia, o Goberno galego incrementou as axudas por danos do porco bravo de 1,4 a 3 millóns de euros. Quero lembrarlle, señorías, que logo de comunicar a denegación de axudas, de súpeto, a poucos días do proceso electoral —estabamos en ano electoral—, enviaron cartas comunicando a eses afectados que xa había crédito e que resolveran aprobar a súa axuda. Cando se quere pódese, conselleiro. ¿Por que non agora? ¿Que agochan? ¿Que lles molesta da agricultura ecolóxica?, ¿que lles molesta do ecolóxico? ¿Ponos en evidencia?

Señor conselleiro, 37 millóns de euros repartidos alegremente entre industrias con probada solvencia económica hai un par de meses: Novafrigsa, 3 millóns de euros; Aceites Abril, 3 millóns de euros; Oviganic, 3 millóns de euros. 35 millóns transferidos a outras consellerías nos orzamentos pasados. ¿E agora choran 2 millóns e medio? ¿Quere que siga?, (*Aplausos.*) ¿quere que siga?

Quen non cumpra e acade os obxectivos do Pacto verde estará suxeito a penalizacións, que case sempre acostuman ser económicas. ¿Pensan cumprir ou pensan pagar? Pagar cos cartos nosos. Se pensan en cumprir, terá que sacar ordes de axudas expansivas con orzamentos substanciosos. Quédannos oito anos escasos. ¿Ou pensa barrer dun plumazo coa produción ecolóxica?

Conteste, conselleiro, pero conteste con cartos, que é como ten que contestar, porque eses produtores que están aí fóra e os que quedaron na casa están en risco de supervivencia no



futuro, e iso non se pode consentir por ningún goberno nin por ningún parlamentario deste parlamento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Señor González Vázquez, rectificar é de sabios, pero incidir no erro de converter o que é un éxito da conversión a agricultura ecolóxica a un fracaso da súa xestión é terrible.

Gustaríame ter que felicitalo, pero nesta situación o que lle teño que pedir é que inmediatamente destitúa o máximo responsable da súa consellería da planificación das axudas, o señor Balseiros. Iso é o que debería de facer.

Non hai nada que xustifique a deixadez e a incompetencia da súa consellería na programación e na planificación destas axudas, conselleiro, e moito máis cando son coñecedores dende a primavera deste ano dos datos da superficie certificada en ecolóxica. Señor González Vázquez, a incompetencia súa, da súa consellería, pode cargar a agricultura ecolóxica e as nosas pequenas explotacións.

Dígame que lle pode dicir a Xosé Regueiro, propietario dunha pequena explotación no concello da Pastoriza, que no ano 2008 apostou pola agricultura ecolóxica certificando a súa explotación e resulta que agora no 2022 pode quedar sen as axudas necesarias para manter a súa actividade. E transmítelle el mesmo nun medio de comunicación: «Non só estou decepcionado, porque para min perder esta axuda implica que me estea plantexando pechar, senón tamén porque vexo que parece que a Administración non cre neste modelo de produción».

Señor González Vázquez, fíxese no exemplo que lle deron e o sentido de solidariedade e de país que dan os produtores en ecolóxica que ata están dispostos a pedir un cambio no Plan estratéxico da PAC para establecer uns novos criterios que baixen as axudas por hectárea e permitir que non quede ningunha explotación sen axuda. ¡Vaia exemplo que lle dan, señor González Vázquez! Pero eu pídolle que non reduza esas axudas, que complementen as partidas orzamentarias con fondos propios, para non deixar tirado a ningún.

Hai poucas datas vostedes detraían fondos do PDR para dar as axudas que non querían dar con fondos propios aos produtores de carne. E eu pedíalles que utilizaran eses fondos propios. Mire para que ben virían eses fondos europeos agora que neste período do 2023 ao 2027 vostedes deixan fóra a agricultura ecolóxica.

Señor González Vázquez, xa o dicía o alcalde de Friol: vostedes son a maior pandemia que ten este rural, e están a tempo de rectificar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Peche das preguntas, conselleiro do Medio Rural.



O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Miren, eu teño que dicir que, ao fío das súas intervencións, certamente importantes para estar aquí cara á fin de ano, abráame como nin un grupo parlamentario nin o outro mantiveron conversacións cos sindicatos nesta cuestión, incluso algún dos que se están manifestando hoxe, máis se cadra cando estes estiveron —como dixen antes—, os sindicatos e as organizacións agrarias, presentes e tiveron voz no procedemento de modificación do PDR de Galicia que precisamente incluía as axudas de conversión e mantemento da agricultura ecolóxica.

Señorías, estamos a final do período, poderían non terse prorrogado e decidimos sacar a convocatoria este ano cun ano só de permanencia no ecolóxico. Digo que igual ten algo que ver co número de hectáreas. O ano que vén veñen os cinco anos de permanencia, que son os que garanten a supervivencia da xente en ecolóxico, e aí é onde teremos, no seu caso, que poñer enriba da mesa os cartos que sexan necesarios.

Pero déixenme que lles diga que, cando se lles pediu a eses sindicatos que presentaran as súas alegacións á modificación do Programa de desenvolvemento rural, ¿sabe que dicía, señor Rivas, o Sindicato Labrego Galego? É que está por escrito. Dicía: «Deu a súa conformidade co mantemento da ampliación de fondos para medidas e submedidas que son básicas por distintos sectores...» *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* —¡atenda, atenda!— «...e coa nova convocatoria tanto para as axudas agroambientais como para as axudas de conversión e mantemento da agricultura ecolóxica». É dicir, cando nós pasamos de 2 millóns de euros a 3.200.000 euros estabamos todos de acordo en que era contía máis *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* que suficiente. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Rivas, por favor, non está no uso da palabra.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Pero non só... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben, ¿pois agora o señor Rivas é o único que pode falar aquí neste parlamento? Fai bo uso da palabra, porque eu escoitei con moita atención todo o que dixo, e dixo bastantes barbaridades, e eu estou falando con datos polo de agora. Entón, se me deixa continuar, señor Rivas. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Con respecto, iso si, vale. Baremación premeditada e todo o que dixo aquí. Pero, ben, ao que vou.

A ver, falamos de 2 millóns a 3.200.000 euros. Pero fíxense: aquel que percibe axudas no 2023 e seguintes ten dereito a axudas cinco anos, que é o realmente importante. E aí orzamos 3.900.000 euros. É certo que, cos compromisos, coas peticións que hai de hectáreas en ecolóxico, non son cartos suficientes. E eu xa anunciei no meu primeiro turno que imos promover a modificación do PE PAC para poder cubrir e orzar todas esas hectáreas que se pediron en ecolóxico e tamén para poder facer fronte a todo o que sexa necesario nas agroambientais. Porque tanto no que se refire á agricultura e gandería en ecolóxico como á gandería en extensivo temos o máximo interese en promocionala e, polo tanto, en apoiala.



Eu o único que lles estou trasladando neste caso é que isto se pasou, evidentemente, polo comité de seguimento do Feader e tamén se pasou polo Consello Agrario.

Pero, para tratar de evitar estas problemáticas e para poder traballar nunha modificación do PE PAC que cubra eses cinco anos —que estou seguro de que é a preocupación que temos todos aquí, que se poida completar efectivamente ese orzamento—, tamén lles anuncio que na primeira quincena do mes de xaneiro convocarei o Consello Agrario para, de común acordo coas organizacións agrarias e con todo aquel que teña que dicir algo neste ámbito —tamén o Craega—, poidamos efectivamente tranquilizar todos os nosos agricultores e gandeiros en ecolóxico e que perciben as axudas agroambientais. Porque non temos máis obxectivo dende a Consellería do Medio Rural que precisamente darlles cobertura a todos eles.

Máis nada e moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde, dezaseis horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e nove minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Reiniciamos a sesión.

Houbo unha alteración da orde do día e imos ao punto 6.1.

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia de axudas para o sector do comercio para frear o sobrecusto que xerou a electricidade causado pola guerra de Ucraína

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra dona Leticia Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, conselleira.

O impacto rexistrado en Europa por causa da guerra de Ucraína notouse con forza na crise do sector do comercio, igual que aconteceu co grave impacto que tivo a crise da covid-19 neste sector. O encarecemento dos produtos está desembocando en menores marxes de beneficio para os pequenos e medianos comercios, que ademais están perdendo competitividade. Os comercios están destinando o 30 % dos seus recursos económicos para facer fronte ao sobrecusto de luz e de gas.

Segundo a Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos de Galicia, pecharán durante novembro e decembro deste ano 300 comercios. As perspectivas empeoran coa costa de xa-



neiro. Para o primeiro trimestre do 2023 a previsión é que na nosa comunidade autónoma baixen a verxa 400 comercios, xa que un terzo dos autónomos galegos se dedican ao comercio polo miúdo.

O obxectivo da Xunta de Galicia, da que vostede forma parte, tería que ser que o comercio sexa un sector resiliente, competitivo e adaptado aos novos hábitos de consumo, e para iso debe apostar pola dixitalización e a sustentabilidade. O Goberno galego ten que axudar o sector do comercio a mellorar a estratexia comercial en liña, o modelo de negocio, a experiencia de compra e a economía circular. O certo é que o complexo escenario da alza dos prezos leva sendo desfavorable case todo o ano, e proba diso é a caída de autónomos rexistrada na comunidade galega. No que vai de ano, ata o 1 de outubro, Galicia perdeu cerca de 2.600 autónomos. Por provincias, A Coruña perdeu 1.012 autónomos; Pontevedra, 698; Lugo, 513; e Ourense, 373 autónomos. Con estas malas cifras é preciso que a Xunta de Galicia poña en marcha verdadeiras axudas directas para este sector para frear o sobrecusto que xerou a electricidade para centos de negocios galegos.

Tamén é importante cambiar o modelo de produción mellorando, entre outros aspectos, a dixitalización dos locais e a formación dos seus propietarios. Estas dúas últimas cuestións xa as ten traído este grupo parlamentario en diversas ocasións tanto a este Pleno como á Comisión, e levámolas reivindicando dende o inicio da lexislatura. Por iso hoxe queremos saber se a Xunta de Galicia vai poñer en marcha de forma urxente axudas directas para o sector do comercio para frear ese sobrecusto que xerou a crise enerxética causada pola guerra de Ucraína. E xa lle digo, conselleira, que non me serven —imaxino que falará do novo Programa Impacto Autónomo— os 1.200 euros ao ano de axudas para autónomos que presentaron vostedes. Xa lle digo que non me serve como unha axuda directa ao sector do comercio.

Moitas grazas.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para contestar a pregunta ten a palabra a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Ben, señora Gallego, eu creo que son coñecidas pero vou intentar estruturar as axudas que temos con carácter xeral —por suposto que non vou dedicar aquí tempo aos autónomos e ás autónomas en Galicia—, pero, en particular, as axudas que temos específicas para o sector do comercio en determinados ámbitos dos que vostede falaba. Porque creo que fala de dúas cuestións diferentes: por unha banda, da formación, do impulso á dixitalización e dos plans



de negocio; e, por outra banda, desas axudas directas —das que agora eu falarei tamén aínda que a vostede non lle valla—.

Como sabe, respecto do que é o comercio como tal, e da activación do comercio, eu si quero resaltar, en primeiro lugar —e antes de entrar na formación—, o Bono Activa Comercio, porque creo que foi un éxito neste ano. Consequimos, nesa segunda edición, mobilizar máis de 8,7 millóns de euros, e foron máis de 6.000 establecementos e máis de 160.000 clientes os que se adheriron a esta iniciativa. Temos en marcha tamén, dende a Dirección Xeral de Comercio, unhas axudas específicas para a dixitalización, o comercio online e a sustentabilidade dos negocios deste sector de actividade. En concreto, este ano —e son, como digo, axudas que se van reiterar e que están orzadas na Consellería para o ano 2023— máis de 580 pequenos comercios e obradoiros artesanais accederon a axudas de ata 17.600 euros para a súa dixitalización e de ata 5.600 euros para a modernización de equipamentos. A isto súmanse 51 centros comerciais abertos que reciben axudas de ata 52.000 euros para desenvolver campañas de fidelización e dinamización a favor de máis de 4.200 establecementos.

Ben, xunto con isto, na propia dirección xeral hai agora mesmo orzados 24 millóns de euros para consolidar o comercio de proximidade. Non sei se me vai dar tempo agora pero logo vou incidir un pouco nese novo modelo de negocio que se apoia nos *hubs* creados a través destas axudas previstas nestes 24 millóns e nos propios polos de emprendemento da Consellería de Emprego.

En formación, como sabe, estamos incidindo na formación específica por sectores dende a Consellería. Neste ano, xunto coa Federación Galega de Comercio e a través do programa de formación formamos máis de 1.400 persoas do sector do comercio precisamente na formación que está detectando a federación e os propios comerciantes que é necesaria. Imos continuar o ano que vén e está previsto máis de medio millón de euros, que estamos tramitando xa como anticipados, para formar outras 1.200 persoas. Na formación de ocupados formamos este ano máis de 6.000 persoas. Son máis de 4 millóns de euros. Igualmente, seguimos incidindo nese sector —en comercio e márketing— na formación de desocupados. Foron máis de 7 millóns de euros neste ano e máis de 2.000 persoas, e exactamente igual nos programas integrados de emprego.

E si vou incidir soamente un segundo neses 30 millóns de euros que a vostede non lle valerán pero creo que para os 25.000 autónomos que van recibir esa axuda de 1.200 euros seguramente sexa interesante que vaian saír estas axudas no mes de xaneiro e que se vaian tramitar como os plans de rescate, sendo o sector do comercio —como pasou nos plans de rescate— o segundo sector máis beneficiado despois da hostalería.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, e por tempo de dous minutos, ten a palabra dona Leticia Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidenta.



Xa sabía eu que ía saír o Bono Activa Comercio. O Bono Activa Comercio non son axudas directas ao sector do comercio para que se repoña deses sobrecustos que xerou e que está xerando tamén nestes días a crise enerxética. Entón, non me serve ese Bono Activa Comercio.

E dicíalle que tampouco me serve o Programa Impacto Autónomo —do que vostede acaba de falar— porque chega tarde, vai ser para o 2023. Chega tarde, e 1.200 euros ao ano non me parece que sexa unha axuda para rescatar o sector do comercio, é un mero parche. Iso é un parche como todas as outras axudas. Non hai verdadeiras axudas para o sector do comercio, para rescatar ese sector do comercio por parte da Xunta de Galicia. O sector do comercio leva en crise moito tempo, incluso desde antes da pandemia da covid-19. Pero entre a pandemia da covid-19 e agora a crise de prezos, o comercio, de verdade, non pode máis. É necesario actuar, e actuar con contundencia e firmeza. Hai que facelo xa se queremos salvar o sector do pequeno ou mediano comercio dada a extrema gravidade da situación que está vivindo este sector.

E, mire, non é razoable que nesta situación que está vivindo o pequeno e mediano comercio nos orzamentos do ano que vén só se incrementen 7 millóns. É increíble, eses orzamentos din vostedes que son históricos, pero non son históricos para o comercio. E, ademais, neste ano, no 2022, o orzamento baixou 5 millóns. Entón, para a Xunta de Galicia o pequeno comercio realmente non é estratéxico, non lle importa, porque, se non, non baixarían en 5 millóns os orzamentos para o 2022. E eses 7 millóns non van rescatar o sector do comercio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten de novo a palabra a señora conselleira por tempo de tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Ben, eu creo que os programas de rescate, con carácter xeral —porque este non é máis que un programa de rescate, igual que o foron os programas ou os plans de rescate cos que traballamos no ano 2021-2022—, sempre chegaron coa máxima celeridade posible dende o punto de vista de buscar dotación orzamentaria e de xestionar estes programas. E a proba é que, cando nós levabamos xa tres plans de rescate, o Ministerio se deu conta da necesidade de facer un plan de rescate aos autónomos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, non se ría. Por certo, cuns requisitos absolutamente fóra da realidade empresarial e da realidade das persoas autónomas. É a realidade, aínda que non a queira escoitar, pero é a realidade do que sucedeu. E vostede sabe que todas as comunidades tivemos que devolver parte deses cartos que non chegaron aos autónomos e ás autónomas.

Co cal, eu o único que lle pregunto é: se este plan chega tarde, ¿cando vai chegar o plan do Estado para rescatar a todos estes sectores da suba de custos que existe agora mesmo? Porque o que si lle garanto é que eses 30 millóns se orzaron en tempo e forma, que esa orde está en tra-



mitación anticipada e que na primeira quincena de xaneiro vai estar á disposición de todos os autónomos e as autónomas. Repito que non pensen que non vale para nada —que é o que acaba de dicir vostede— esa axuda de 1.200 euros, axuda que sería moito máis intensa se os ministerios tivesen en conta esa crise e aportasen diñeiro ás administracións autonómicas, cousa que, por certo, non fan. (*Murmurios.*) Repito, son 1.200 euros por autónoma ou autónomo, que poderían ser moito máis se se incrementasen as contas das comunidades autónomas.

Por outra banda, en relación co que vostede sinalaba no corpo da pregunta —que é a maior parte da súa argumentación—, fala de traballar nun novo modelo de negocio para as persoas, neste caso do sector do comercio. Neste modelo estamos traballando coa rede de polos de emprendemento, e sabe que son doce polos. Levamos inaugurados catro, e o quinto inaugurárase a final de ano. Infórmoa —porque é do que vostede está preguntando hoxe— de que dos 97 proxectos o 9 % son proxectos ligados ao sector do comercio. Estamos traballando con eles, polo tanto, para transformar, para adaptar, para mellorar e para modernizar os plans de negocio que teñen en activo e, polo tanto, para garantir a súa viabilidade. Polo tanto, aínda que vexo que non lle interesa, creo que isto si é importante, que é traballar actualmente co sector para tratar de consolidalo, á marxe, por suposto, de que reitero que sería importante crear un plan a nivel nacional de apoio ás persoas autónomas, que realmente o están pasando moi mal.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas, señora conselleira.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa orde do día. Imos a unha alteración e pasamos ao punto 4, á interpelación 4.2.

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o financiamento das entidades locais

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación ten a palabra, por tempo de dez minutos, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señor conselleiro.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

O señor conselleiro dicíame que ía moi seria, espero saír desta interpelación moito máis contenta do que veño neste momento. (*Murmurios.*) Iso espero e alegrárame. Incluso o felicitei, señor conselleiro.

Mire, señor conselleiro, a verdade é que hoxe volvemos interpelalo despois de tres meses e medio. Hai tres meses e medio que o interpelamos sobre o mesmo asunto, sobre o financia-



mento dos concellos. E é verdade que na resposta que vostede nos ofreceu naquel momento, naquela interpelación, pois nos quedou bastante claro que dá igual o señor Feijóo, o señor Rueda ou, neste caso, vostede —con novas responsabilidades en Administración local—, posto que os concellos, segundo vostede nos deixou bastante claro, pois nin foron nin van ser unha prioridade para este Goberno da Xunta de Galicia.

A nós quedounos bastante claro, aínda que vostede tamén se reuniu no mes de xullo —ao pouco de ser nomeado conselleiro con competencias nesta materia— co presidente da Fegamp.

E naquela reunión a verdade é que quedaron para o mes de setembro —iso no mes de setembro non se concretou—, quedaron en abordar as cuestións reiteradamente plantexadas pola Fegamp. O presidente da Fegamp entregoulle un documento que contiña os dez asuntos prioritarios para o municipalismo galego, que foron aprobados por unanimidade no seo da Fegamp. E cando digo «por unanimidade», aínda que xa sei que é un tema redundante, quero recordarlle, señor conselleiro, que tamén foi votado favorablemente por todos os alcaldes e por todas as alcaldesas do Partido Popular.

Por iso digo que nos quedou bastante claro, ante a realidade que estamos a ver, que non se van aceptar e que non se van ter en conta as reivindicacións feitas pola Fegamp. É dicir, pola Fegamp, non; polo municipalismo galego. Estas reivindicacións, señor conselleiro, voullas recordar, aínda que xa sei que as coñece ben —pero por ese tema que non quede—.

A primeira delas e a máis importante é que se regule por lei o financiamento local, que nesa lei se estableza a contía do Fondo de Cooperación Local, que se incremente e que non siga conxelada, que, como vostede ben sabe e por moito que diga, segue conxelada en 112,9 millóns de euros en trece anos de gobernos do Partido Popular. Esta contía só medrou en 24 millóns de euros nese Goberno Bipartito, ao que vostedes normalmente critican.

Outra das reivindicacións do mundo local é que se desenvolva na súa totalidade o Pacto Local galego, asinado no ano 2006, cando era presidente da Fegamp o alcalde de Lalín, que, como vostede sabe tamén perfectamente, era un alcalde do Partido Popular. E dezaseis anos despois segue sen desenvolverse na súa totalidade. Polo tanto, que se acorde un novo pacto local para os vindeiros anos.

Cando a Xunta Galicia aprobe normativa que teña impacto sobre o mundo local, que se acorden coa Fegamp os termos en que se vai desenvolver esa normativa.

Se lles trasladan novas competencias aos concellos ou lles incrementan as que teñan, que ao mesmo tempo que lles trasladan a competencia lles trasladan os recursos necesarios e suficientes para poder dar resposta e unha correcta asunción desa competencia.

Cando se trate de axudas recorrentes, que se elimine a burocratización na súa tramitación e lles trasladan xa directamente aos concellos.

Outra é que, nas convocatorias de subvencións, se consensúen os criterios coa Fegamp e deixen de transferir subvencións a través —vou utilizar a mesma denominación que utilizou



hoxe pola mañá o presidente da Xunta de Galicia— de «fondos regulamentaristas». Fondos regulamentaristas cara aos concellos teñen vostedes un lote deles; é dicir, a maioría dos fondos que lles trasladan aos concellos.

As partidas destinadas a convenios de colaboración, esas coas que na actualidade a Xunta de Galicia do Partido Popular beneficia maioritariamente concellos que teñen gobernos do Partido Popular, esas contías que trasladan a través de convenios ou algunhas de subvencións, poderían trasladalas perfectamente ao Fondo de Cooperación Local e o resto deixalas en subvencións en concorrencia competitiva, ou incluso poderían establecer plans anuais acordados coa Fegamp para beneficiar a todos os concellos galegos.

Outra reivindicación é que se elabore un plan de reequilibrio territorial galego e que reúnan periódica e regularmente a Comisión Galega de Cooperación Local, posto que é o órgano de deliberación e consulta entre o Goberno galego e os gobernos locais. E vostede sabe perfectamente que durante sete anos non foi convocada, e nos últimos anos foron convocatorias testemuñais.

Esas son as reivindicacións municipais que unha vez máis lle recordamos. E tamén lle recordo o seu incumprimento. Pero é que, ademais, vostede sabe perfectamente que onte se acabaron de aprobar os orzamentos da Xunta de Galicia para 2023, e novamente comprobamos como os concellos volven ser os grandes esquecidos e os grandes damnificados, cun incremento que medra pola vía de ingresos en 1.239 millóns de euros respecto de 2022 pero nos que o Fondo de Cooperación Local segue igualmente conxelado, as transferencias finalistas seguen igual e non lles chegan aos concellos os recursos suficientes para poder prestar os servizos que son competencia única e exclusivamente da Xunta de Galicia.

Pois ben, señor Calvo, volvemos interpelalo pola preocupación que teñen todos os gobernos locais ante as novas aparecidas nos xornais e a información colgada na páxina *web* da Xunta de Galicia sobre o contido do Consello da Xunta do 1 de decembro. Ademais, na rolda de prensa que despois deu aos medios o presidente da Xunta de Galicia informa das conclusións dun estudo elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela, que, segundo o presidente da Xunta, clarifica as competencias da Administración autonómica e das entidades locais para garantir unha prestación eficiente dos servizos públicos. A verdade é que se trata dunha información máis que preocupante, que racha co diálogo e co consenso establecido entre a Xunta de Galicia e a Fegamp. E, polo tanto, señor conselleiro, racha cos 313 concellos galegos.

Estamos a 21 de decembro, é dicir, pasaron vinte días sen que por parte do Goberno autonómico se trasladase ese informe, ese estudo elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela, nin á Fegamp nin tampouco a este Parlamento, cando o presidente Rueda comentou nesa rolda de prensa que sería entregado inmediatamente á Fegamp para o seu estudo. A verdade é que non chegou aos deputados e deputadas desta Cámara, aínda que se solicitou polo artigo 9. Espero que vostede tamén solucione este tema. É algo bastante habitual. Non sei se o sabe, pero é bastante habitual que aos deputados e deputadas — polo menos do Grupo Parlamentario Socialista— non se nos achegue a información que se pide. Vostede tamén sabe que iso vai en contra da transparencia e do bo goberno desas propias



leis que vostedes, a Xunta de Galicia, aproban para despois non cumprir; e que, ademais, ese tipo de situacións entorpecen o traballo que desenvolvemos nesta Cámara os deputados e as deputadas.

Pois ben, digo que, nesa nova que colgan na páxina *web*, o presidente da Xunta traslada algunhas conclusións dese estudo no que di que se clarifican estas competencias da Administración autonómica e das entidades locais para garantir unha prestación eficiente dos servizos públicos. E a verdade, cando di: «Cando unha entidade local asume de forma voluntaria a prestación dun servizo que a lei non lle outorga, non hai base legal para que exixa a súa asunción por parte da Administración autonómica, con independencia de que a Xunta estea a financiar con transferencias de todo tipo servizos municipais tanto obrigatorios como voluntarios», estamos a falar fundamentalmente —porque así o nomea tanto a nova colgada na páxina *web* como as que saíron nos medios de comunicación— das escolas infantís de 0 a 3 anos, o mantemento de centros de educación infantil, primaria e especial, comedores escolares ou o Servizo de Axuda no Fogar.

Señor conselleiro, espero que vostede nos dea unha resposta que realmente me faga ir menos preocupada e moito máis contenta. Estamos en Navidad, esfórcese, de verdade, porque os concellos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Ben, pois estamos en Nadal, en Nadal ou Navidad. Os dous son válidos, que eu nese sentido son bilingüe; non moito máis, pero nese sentido si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E, polo tanto, déalles unha alegría aos concellos, dígalles que por primeira vez, agora que hai un municipalista que foi presidente da Deputación da Coruña, lles vai dar unha alegría e vai ter en conta as súas xustas, ¡xustas!, reivindicacións. Vostede sabe que son xustas.

De todas formas, voulle preguntar unha cousa, señor conselleiro. Se os concellos, todos os concellos de todas as cores políticas, deixan de prestar estes servizos que segundo este informe teñen que prestar e se a Xunta de Galicia simplemente é un actor pasivo que pasa por alí e que lles dá algúns cartiños para que o vaian facendo, ¿que vai facer a Xunta de Galicia? ¿Vai asumir as súas competencias?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Para contestar ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Que pouca confianza, de verdade!

Moitas grazas, señora presidenta.



Señorías, a verdade que si, que este espírito navideño debería estar presente máis veces. Pero, señora Rodríguez Rumbo, ¿que quere que lle diga? Eu ese espírito municipalista — como vostede di —, efectivamente, claro que o teño, porque fun presidente da Deputación e vostede foi compañeira miña no plenario da Deputación. E, por certo, agradézolle que o 98 % dos puntos que levamos á orde do día dos plenos os votase a favor das propostas que levabamos. Agradézollo de verdade, porque iso fala ben de vostede. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Polo menos, naquela época, polo menos, naquela época. O Bloque, co 95 %, tampouco estivo mal. (*Fortes murmurios.*) O 95 % non está mal, ¿non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non está mal. Ben, pois eu agradézolles ese espírito navideño durante catro anos aos representantes do Bloque na Deputación.

É verdade que o 14 de setembro deste mes vostede me preguntaba sobre este asunto para coñecer o compromiso cos concellos galegos. É certo que ese día, o 14 de setembro, o 28 de outubro na Comisión 3ª falando dos orzamentos, así como o día 1 de decembro por petición propia e hoxe outra vez vimos falar do compromiso que ten a Xunta de Galicia cos concellos de Galicia. En tres meses, catro veces. O que pasa é que a min me dá a sensación de que non quedou claro. Probablemente sexa unha eiva miña non ser capaz de explicar ese compromiso, aínda que tamén pode ser, tamén pode ser, señora Rodríguez Rumbo, que o que queren é non entendelo, que o que queren é facer política con este asunto, cando eu creo que non se debería facer política con este asunto. Non lles interesa para nada cal é a contestación. E á pregunta que fan vostedes, loxicamente, a resposta é non. Pero non polos argumentos que vostedes poñen nesa exposición de motivos, senón porque fundamentalmente xa se está facendo.

Seguro que podíamos discutir se na xusta medida ou máis, pero gran parte das cousas que dixo vostede aquí non son certas. E —repito— poderíamos discutir se habería que facer máis. Pois probablemente, probablemente; pero, dende logo, non son certas.

Fíxese que vostede, cando fala do financiamento dos concellos, unicamente se refire ao Fondo de Cooperación Local. É certo. Pero falaba hoxe, daba as cifras e dicía que permanecía conxelado para o 2023 nos orzamentos que se aprobaron onte, e non é verdade. O Fondo de Cooperación Local crece moito o ano que vén, crece 17 millóns, que é bastante, 17 millóns é bastante.

Polo tanto, sexamos, con ese espírito navideño, máis xenerosos. Vostede sabe — respecto do Fondo de Cooperación Local — que en Galicia non existe unha norma reguladora das facendas locais; pero en 1990 regulouse, fíxose unha regulación a través deste fondo e acabouse convertendo na verdadeira ruta ou no verdadeiro modo de participación dos concellos nos recursos das comunidades autónomas. E este fondo vostede non o pode obviar, que é o que intenta facer sempre vostede. O presidente da Fegamp tamén o fixo nalgunha ocasión. Non é verdade que haxa un fondo base e que aí se limita o fondo. Non, non é certo. Hai un fondo base e un fondo adicional. ¿Por que? Porque, mire, probablemente tivemos o arroxado de garantir por lei no ano 2011 o fondo base. Vostede di que, claro, que no ano dous mil... — non sei se dixo que durante o Bipartito — se incrementou, ou que foi a maior subida. Si, é verdade, puido ser naquel momento. Sabe que, cando chegamos nós, houbo unha crise moi grande. O orzamento da Xunta de Galicia baixou case 2.000 millóns de euros. E ¿que fixo a Xunta



cos concellos? Manter por lei o que estaban recibindo cando as cousas ían ben. Polo tanto, porcentualmente —estaré de acordo comigo, non mo pode rebater— a aportación aos concellos con respecto ao orzamento total da Xunta incrementouse moito. Mantémola nun momento difícil, no que houbo que facer moitos axustes, pero os concellos quedaron á parte.

Pero, ademais de asegurarnos de que por lei ese fondo de cooperación base nunca puidese baixar, posibilitouse que, cando a recadación da Xunta de Galicia fose positiva, teriamos un fondo adicional, que tamén vai dirixido aos concellos. E vostedes aí nunca queren entrar. E ¿para onde vai o Fondo de Cooperación Local —o fondo adicional—? Para os concellos.

Eu dicíalle o outro día na intervención que tiveron que podemos discutir se os criterios que puxemos enriba da mesa lles gustan ou non. O principal criterio e primeiro é: oia, ¿cales son os concellos que teñen máis necesidades de ter financiamento? Evidentemente todos. É a resposta que daríamos calquera de nós. Pero ben, entre todos, se vostede tivese que escoller, ¿a cales atendería primeiro? Pois aos máis pequenos, ¿verdade? Vostede é de Cerceda e sabe que é un concello industrial e que foi sempre un concello rico, igual que As Pontes, pero sabe que os concellos pequenos teñen moitas dificultades para pagar a luz a final de mes. Sabe que, cando hai unha obra —e vostede foi directora xeral—, se exige un cofinanciamento, e moitas veces teñen dificultades porque non teñen para cofinanciar, aínda que sexan 20.000 euros. E ese é un problema. Polo tanto, ese Fondo de Cooperación Local adicional pensamos en poñelo nos concellos de menos de 15.000. E eu estou disposto a sentarme con vostedes e mais co Bloque e dicir: Non, o límite non está ben, é mellor 18.000. Ben, pois falámolo. Ou é mellor 12.000 ou 10.000. Ben, pois podémolo falar. E a iso é ao que me refiro cando digo que hai disposición a poder falar con vostedes de calquera asunto. Pero vai destinado a eses concellos de menos de 15.000 porque son os que día tras día veñen petar á porta a dicir que teñen dificultades para chegar ao final de mes; e nas circunstancias nas que estamos neste último ano, para pagar as facturas da luz.

E, unha vez que se delimita cales son os concellos que van recibir ese Fondo de Cooperación Local, dicimos: ben, ¿para que van utilizarse eses fondos de cooperación local? Vostedes din: É que utilizan uns criterios que non son obxectivos e vostedes fan o que queren con eses fondos. Non é verdade, non é verdade. O Fondo de Cooperación Local vai destinado a obras de saneamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home! Acabamos de discutir a Lei do ciclo integral da auga. Vostedes eran os que dicían que os concellos non tiñan capacidade para poder facelas. Vale, poñemos fondos para iso: cinco millóns —paréceme que eran— para obras de saneamento. ¿Está ben? Pero resulta que veñen todos os concellos e o maior problema é pagar as facturas da luz cada día. E podemos facer dúas cousas: podemos pagarlles a factura ou darlles cartos para todas aquelas obras que teñen pendentes para eficiencia enerxética ou que poidan redundar nunha redución do seu consumo e, en consecuencia, da súa factura. Oito millóns de euros, ¿están de acordo? Sobre as franxas secundarias teñen a obriga —e estes días está de moda, está saíndo nos xornais— de desbrozalas. ¿Dámoslles axudas para iso? ¡Oia!, non creo que sexa un criterio partidista. Pero hai máis: ¿que pasa cos GES e os consorcios provinciais de bombeiros? Esa é unha das funcións, das competencias, que teñen os concellos. E nós dicimos que ese fondo pode ser destinado tamén para esas cousas. ¿Están de acordo ou non están de acordo? ¿Hai que quitar algúns deses criterios? Vale, pois sentamos, falamos e podemos eliminar ese e meter outro.



Pero o que non se pode facer é vir aquí e dicir que eses 34 millóns de euros que van no Fondo de Cooperación adicional non existen, dicir que está conxelado dende o ano 2011 e dicir «vostedes non fan nada». Non, non é certo. Nós estamos todos os anos a darlles aos concellos moitas axudas e a intentar estar ao pé deles cando hai dificultades. Seguramente nos quedarán cousas por atender, ¡faltaría máis!, seguro que si. Pero, dende logo, creo que atender as emerxencias, as faixas secundarias, as redes de abastecemento ou a eficiencia enerxética eu creo que son cousas que os concellos agradecen. E digo que o agradecen porque eu non sei o que lles contan a vostedes cando están con votedes. Pero, cando veñen por alí, están agradecidos de que se atendan estas cousas e que poidan optar a ter axudas deste tipo. Iso é, loxicamente, o que me trasladan a min.

Por iso, cando vostede vén aquí e fala de raquitismo orzamentario, de consenso para reparación de subvencións e fai un repaso das reivindicacións que facía a Fegamp, ¡joia!, hai que dicir que moitas destas reivindicacións se están atendendo. Pero deixe que me centre nunha da que vostede ten información moi mala.

Efectivamente, no Consello da Xunta do 1 de decembro levamos un informe sobre as conclusións do estudo que encargamos á Universidade de Santiago. A ese estudo foi invitada a Fegamp a participar —foi invitada a Fegamp, podemos discutir cousas pero iso non o faga, por espírito navideño, porque vai quedar mal cando lle quite todos os papeis—, foi invitada a Fegamp a participar. A Fegamp nun principio dixo que si, e nun momento determinado descolgouse, dixo que eles non se vían nese mesmo convenio e que, polo tanto, o fixeramos a Xunta de Galicia coa universidade, que eles encargarían outro co obxectivo de poñer enriba da mesa despois dúas posturas e poder chegar a acordos. Ata aí, todo moi ben, señora Rodríguez Rumbo, ata que nun momento determinado o presidente da Fegamp, sen comunicarllo a ninguén —nin sequera aos membros da dirección da Fegamp do Bloque, aínda que non estou seguro, non o sei, pero si do PP, que non llelo comunicou—, fixo unha rolda de prensa e empezou a dicir que a Xunta lles debía mil millóns de euros aos concellos. E agora vénme aquí vostede dicir que isto foi rachar co diálogo —apunteino ben—. ¿Quen rachou co diálogo? Quen rachou co diálogo foi o presidente da Fegamp.

Do que se trataba no estudo é do que sabemos todos os que estamos aquí. Absolutamente todos, con independencia do partido, somos conscientes de que os concellos desenvolven competencias que non son deles. É verdade, é verdade, sabémolo todos. Pero tamén é verdade que a Xunta desenvolve competencias que non son da Xunta. Vale, entón podemos facer dúas cousas. Podemos facer cada un un estudo e empezar a berrar cada un polo seu lado, a ver quen berra máis, ou facer unha cousa seria, sentarnos e dicir: señores, o que hai que identificar primeiro é que cousas facemos nós, a Xunta de Galicia, que non nos corresponden, e, despois, que cousas fan vostedes que non lles corresponden. Primeiro hai que identificalas e poñernos de acordo. Unha vez que as teñamos identificadas non se trata de deixar de atender a ninguén. Trátase de dicir: ¡joia!, non sigamos nos próximos anos unha axenda que nos vaia seguir metendo neste furado; vamos clarificar cal é cada cousa e, pouco a pouco, intentemos ir centrando e pasando as competencias a cadaquén —e con orzamentos, efectivamente—. ¡Claro que si!, como nos pasa á Xunta de Galicia cando os ministerios correspondentes regulan...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.



O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Xa remato presidenta.

¡Claro que todos queremos orzamentos, pero non me fale de rachar o diálogo!

Por certo, dese estudo di que non ten coñecemento —xa me vou presidenta, xa me vou con espírito navideño— porque o próximo día 27 da semana que vén se vai presentar. Por certo, foron invitados os grupos esta mesma semana a esa presentación —asegúrollo, e, se non, invítoa agora mesmo aquí en directo a que o próximo día 27 veña á EGAP a esa presentación dese estudo, que llelo faremos chegar ese mesmo día, se podemos, para que o teñan e empecemos a traballar sobre el—.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica por cinco minutos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

No único que me equivoquei, señor conselleiro, é en que non me daba conta de que si estamos invitados, niso ten razón que me equivoquei. Así que, nada, alí estaremos. No resto, señor conselleiro, vostede sabe perfectamente que ningunha das cousas que dixen aquí son mentira, absolutamente ningunha.

E, mire, señor conselleiro, vostede sabe perfectamente que un dos grandes logros que tivo o Fondo de Cooperación Local foi ser un fondo incondicionado, incondicionado; porque, ademais, non entendemos por que teñen que ser fondos regulamentaristas, como dicía o señor presidente da Xunta de Galicia esta mañá. Porque, mire, os gobernos municipais son gobernos ¡autónomos! que deben decidir eles —porque foron elixidos libremente— no que deben e no que non deben gastar os seus recursos.

E, señor conselleiro, seguramente non me vai dar tempo a establecer todo, pero nisto si que me vou parar porque creo que é hora de que se faga. De 2016 a 2022 vostedes repartiron con ese fondo adicional 59 millóns de euros en total. Pero voulle dicir en que.

Mire, 13 millóns de euros foron para os concellos fusionados, que é o 20 % dese fondo adicional; 1.170.000 son para o funcionamento da Fegamp; 725.000 euros para concellos con institucións penitenciarias; 13.400.000 para mantemento de centros de saúde en concellos de menos de 15.000 habitantes —unha competencia tamén de vostedes—; 4.200.000 para conservatorios de grao medio; 3.900.000 para retirada de niños de velutina; 1.000.000 para cobertura de telefonía móbil no rural; un millón e medio para esa sociedade mercantil do ciclo da auga, da que despois se tiveron que desdicir; e 1.800.000 para renovación do parque municipal contra incendios. Este é o fondo adicional do que vostede vén aquí dicir que é unha marabilla, que é para todos os concellos e que se reparte así, con criterios obxectivos. É mentira, señor conselleiro, ¡é mentira!, e os concellos o que queren son fondos propios



para poder realizar as súas políticas, as políticas para as que os votaron e polas que gobernan neses concellos.

Non me vai dar tempo a todo o que lle quería dicir, pero, señor conselleiro, no caso das escolas infantís xa tivemos ocasión de preguntarlle aquí á responsable de Política Social hai uns días. Vostedes están máis preocupados, coma sempre, pola publicidade e a propaganda. Resulta que agora a Xunta de Galicia vende —e ademais di que está moi orgullosa, e nós non dicimos que non estea ben a medida, non lle estamos quitando valor a esa medida— que a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos é grazas á Xunta de Galicia. E, señor conselleiro, é mentira, ¡é mentira! Voulle poñer o mesmo exemplo que lle poñía á responsable de Política Social. Nun concello pequeno como o de Cerceda —vou empregar novamente o meu concello, que é un dos que mellor coñezo— pois resulta que o custo da escola infantil de 0 a 3 anos págao o concello nun 58 %, nun 28 % as familias e un 20 %, ¡un 20 %!, é o que paga a Xunta de Galicia, señor conselleiro. Polo tanto, vostedes non poden vender como algo propio o que non é propio, e ademais, pedirilles ou exixirilles aos concellos que lle manden un papeliño no que diga que se fan cargo do cen por cento dese custo, simplemente porque vostede sabe que é mentira.

Veña agora na súa segunda intervención, póñanos ledos, poña ledos os concellos e diga que vai asumir a totalidade do custo das escolas infantís de 0 a 3 anos (*Aplausos.*) e que lles vai pagar aos concellos a parte que a vostedes lles corresponde e que os concellos están pres-tando.

E, mire, señor Calvo, o mesmo ocorre co Servizo de Axuda no Fogar. A maior parte estana pagando os concellos, e vostedes asígnanlles unha contía que na súa maioría son fondos que veñen do Estado. Polo tanto, déanos outra alegría, señor conselleiro; porque, mire, o Servizo de Axuda no Fogar é o servizo que máis está lastrando as economías dos concellos. E, cando lle falo de raquitismo orzamentario dos concellos, non é unha cuestión que digamos nós, non é esta deputada que sae aquí a dicirillo. É que aparece nos informes que fai o Consello de Contas ano tras ano sobre a fiscalización dos concellos galegos. ¿Sabe que din? Que os concellos galegos son os que teñen menos ingresos comparados con todos os concellos do resto do Estado. E, se non están de acordo, díganlle ao Consello de Contas que está equivocado, díganlle que está equivocado. Pero, mire, volvo dicirille que mentres apareza nos informes do Consello de Contas, os socialistas seguiremos traendo aquí, e reivindicando, ese raquitismo orzamentario ao que vostede non quere facer caso.

Señor conselleiro, xa por último, o 26 de febreiro de 2021 constituíuse formalmente ese grupo de traballo de estudo de financiamento e ámbito competencial. As primeiras conclusións que saíron dese estudo non lle gustaron á Xunta de Galicia, considerou que non eran adecuadas, e por iso encargaron ese estudo á Universidade de Santiago de Compostela por 110.000 euros...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...mentres que na Fegamp se optou por un estudo con xente experta en Administración local de concellos, de deputacións, de universidades, tanto da



Coruña como da de Santiago de Compostela, e con técnicos da Fegamp. E ¿sabe que di ese estudo, señor conselleiro? Que os servizos compartidos coa Xunta de Galicia lles custan aos concellos mil millóns de euros, dos que a Xunta só lles traslada 376 millóns. Polo tanto, a Xunta de Galicia estalles a deber aos concellos galegos seiscentos millóns de euros. O que lle pido é...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que se senten a falar, cheguen a acordos e nos dean hoxe unha alegría para que os alcaldes e as alcaldesas nos seus municipios poidan trasladarlle esta alegría á súa cidadanía, que para iso é para o que os rexen. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o peche ten novamente a palabra o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Pouso): Grazas, presidenta.

Eu creo que hai un problema de información, probablemente similar ao de recibir a invitación e non ser consciente.

Dese estudo non é verdade o que vostede acaba de dicir, non é verdade. E, ¡home!, isto —xa fóra do espírito navideño— é case unha broma de mal gusto. Non é verdade. Nós contratamos e temos convenios con Red Localis. Por certo, nos informes de Red Localis —sabe vostede o que é, da que ademais forma parte algún insigne exdeputado do Partido Socialista— pois poñen de manifesto ano tras ano que hai un problema no financiamento dos concellos. Hai moitos problemas, pero hai un moi claro. E vostede, que é de Cerceda, teno que saber.

¿Canto supoñen os impostos que recada o Concello de Cerceda entre os seus cidadáns con respecto ao seu orzamento? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque non cobra... ¡Ah!, Cerceda igual non cobra impostos, ¡claro! Ou cobra o mínimo, ou cobra menos de tal... *(Murmurios.)* Si, si, e non cobre os custos. Si, si, iso non o digo eu, señora Rodríguez Rumbo, dino os estudosos do tema. Non o digo eu, non me malinterprete.

Pero vostede di aquí que nós cambiamos e fixemos entón outro estudo. ¡Non, non!, nós buscamos profesores da universidade que fan un estudo, e fíxese: nós invitamos a todo o mundo á presentación do estudo. E a partir do día 27 —vostedes, os primeiros— todos os alcaldes que foron invitados e presidentes das deputacións van ter o estudo, para que o lean, para que o estuden e quiten as súas conclusións. Probablemente eu seguramente non estea de acordo co 100 por cento do que di, pero para iso é e para despois, tranquilamente, poñelo enriba da mesa.

¿Que fixo a Fegamp? A Fegamp, a última hora —teño aquí a cronoloxía das cartas e de como foi todo, e ademais teño aquí as copias, non me dá tempo a quitarllas pero doullas despois—, ¿que fixo? A Fegamp o que quería é facer política, o que quería é saír cun dato, e iso, se



queremos resolver... (*Murmurios.*) o problema, non temos que empezar por aí. Se queremos resolver o problema, o primeiro que temos que identificar é cales son as competencias das que estamos a falar, ¿verdade? E o seguinte paso é dicir: ben, pois non sigamos caendo no mesmo erro —por parte de todos, señora Rodríguez Rumbo—, e, a partir de aí, veremos como imos. Pois, ¡joia!, igual a escola infantil Emilio Romay, da Deputación da Coruña, non ten sentido que a teña a deputación, ¿verdade? Os colexios que tiñamos na Deputación da Coruña non ten sentido que os teña a deputación. Pois iso é do que se trata, poñelo enriba da mesa e ver como imos nun período non dun día para outro —non o imos resolver dun día para outro, señora Rodríguez Rumbo—, pero poñer unha folla de ruta e ir solucionando todos os problemas.

E iso era o que nós tentabamos. Pero, ¡home!, o estudo da Fegamp quen non o coñece son eu. (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, pero é que o noso non foi presentado, (*Murmurios.*) a Fegamp xa o presentou hai un mes; esa é a diferenza, señora Rodríguez Rumbo, a Fegamp presentouno hai un mes e non nolo enviou nin nos invitou. (*Aplausos.*) Nós ímolo presentar a semana que vén e invitamos a todos e ese día poderano levar. E despois de que o teñamos todos e o vexamos, sentarémonos e empezaremos a pensar e a poñer cada un enriba da mesa as súas propostas. (*Murmurios.*) Claro, hai unha diferenza un pouco grande, non sei se se ten decatado diso.

E di vostede: os fondos regulamentaristas, e empezaba a dicir ou a valorar aquí cales eran os destinos a onde ía o fondo de cooperación adicional. ¿Que parte non lle gusta? Di: é que non van para todos. ¡Home!, claro, porque o que se ten que facer é, ¡joia!, que nós promovamos que os concellos se cheguen a fusionar; cantos máis se fusionen, máis lles tocará.

Nós estamos de acordo con que se quiten os niños das velutinas; vostede ¿si ou non? ¿Non lle gusta ese criterio? Vale, eliminámolo. ¿Cal quere poñer? (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, claro que está falando diso, porque vostede mestura todo e intenta que nesa mestura pareza todo mal. Non é certo, non é certo. Estes criterios están feitos para a maioría dos concellos de Galicia. ¿Ou é que os concellos do Bloque ou do PSOE non teñen niños de velutinas e non están asociados a Seaga no contrato? Si, ¿non? (*Murmurios.*) (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, ¡ah!, ¿nosa? ¿E o consorcio ou consorcios provinciais de bombeiros de quen son competencia? (*Murmurios.*) ¿De quen son competencia os consorcios provinciais de bombeiros? ¿Por que a Xunta de Galicia ten que poñer a metade do que custan os catro consorcios provinciais? E os servizos de emerxencia dos GES, ¿por que a Xunta de Galicia ten que poñer os cartos? ¿Sabe por que o fai? Porque somos responsables. E se os concellos non o fan e as deputacións tam pouco o fan, a Xunta non vai escapar.

E iso é a realidade e é o que nos trouxo ata o día de hoxe, señora Rodríguez Rumbo; así estamos hoxe. Polo tanto, ¿queremos falar en serio? ¡Falemos!, pero non nos fagamos trampa, porque, se non, non imos poder empezar. Quen tiña que estar facendo ese servizo son as deputacións provinciais.

¿Sabe vostede cantos cartos ten a Deputación da Coruña no banco? Segundo o informe de fiscalización do señor Pardellas —que vostede mais eu coñecemos ben—, a setembro do ano



2022, 221 millóns de euros no banco, e ademais paga por eles: intereses, 800 e pico mil euros. (*Murmurios.*) ¿Por que non se axuda aos concellos, señora Rodríguez Rumbo? ¿Por que non se axuda aos concellos con eses cartos? ¿Por que non se asumen as competencias que teñen as deputacións, por exemplo nas emerxencias? ¿Por que non se fai? Ben, pois, ¡joia!, hai moitas formas de xestionar. Claro, efectivamente, a Deputación da Coruña ten o 32 por cento de execución do orzamento a setembro de 2022. Alá vostedes.

Nós o que queremos é facer ou intentar facer outra forma de poñer os problemas enriba da mesa. Traemos este informe agora, que o presentamos o próximo día 27, e de verdade que me encantaría que estivesen alí. Falaremos. Xa lle digo: eu non vou compartir o 100 por cento do que pon alí, seguro; seguro que vostedes tampouco. E, a partir de aí, estudarémolo e reuniremonos e aceptamos propostas. Pero, ¡ollo!, isto é para solucionar o problema. E xa lle digo: non imos ser capaces de solucionalo nin en tres meses nin nun ano.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Xa remato, presidenta.

Levamos moitos anos con este problema. Non, levamos moitos anos con este problema desde que hai concellos, señora Rodríguez Rumbo, e dende a Xunta de Galicia, dende que se creou a Autonomía. Polo tanto, o que hai que facer é unha folla de ruta para chegar a unha solución. Nós estamos dispostos a facelo e o que quero saber é se, nese espírito navideño, vostedes van intentar facer algo por chegar a unha solución ou van facer política, como fixo o presidente da Fegamp.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos con preguntas ao Goberno, no apartado 6.2.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da intención de modificación do Código Penal en relación co delito de malversación

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidenta.

Page: «No es tolerable pactar con delincuentes su propia condena. Soy muy contrario a la decisión del Gobierno, —insisto— muy contrario, porque soy muy coherente. Es un momento grave para la política española. Que nadie piense que la gente es tonta y se olvidará. Esto sí que es hacer historia».

Guerra: «Todavía no se han aprobado ni la derogación de la sedición ni la rebaja de la malversación y los independentistas ya tienen otro tema: el referéndum. Han remarcado en referencia a la decisión



de Esquerra Republicana de Cataluña de llevar a su congreso de enero la propuesta de una consulta de independencia pactada. Legislar con nombre y apellidos también corrompe la política, es una forma de corrupción, porque las leyes quedan amortizadas e inutilizadas. No se puede legislar para una persona».

César Antonio Molina: *«Estamos ante un asalto a la democracia en España por parte del Gobierno de España».*

Lambán: *«En mi opinión, malversar fondos públicos para financiar un delito tan gravísimo como el de los independentistas catalanes debería de tener una consideración agravada».*

Óscar Puente: *«La modificación de la malversación no la acabo de entender bien, no me acaba de gustar ni me acaba de encajar».*

Non son declaracións de ningún membro do Comité Executivo do Partido Popular, son palabras que saíron da boca de dirixentes socialistas, que non se senten cómodos ante un goberno que está rendido ao populismo e ao independentismo.

O Goberno do señor Pedro Sánchez, o Goberno de chapuzas da nosa lexislación, é o noso Estado de dereito. Non lle era suficiente con mesturar a eliminación do delito de sedición coa rebaixa do delito de malversación que a través de emendas incluíron tamén a modificación de dúas leis que afectan o poder xudicial e, por tanto, o bloque constitucional, vulnerando, por certo, os dereitos dos deputados e deputadas do Congreso, polo que o Grupo Parlamentario Popular acudiu en amparo ao Tribunal Constitucional e o Tribunal Constitucional paralizou ese atropelo á democracia. Neste parlamento iso non tivera sucedido, porque nós si que lles facemos caso aos letrados.

O Goberno de Sánchez son os Manolo e Benito da política de chapuzas a domicilio, neste caso chapuzas á demanda; á demanda dos independentistas, aos que este Partido Socialista dirixido polo señor Pedro Sánchez ten entregado o Goberno do noso país. E aí está o resultado: o Tribunal Constitucional dixo «non» a esa forma de legislar e por iso foron tildados de golpistas. O mundo ao revés. E, como dicía o señor Page: *«no piensen que la gente es tonta y se olvidará».* Iso é o que pretendía o Partido Socialista.

¿Ata onde está disposto a chegar este goberno? Indultos, rebaixas de penas a delincuentes sexuais, rebaixas tamén para os delitos de corrupción, e o próximo será asistir a un edulcorado referendo catalán.

Vimos como se advertía sobre as rebaixas de penas coa aprobación da Lei do só si é si; como é propio dun chapuzas, tiraron polo «ti vai facendo». E así é como 119 delincuentes sexuais viron reducida a súa pena, dos cales 20 están na rúa. E agora assistimos a titulares como *«Anticorrupción alerta de las rebajas de penas de corruptos. Lanza una alerta sobre pasos atrás en la lucha contra la corrupción».*

E isto xa parece un chiste, este é o chiste do día: *«por lo visto, no es lo mismo robar para lucro personal que robar para el partido que lo tiene a uno a sueldo».*



Señor vicepresidente, ¿que valoración fai o Goberno galego da intención de modificar o Código penal en relación co delito de malversación? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, dona Paula.

Para a contestación, ten a palabra o vicepresidente segundo, por tres minutos.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señoría, a verdade é que a valoración que fai o Goberno da Xunta de Galicia é a única valoración posible que creo sinceramente que farían a meirande parte dos españois a día de hoxe: estamos ante un ataque continuado e intolerable ás institucións por parte do Goberno, o cal o fai aínda máis grave, porque, dende logo, non tiñamos visto isto en ningunha ocasión, co único obxectivo de controlar a Xustiza e sobre todo contentar os independentistas.

E dicía que isto é máis grave, porque, efectivamente, non procede dun partido político —xa vimos algunha cousa parecida en España nos últimos tempos, intentos—, pero o máis grave é que nesta ocasión procede por parte dun goberno nun país democrático que ademais loitou moito e durante moitos anos por conseguir ter a democracia que hoxe temos.

O presidente do Goberno, señorías, non ten límites cando trata de manterse no poder. Creo que, sinceramente, é algo que todos os españois comparten. Saben todos os españois que é capaz de facer calquera cousa por durmir un día máis na Moncloa —dende logo, nós temos que estar atentos— e por pagar os favores aos seus socios, chegando incluso —como dicía vostede— a negociar cos condenados ou —como dicía algún insigne socialista— sometendo as decisións dun país ao capricho dos partidos que queren marchar de España e que queren rachar con España.

A decisión do Tribunal Constitucional de admitir a trámite o recurso pois vén confirmar que, efectivamente, algúns deputados no Congreso dos Deputados, algún partido, algunha opción política tiña a razón. Tiña a razón porque o camiño que levaba ou que intentaba facer o Goberno dende logo non era o axeitado.

Pero tamén confirma algo que creo que é importante e debemos de poñer enriba da mesa. Confirma, señorías, que o Estado de dereito segue vivo e que a democracia do noso país sae fortalecida. O presidente do Goberno, de xeito unilateral e co seu beneficio propio como único obxectivo, intentou sacar a adiante as súas intencións a toda custa, saltando a tramitación prevista e eludindo os máis mínimos controis parlamentarios.

E é curioso —porque eu creo que non todo vale— ver as reaccións que tiveron moitos representantes institucionais, moitos representantes políticos intentando poñer o que xa escoitamos hai meses cando ocorría en Cataluña, que parece ser que nunha votación plenaria se podía decidir o que dera a gana aínda que fora en contra de todas as leis. E isto non é así. Vímolos en Cataluña e volvémoslo ver hoxe. Non se pode facer calquera cousa atentando contra a Constitución, é que non se pode. Se estivésemos nese escenario, entón entraríamos nun Estado falido, (*Murmurios.*) e afortunadamente España non é ese Estado falido.



Polo tanto, nós o que pedimos é que se rebaixe o ton, que se deixe de acusar os xuíces cando non lles gustan as sentenzas. Isto non é novo por parte do Goberno. Cando a Lei do só si é si se empezou a aplicar, vimos que se producían as rebaixas de penas que xa tiñamos advertido e entón algúns membros do Goberno dicían dos xuíces que eran fachas. Agora que non lles gusta a resolución do Tribunal Constitucional tamén é culpa do sector conservador.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para a réplica, por dous minutos, ten novamente a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidenta.

Pois si, señor vicepresidente, con esta modificación da lexislación —que, por certo, contará co apoio do Bloque Nacionalista Galego— veranse exonerados de responsabilidade penal, por exemplo, o expresidente do Partido Socialista, o señor Griñán, que roubou para o partido que o tiña a soldo. Pero tamén deixará de ser delito probablemente a trama de corrupción que estamos vendo estes días do Partido Socialista de Valencia, na que non pagaron os gastos de *merchandising*, publicidade e buzoneo das campañas electorais de Carmen Alborch e María Teresa Fernández de la Vega. Coa nova lexislación, iso deixaría de ser delito. Menos mal que Pedro Sánchez viña á política para rexenerala.

Estes días os socialistas e independentistas láianse de que o Tribunal Constitucional paralizara a reforma que antidemocraticamente e inconstitucionalmente querían sacar a adiante para liberar das súas condenas os verdadeiros golpistas, os do *procés*. E ante o triunfo do Estado de dereito tivemos que escoitar que os xuíces do Tribunal Constitucional son uns golpistas. O mundo ao revés.

Pero o Partido Socialista non opinaba o mesmo no 2017, porque daquela dicían: «*El PSOE exigía en 2017 que los líderes del procés devolvieran lo malversado lo antes posible*», e hoxe fan unha modificación lexislativa *ad hoc* para que isto os exonere e poidan volver presentarse nas eleccións de maio.

Por desgraza, sufrimos o Goberno máis chapuceiro, lexislativamente falando, da historia de España. Son moitas as veces que o Tribunal Constitucional tivo que frear os tics autoritarios do Goberno de Pedro Sánchez. Vou ler algúns titulares: «*El Tribunal Constitucional tumba la treta de meter a Iglesias y Redondo en la Comisión del CNI*», «*El Tribunal Constitucional declara inconstitucional el nombramiento de Rosa María Mateo en Radio-Televisión Española*», «*El Tribunal Constitucional reprocha al Gobierno que use decretazos para eludir las Cortes*», «*Confinamiento inconstitucional; el segundo estado de alarma también fue inconstitucional por el autoritarismo de Sánchez, tercera resolución judicial contra las decisiones del Ejecutivo en pandemia*».



Señorías, estamos ante un Estado absolutamente democrático pero ante un goberno absolutamente antidemocrático. Menos mal que hoxe lle queda un día menos na Moncloa ao peor Goberno da historia de España.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, dona Paula.

Réplica por parte do Goberno. Ten novamente a palabra o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que no que entrou o Tribunal Constitucional non é novo no fondo senón na forma, e na forma, cando paramos a pensar que é o que ten ocorrido nos últimos días, resulta que nos últimos corenta e cinco días o Goberno anunciou a derogación do delito de sedición, que se votou na madrugada dun xoves. Anunciou que se rebaixaría o delito de malversación; fíxoo na ponte da Constitución, e os seus plans consistían en aprobalo case en véspera de Noiteboa. Claro, ¿era tan urxente facer todo isto? ¿Era unha necesidade imperiosa reformar o Código penal na ponte da Constitución, nas vésperas de Noiteboa, ás présas, correndo, de madrugada, nos plenos? ¿Era tan necesario? Non. Vostedes saben que non.

O que había detrás non era unha necesidade de regular ou de cambiar ou de modificar ou de debater sobre eses delitos. O que había detrás era a necesidade de contentar os partidos independentistas para que votaran un orzamento. E iso é moi triste, é moi triste, señorías. É moi triste que un goberno por primeira vez na historia sexa capaz de facer incluso iso para ter aprobados uns orzamentos. Dende logo, aquí non pasaría, dicíao antes a voceira do Partido Popular. É triste, vergoñento e inédito. ¡Que teña que vir o Tribunal Constitucional lembrarlle a un goberno que todos, todos, os poderes do Estado están sometidos á Constitución!, (*Aplausos.*) todos os poderes do Estado. É triste o que estamos a escoitar.

E faláballes na primeira intervención: dende o pasado luns pola tarde membros do Goberno, tras a resolución xudicial, cualificando os xuíces de fachas con toga. Pero ¿onde vivimos? Pero ¿que é isto? E algunha deputada asente coa cabeza. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois, en fin, con estes mimbres xa vemos o que temos, estar facendo presión a aqueles que non comparten a súa actuación.

Pero aínda é posible facer ben as cousas e actuar como fixemos sempre os españois, e como fixemos dende os grandes partidos, tendendo a man e traballando. O que nunca pasou foi que a ameaza viñera do propio Goberno.

É triste ver como algúns partidos independentistas estes días saían en tromba defender determinadas cousas. E é triste tamén ver un deputado galego que no último mes tivo dúas grandes actuacións: a primeira, na ponte da Constitución, dicir que Galicia era unha república; e, a segunda, (*Murmurios.*) con este suceso que veña o señor Rego e que diga: «*es un golpe blando judicial y un atentado contra los principios democráticos mínimos por vulnerar la divi-*



sión de poderes y limitar la independencia del poder legislativo. Es necesario parar a esta ultraderecha golpista y descaradamente franquista y a este PP golpista, a este Feijóo golpista y a este tribunal golpista». (Aplausos.) É unha tristeza que algún galego... (Aplausos.) (Murmurios.), é unha tristeza que un deputado galego na Cámara poida chegar a dicir isto.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Seguimos coa seguinte pregunta, imos ao apartado 6.3.

(Murmurios.)

Por favor, garden silencio. (Murmurios.) Por favor. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Se teñen que manter algunha conversa, auséntense e fáleno fóra, e deixen seguir a orde do día. (Murmurios.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a medida proposta de rebaixa dun 40 por cento nas taxas aos bingos

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra don Julio Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Eu quería aproveitar para solicitar á Presidencia o amparo. O señor Calvo acaba de sufrir unha durísima sesión de control ao Goberno agora. Foi moi duro estar seguindo e discutindo esa tensión entre o control do Goberno galego —a que acaban de vivir agora— (Risos.) e eu creo que hai que protexer o Goberno de que non sexan tan agresivos os deputados como acaba de ser a señora Prado contra o Goberno galego con esa sesión, (Risos.) tan dura, tan difícil e, dende logo, tan improvisada.

En fin, imos falar agora de xogos de azar, non da ruleta rusa na que están metendo vostedes o Estado con este ataque tan visceral que están facendo, senón neste caso das empresas do sector do xogo, particularmente neste caso das empresas do bingo.

E ten que ver con que exista unha coincidencia —imos chamarlle unha coincidencia, todo casualidade seguro— neste parlamento nas últimas semanas. Coincide que o Goberno galego está obrigado e forzado a traer a este parlamento unha normativa de regulación do xogo. Non é da consellería, non depende da consellería do señor Corgos, que contesta hoxe, pero si da Vicepresidencia. Levamos anos e anos esperando. É certo que o señor Rueda deixouna pasar e o señor Calvo pois viuse obrigado agora e polo menos introduciuna. Pero evidencia, tanto o texto da lei como a actuación do Partido Popular, que non estaban de acordo con ter que traela. Eles preferían basicamente a desregulación e o sector selvático no que estabamos metidos.



Pero a coincidencia de ter que regular un sector e regular o comportamento das empresas relacionadas co sector do xogo, neste caso falamos especificamente do bingo, coincide —casualidade— temporalmente con que a través da Lei de acompañamento este goberno introduce unha rebaixa fiscal para as empresas do bingo. É dicir, á vez que se ven obrigados a regular o seu funcionamento —ata o de agora desregulado en favor das empresas—, agora que teñen que poñer algún tipo de coto —non moito, xa lles adianto que a lei non pon moito—, iso si, rebáixanlle un 40 por cento do que teñen que pagar as empresas, un 40 por cento.

Cando vostedes falan de que a xente ten que ter os cartos nos seus petos, ben, eu creo que están facendo que deixen de pagar as empresas para que outros deixen o carto nos petos desas empresas tamén. Polo tanto, o que están facendo vostedes é renunciar ao diñeiro público dunhas empresas que están regulando.

E é unha coincidencia casual —eu sei que é coincidencia—: teñen que regularlos un pouco máis do que estaban, pero coa outra man rebáixase un 40 por cento; e nós preguntámoslle por que. A xustificación aparente, segundo a lei, son as condicións durísimas ás que a pandemia fixo someter as empresas en termos de emprego. E, por tanto, fan a condición de que se manteñen un ano, durante o ano seguinte, esa plantilla, que como tiveron que pasar unha época moi complicada, rebáixanlles o 40 por cento do imposto.

E nós preguntámonos: ¿non é un agravio comparativo con calquera outro negocio de calquera sector que sofre para manter o emprego igual ou máis que estas empresas? E preguntámoslle, ademais de por que, se hai algunha outra explicación, canto diñeiro lles deixan de cobrar aos bingos neste ano grazas á súa modificación legal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Torrado.

Para contestar, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidenta.

Grazas, señoría, pola súa pregunta.

Pois a valoración que fai o Goberno galego desta rebaixa ás taxas do sector do bingo e á súa motivación é precisamente para manter o emprego neste sector. E facémolo mediante unha das poucas ferramentas que temos para facer efectiva esta finalidade.

Estamos ante un sector que, tal e como dixo vostede, sufriu especialmente, porque se basea na asistencia do público, os efectos da pandemia. Pero é que é un sector en crise xa dende hai tempo polo impacto do xogo *on line*, como saben, que fixo que no último ano pecharan dúas salas na comunidade autónoma. E o único obxectivo que nos move é simplemente fixar o escaso emprego que queda no sector.



Certamente é unha rebaixa do gravame, pero tamén é certo que o gravame que existe en Galicia na actualidade é o máis alto que existe en todas as comunidades autónomas, un 50 por cento do *win*, que é o beneficio, a diferenza entre ingresos e gastos. E mantemos, por tanto, unha rebaixa e axustámola á media de gravame das comunidades autónomas, que é o 30 por cento, unha vez analizados todos os tipos de gravame que existen nas diferentes comunidades autónomas; e, iso si, condicionado ao mantemento do cadro medio de efectivos que traballan en cada sala durante o exercicio 2022.

Como digo, a razón é esta, a razón do axuste tributario e tamén a razón da contía, a que se rebaixa, e fixala na media das comunidades autónomas. O único que nos move é o mantemento do emprego.

E —como ben dixo— tamén estamos realizando outra serie de actividades no que atinxe ao sector do xogo, á regulación do xogo, como ben saben, porque están tramitando nesta mesma Casa —e creo que en trámite de emendas, segundo me dixo esta mañá o vicepresidente segundo— para actualizar unha normativa que ten unha antigüidade de máis de trinta anos e que si que ten un contido moito máis importante que esta rebaixa á media do tipo de gravame das salas de bingo.

A prioridade, unha vez que se falou cos principais sectores implicados, é garantir unha práctica responsable do xogo e coidar dos máis vulnerables. E para iso estanse a implementar unha serie de novidades que tentan previr, sensibilizar e protexer os máis vulnerables respecto do xogo. É algo que impulsa o Goberno galego unha vez constatado que existe unha preocupación social sobre o xogo e que existe unha normativa desactualizada e que existían novas figuras do xogo que había que regular.

Por tanto —e xa rematando a miña intervención—, o único que nos move é manter este emprego no sector. Estámonos a equiparar á media de gravame das comunidades autónomas e, polo tanto, non estamos facéndolle ningún regalo a ninguén. E estamos tamén complementando isto cunha Lei do xogo que actualiza e tenta dar unha resposta a un uso responsable das actividades do xogo, protexendo os máis vulnerables.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten de novo a palabra don Julio Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, non dixen eu a palabra «regalo» en ningún sitio, ¡eh! (*Aplausos.*) Pero cadaquén contesta ao que se sente apelado, iso xa aí lle vai a cada un.

Mire, sorpréndeme a súa insistencia en que en realidade non hai máis argumento que ese. Entón, repasemos: no ano 2022 —non polo 2021 ou polo 2020— a afectación da pandemia foi tan grande pola afluencia de público que vostedes cren que lles foi moi difícil



manter o emprego e, por tanto, se o manteñen, déixanlle de cobrar o 40 por cento. Isto é basicamente a argumentación, porque é o que di a norma, ademais, é o que vostedes implantaron. Se manteñen dun ano para outro o emprego, como foi moi difícil —e vostede explicouno: a pandemia, a afluencia de público—, pregúntome eu: no 2022, a afluencia de público en 2022 —que non no 2021 ou 2020, eu creo que no 2022 igual foi un pouco máis laso, pero, aínda así, imos coller que houbo dificultade—, ¿vostede non cre que hai locais de hostalería que puideron sufrir tamén porque tamén teñen que ver coa afluencia de público —non sei se coñece a dinámica dos bares pero funciona así— (*Risos.*) ou os comercios, que é igual coa afluencia de público? (*Aplausos.*) A ver, que se non compra ninguén tamén ao comercio lle vai mal, necesita afluencia de público, non vai estar o dono comprándose a si mesmo. Pero, en todo caso, vostede, iso si, para os bingos.

Curiosamente —vólvolle repetir—, coincidentemente, a baixada do 40 por cento é coincidente con que teñen que regularlles un pouco. A verdade, señor conselleiro, vostedes isto da negociación ¿como o fan? ¿Levan eles o TPV e pagan con tarxeta? ¿Ou como vai? Porque a realidade é que, cando lle teñen que regular un pouco, páganlle máis. (*Murmurios.*) Debe ser que están comprando por palabras a regulación.

Pero é máis: meteron unha modificación á emenda —que eu pensei que ían retirar por certa dignidade— e emendaron isto, porque non lles van exixir que manteñan o emprego dun ano para outro. Vanlles poñer un listón baixo, que é o 2022 —supostamente o ano peor do emprego, segundo vostedes— e, a partir de aí, dá igual que os demais o suban, pódeno baixar, que con que o deixen co 2022 equiparado xa lles van todos os anos rebaixar ao 40 por cento.

Por tanto, señor conselleiro, ¿hai algo máis ou foi directamente que vostedes están pagando unha negociación dunha lei que non querían implantar?

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Torrado.

Réplica do Goberno, o señor conselleiro por tres minutos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Ben, grazas de novo pola súa pregunta.

E non sei a conclusión á que chegar é certamente un pouco estraña. Eu non me referín en ningún caso á baixada do emprego no 2022, porque no 2022 consideramos que xa non existe a pandemia e que estamos ante un ano normal. Cando baixou o emprego e cando estaban pechadas as salas foi no 2020, que é cando había a pandemia, e un pouco no 2021; no 2022 non hai ningunha restrición pola pandemia —que eu saiba—. Entón, por iso tomamos como referencia un ano normal, que é o ano 2022, e precisamente facemos iso e non empregamos unha variable móbil e por iso corríxese para que non se faga un axuste de emprego neste ano e logo funcione ese só como referencia para ter



unha plantilla mínima; por iso establécese esa referencia á plantilla media deste ano 2022.

Como dicía, a medida está dirixida a manter o emprego nun sector complicado e nun sector nunha situación complicada —como dicía—, no que existe a evidencia de varios peches, e o único que facemos é axustar a tributación á media das comunidades autónomas.

Non é comparable a tributación deste sector con outros, porque o sector da hostalería —ao que vostede fixo referencia— non ten unha taxa especial. Ademais da tributación como autónomo no IRPF ou o imposto sobre sociedades, non ten unha taxa especial sobre o xogo, como si que ten este sector, que grava actualmente o 50 por cento dos beneficios. Por iso non é comparable.

E o único que facemos é axustarnos á media das comunidades autónomas. Polo tanto, non entendemos que non lle pareza un agravio que estean tributando agora o 50 por cento, que lle pareza un agravio que se fixen no 30 por cento, que é a media das comunidades autónomas. E se lle parece un agravio que se grave co 30 por cento, non sei que lle parecerá que os socialistas de Asturias o estean gravando cun 20 por cento ou que os socialistas de Extremadura o estean gravando cun 25 por cento. Se lle parece un agravio o tipo que fixamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non ten que ver con vostede tamén, vale. Pois moi ben. *(Murmurios.)* Non é socialista, é unha corrente nova.

Ben, a Xunta, como digo, actúa dentro das súas competencias. Entón, o que intentamos é regular este sector, protexer o emprego, que está suxeito —como dicía— a unha competencia crecente do xogo *on line*, que está regulado, como ben sabe, pola Administración xeral do Estado e que tributa entre un 15 por cento e un 25 por cento e que xera un emprego mínimo. E, ademais, quede tranquilo, porque, se incumpre ese mantemento da plantilla mínima dun ano normal como o ano 2022, voltará tributar o 50 por cento a empresa correspondente.

Por tanto, iso é o que estamos a facer e penso que non é unha medida extemporánea. Non sei que tentaba buscar aquí.

Abráíame tamén que a vostedes, que son uns harmonizadores fiscais absolutos, lles pareza mal que harmonicemos a tributación media das comunidades autónomas nesta figura tributaria en particular.

Ademais, por tanto, agravios, cero, e —o máis importante— penso que é nembargantes o que estamos a facer coa Lei sobre o xogo, que estamos protexendo os sectores máis vulnerables e fomentando un uso racional do xogo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Continuamos coa pregunta 6.4.



Pregunta de D^a María González Albert e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para solucionar a limitación de acceso a servizos básicos que está vivindo a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, ten a palabra, por tempo de tres minutos, dona María González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada, señora presidenta.

Boa tarde, señora conselleira.

Hoxe vímoslle preguntar pola situación de grave illamento que sofre a veciñanza de San Vicente de Leira e as posíbeis consecuencias que este illamento poida ter. Falamos hoxe da historia dun conxunto de negligencias, de responsabilidades compartidas entre Xunta e Deputación de Ourense e de fuxidas cara a diante mirando sempre cara a outro lado.

Hai xa case tres décadas que comezaron os problemas de desprendementos e deterioración da estrada de acceso a San Vicente, en Vilamartín de Valdeorras, uns desprendementos que foron consecuencia directa dos traballos de explotación da canteira San Vicente, que no ano 1993 comezou unha explotación intensiva e xerou de xeito inmediato os primeiros problemas de inestabilidade dos noiros, anticipo de todos os problemas que viñeron de aí en diante.

Nesta última primavera ese vial, dependente da Deputación de Ourense, —repito— veuse abaixo definitivamente, todo tras unha sucesión de desprendementos, peches de actividade, informes negativos, propostas de estabilización, novas licenzas, reaperturas de actividade, peche definitivo da explotación, peches de estrada e problemas de acceso. E, mentres, unha veciñanza que reclamaba solucións que nunca chegaron, porque Xunta e Deputación se teñen demostrado ata hoxe incapaces de solucionar un problema que desde logo non tiña que ter chegado até aquí.

A situación actual é de illamento absoluto de San Vicente a través da estrada principal, aquela OU-807, que, como dixen, se veu abaixo definitivamente neste 2022. Neste mesmo momento a única alternativa que quedaba para a veciñanza de San Vicente é a pista municipal que accede á parroquia, dando un importante rodeo a través do Mazo e que ficou tamén danada naquel desprendemento.

A realidade e as distintas propostas de proxecto, informes, comisións e anuncios só foron unha estratexia das administracións para alongar o proceso e lograr o obxectivo final: non ter que afrontar un problema xerado por unha empresa privada coa conivencia das administracións e ante o que a única afectada real é a veciñanza de San Vicente.

San Vicente esmorece, señora conselleira. A día de hoxe hai 72 habitantes censados, segundo o IGE, mais só 10 persoas viven alí na realidade, resisten alí durante todo o ano; no ano 2000 eran 179. E ese semella ser o obxectivo: a renuncia da veciñanza por esgotamento. Cando xa non quede ninguén vivindo en San Vicente de Leira, acabóuselles o problema.



Desde o desprendemento desta primavera, que afectou a balsa ilegal de residuos que segue en pé da canteira pechada sobre o regato Pereanes, provocáronse tamén importantes danos na estrada alternativa que é a única que pode usar a veciñanza para desprazarse e para acceder aos servizos públicos, unha pista que non cumpre coas mínimas condicións de seguridade. E, desde entón, máis anuncios, traballos de urxencia para retirar as árbores e demais materiais que a riada arrastrou, e pouco máis.

Á vista da grave situación que están vivindo os e as veciñas de San Vicente da limitación de acceso a servizos básicos, ¿ten previsto realizar algunha actuación urxente para garantir os seus dereitos? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora González Albert.

Para contestar, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señoría, eu entendo e comparto a preocupación que traslada na súa pregunta sobre os veciños de San Vicente de Leira, ese corte desa estrada, estrada da deputación, que condiciona a mobilidade dos veciños e unhas dificultades que se ven agravadas como consecuencia de que en maio hai un desprendemento de terra que condiciona tamén a mobilidade na estrada municipal —non da Xunta de Galicia, polo tanto estrada da deputación—, estrada municipal que era alternativa dos desprazamentos, estrada municipal na que xa actuou a deputación e tamén na que vai actuar, e sabe que, como dicía vostede, consecuencia do desborde dunha balsa dunha canteira, que ten un expediente de peche e abandono, do que está a facer seguimento a Vicepresidencia Primeira.

Os danos causados por efecto da balsa son nunha ponte, nunha ponte na que ten que actuar a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. E o certo é que me sorprende a pregunta. Sorpréndeme a pregunta, primeiro, porque sabe, é coñecedora das xuntanzas entre concello, porque é unha estrada municipal, e deputación, porque estamos a falar dunha estrada da deputación, e tamén dende a Vicepresidencia. Sorpréndeme aínda máis porque sabe que é unha estrada da deputación, non é unha estrada da rede da Xunta de Galicia; por iso me sorprende. Pero veño aquí responder, como é, debidamente.

Nese sentido sorpréndeme tamén, porque vostedes son os grandes defensores da independencia competencial e agora véñenme aquí a que respondo sobre unha estrada da deputación provincial. En calquera caso, teño a oportunidade de contestar. Non sei que pretenden. ¿Pretenden que invada competencias municipais, da deputación? Non sei o que pretenden con esta pregunta realmente, cando son os defensores da independencia competencial. Non sei se é un recurso demagóxico, ao que estamos acostumados, do Bloque Nacionalista Galego. Insisto: estamos nunha estrada da rede da Deputación Provincial de Ourense neste caso. Arranxar e conservar é a súa competencia e a nós preocúpanos a mobilidade, e, nese sentido, sabemos que a deputación está traballando. Cando se dean as condicións técnicas concretas pois... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois esta estrada é da deputación, a alternativa é unha estrada municipal, nós na rede de estradas da nosa competencia actuamos



sobre elas e, en calquera caso, sorpréndeme esta pregunta e nós estaremos vixiantes e tamén preocupados como consecuencia de que afecta a mobilidade. Pero eu insisto: estamos a falar dunha estrada da deputación provincial, que vostede pois xa o sabe.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Quenda de réplica para a autora da pregunta.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Mágoa que non lle sorprendan igual as preguntas sobre a reforma do Código penal, porque iso vese que si que é competencia do Parlamento de Galiza. (*Aplausos.*)

É pena de verdade, señora conselleira, que non sorprendan coas súas respostas. É certo — eu xa o dixen —: ese vial é propiedade da Deputación de Ourense, igual que o vial alternativo que acabamos de descubrir hai pouco. Póñase ao día, porque parece que non sabe que tamén é propiedade da Deputación de Ourense, ao contrario do que se pensaba.

Quen permitiu que esa mina reabrida cando non cumprira cos criterios que se lle marcaran tecnicamente para que esa reapertura se producira foi a Xunta de Galiza. Polo tanto, a Xunta de Galiza ten unha responsabilidade directa no que aconteceu nesa estrada que se veu abaixo, 200 metros de estrada viñeron abaixo (*Aplausos.*) por unha mina, e vostedes permitiron que funcionase cando non cumpría cos criterios de seguridade mínimos.

E o vicepresidente da Xunta de Galiza tamén acaba de facer aquí un alegato das competencias que asume ademais a Xunta de Galiza cando non lle corresponden por responsabilidade —dixo o vicepresidente da Xunta de Galiza—.

Mire, o obxectivo básico, principal e urxente que nos trouxo a traer esta pregunta aquí era lograr que a veciñanza de San Vicente tivera garantido o acceso aos servizos públicos en condicións de seguridade neste inverno. Porque se hai un problema de saúde e ten que ir unha ambulancia a San Vicente nun día de crecida do Pereanes, ¿quen vai garantir que esa ambulancia poida chegar a San Vicente? ¿De quen é responsabilidade que esa ambulancia poida ou non chegar a San Vicente?

E o obxectivo último que tiñamos era que a Xunta de Galiza, que vostedes, que o Partido Popular actuaran por unha única vez na vida como goberno e que atenderan os problemas estruturais de comunicacións en San Vicente, que non se inhiban das súas competencias e das súas responsabilidades como Goberno galego.

Porque —repito— é certo que esa estrada é de titularidade da deputación, pero non é menos certo que vostedes permitiron esa reapertura despois daquel primeiro peche sen que se executase nin unha soa de todas as melloras técnicas e estruturais que obrigaban para garantir o mantemento desa estrada.

Repito: responsabilidades compartidas e abandono, abandono de San Vicente, de Vilamartín e de toda Valdeorras máis unha vez.



Nós trouxemos esta cuestión á comisión o pasado 25 de decembro e aí por primeira vez — teño que dicir — en trinta anos...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...porque é un problema de trinta anos, vostedes romperon a unanimidade. Apoien a veciñanza de San Vicente. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Réplica do Goberno. Novamente ten a palabra a conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Non se confunda: eu non eludín ningunha resposta de contestarlle a vostede sobre as cuestións que me plantexa nin eludín ningunha responsabilidade, pero creo que coñecer claramente e que coñeza todo o mundo que nos está escoitando que estamos a falar dunha estrada que é da deputación pois creo que é dende logo oportuno; unha estrada da que é vostede sabedora, como di vostede, de que é titularidade da deputación, e, polo tanto, á Xunta de Galicia no que respecta a estradas non lle corresponde actuar nesa estrada. Nós actuamos nos 5.500 quilómetros de estradas nas que temos competencias.

Eu vexo e entendo na súa pregunta que confía na boa xestión en materia de estradas da Xunta de Galicia; entendo que esa é a súa pregunta. *(Murmurios.)* Eu vexo que a poucos días xa me van pedir que tamén actúe e reconstrúa o viaduto da A-6, porque confían na nosa solución en materia de estradas *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* da Xunta de Galicia. Porque claro, se me veñen aquí cuestionar un asunto directamente da Deputación de Ourense, é o primeiro dende logo que se me vén á cabeza.

Pero, en calquera caso, a nós preocúpanos este asunto de mobilidade nos veciños. Eu vin aquí falar de mobilidade, non de canteiras... *(Murmurios.)* Pero falamos de canteiras cando queiran. Pero do que estamos a falar é dunha estrada da deputación, e vexo que non lles gusta que lles indique as competencias. *(Murmurios.)* ¿Si ou non? Falan da feira segundo lles vai nela. *(Murmurios.)* As competencias si, pero cando tal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nós vimos aquí falar dun tema —ben... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Creo que eses..., en fin —, dunha estrada da Deputación de Ourense, da que nós estamos preocupados, e, dende logo, eu non vou facer sinais que me fixeron algúns deputados aquí, pero, en calquera caso, a Deputación de Ourense está a actuar, sabemos que está a actuar, que está a financiar un servizo de autotaxi para poder ir as vinte e catro horas do día á capital municipal.

Eu insisto en que non forma parte da rede de estradas e, señorías, están a financiar un autotaxi. Eu deséxolle bo Nadal, aínda que me fagan uns sinais que eu creo que non proceden, bo Nadal, feliz 2023 e que no ano 2023 eu agardo que me fagan preguntas da miña competencia. Porque veñen corroborar que en materia de estradas sabemos actuar e por iso nos piden actuar en materia de estradas dende a Xunta de Galicia. Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.



Continuamos co seguinte punto.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do impacto que a suba do IPC vai ter nas peaxes das autoestradas na comunidade autónoma de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, por tempo de tres minutos, ten a palabra don José Manuel Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, parece que, se do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego dependera, os galegos seguiríamos a pagar as autoestradas estatais máis caras de España. Porque aínda que neste mesmo pleno chegamos a un acordo unánime para pedirlle ao Goberno de Pedro Sánchez que faga como Galicia, é dicir, que conxele as peaxes das autoestradas de competencia estatal, a realidade é que o Partido Socialista vota unha cousa en Madrid no congreso e outra diferente neste parlamento. Por non falar do Bloque Nacionalista Galego, que nin sequera se presentou na votación desa comisión.

O que está claro é que, se ninguén o remedia, o 1 de xaneiro subirán as peaxes da AP-9 e da AP-53. O que está claro é que o Goberno de Pedro Sánchez castiga Galicia, encarecendo a mobilidade dos galegos que fagan uso destas autoestradas. É dicir, señora conselleira, a esquerda quere facer das autoestradas galegas unha infraestrutura de luxo, que só poidan permitirse usar uns poucos. O único que lles estamos a pedir é que tomen exemplo da Xunta de Galicia, que tomen exemplo da consellería que vostede preside, que amosou sensibilidade, interese por evitar o impacto que a suba do IPC provocaría na mobilidade dos galegos.

A Xunta amosa un camiño a seguir. Pedímoslle a Sánchez que siga o exemplo do Goberno de Alfonso Rueda, que decidiu a conxelación das peaxes para evitar unha suba moi negativa para as economías das familias e moi negativa tamén para os sectores estratéxicos como é o do transporte. É unha suba que, ademais, chegaría no peor momento.

Señor conselleira, non estamos a pedir imposibles. Conxelar as peaxes nas autoestradas estatais é factible, tamén desde un punto de vista económico. Cartos non lle van faltar. De feito, o Goberno central non está a gastar toda a partida consignada nos orzamentos de 2022 para aplicar bonificacións na AP-9, polo que dispón de fondos máis que suficientes para a conxelación das peaxes. En definitiva, a esquerda aplica unha carga abusiva que limita a mobilidade e competitividade dos galegos. Pero outra forma de gobernar é posible, e hai alternativa. A Xunta si ten sensibilidade e empatía conxelando as peaxes.

—Termino, señora presidenta.— Señora conselleira, non lles estamos a dicir nada nin lles estamos a pedir nada ao Goberno central que non tiveramos feito en Galicia, polo cal, primeiro, demos exemplo e agora facemos a mesma petición. Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Balseiro.



Para contestar ten de novo a palabra a señora conselleira por tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

O incremento dos prezos vexo que non preocupa moito aquí nesta cámara. A inflación do mes de xullo e agosto é máis por riba do dez por cento, e todos previamos que o incremento ía rematar co IPC disparado. E así foi, pois o incremento do IPC disparado e a suba dos prezos desmesurada. Por responsabilidade, as administracións temos que estar para axudar as familias, para axudar as empresas neste contexto económico tan complicado.

Esa inflación desbocada ía ter consecuencias en moitos factores, e sabíámolo. Por iso xa en setembro, con anticipación, con previsión, a Xunta de Galicia decidiu tomar a decisión de conxelar as peaxes da nosa competencia, da rede 55 e a rede 57, porque temos sensibilidade, porque actuamos con previsión e con anticipación e porque é a nosa obriga e a nosa responsabilidade planificar e adiantarnos ás circunstancias. Por iso, —insisto— no mes de setembro tomamos esa decisión de conxelar as peaxes para o próximo 1 de xaneiro das autoestradas da nosa competencia. Por coherencia tamén, porque xa o fixemos neste ano 2022, cando o IPC era do 5 por cento xa nos parecía realmente importante, paliámolo.

Máis grave no ano 2023, nese sentido os orzamentos da Xunta de Galicia xa para o ano 2023 prevén unha partida orzamentaria de 4,8 millóns de euros para continuar coas bonificacións e para conxelar as peaxes. Polo tanto, incrementamos un 86 por cento os orzamentos nesa partida para poder conxelar as peaxes, porque temos sensibilidade, temos previsión e somos coherentes. Coherencia para axudar os usuarios destas autoestradas. E nese sentido, pois as autoestradas da nosa competencia, da Xunta de Galicia, serán as máis baratas de toda España; son e serán as máis baratas de toda España. Isto é vontade política e anticiparnos a posibles problemas que podemos ver a continuación desta inflación. E, polo tanto, son feitos.

O que nos preocupa moito é a decisión do Goberno de España sobre as peaxes da AP-9 e da AP-53. O Goberno de España podía e debía conxelar as peaxes e, segundo información que vemos hoxe na prensa, van volver subir as peaxes da AP-9 e da AP-53. O Goberno de España non vai evitar a subida das peaxes. Podía e debía tomar exemplo. Pero van subir, pola información que vemos na prensa, arredor dun catro por cento.

Dende logo, estamos a ver unha falta de planificación e o que estamos a ver é unha improvisación total e un remendo de última hora, tarde, mal e arrastro. E, polo tanto, van volver subir as peaxes na AP-9 e na AP-53.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira. Para a réplica ten de novo a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Como vostede explicou, señora conselleira, o Goberno galego demostrou con feitos que se hai vontade poden conxelarse as peaxes das autoestradas, e repito: se hai vontade. A Xunta



recolleu esta decisión — como dixo vostede — nos orzamentos do 2023. Pero deben saber os galegos, que non é *peccata minuta*, que esta conxelación que incorporaron os orzamentos contou co voto en contra do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego nesta cámara. Pero esas mesmas forzas políticas que aquí votan en contra de conxelar as peaxes, neste caso, das autoestradas autonómicas, en Madrid comparten as decisións do Goberno de España, que aínda non ten decidido frear a suba das peaxes.

Segundo dixo vostede, as últimas noticias que houbo sobre este tema preocupánnos moito máis. Porque nosoutros pedimos a conxelación, e hai varias informacións periodistas que ningunha delas fala da conxelación; falan dunha rebaixa. Pero iso si, todas elas recoñecen que as autoestradas en Galicia de competencia estatal van ter un prezo máis caro no ano 2023 que teñen no ano 2022.

E, iso si, hai unha pequena diferenza: as autoestradas neste caso de competencia da Xunta son as máis baratas de España. As autoestradas en Galicia de competencia estatal son as máis caras de España. E no ano 2023, señora conselleira, grazas ao Goberno do Partido Socialista e grazas a quen axudou a poñelos aí, neste caso, o Bloque Nacionalista Galego, os galegos imos ter que pagar máis, máis e máis. Polo cal imos ser uns paganos de Sánchez, do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

(*Murmurios.*)

Silencio, por favor, que xa só queda un pregunta. (*Murmurios.*) E a panxoliña que nos vai dedicar aquí o señor Rivas, que está moi falanguero toda a tarde.

Ten a palabra, por tres minutos, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

O certo é que a falta de previsión do Goberno de España pois é a marca da casa; falta de previsión, marca da casa, pois do Goberno de España. Estamos acostumados.

Dende a Xunta de Galicia, con anticipación, con sensibilidade, con coherencia, decidimos en setembro conxelar as peaxes das autoestradas da nosa competencia. Aí están os orzamentos, con planificación, previsión e sensibilidade. E o que vemos é que na autoestrada AP-9 e na AP-53 non se van conxelar as peaxes, e o ano que vén volverán subir.

E tamén no último momento, no último minuto do partido, tampouco imos saber que vai pasar coa subvención dos carburantes, e tampouco imos saber ata o último minuto do partido de finais de ano que vai pasar coas bonificacións do autobús.

O certo é que é sorprendente e preocupante a nova falta de planificación do Goberno de España sobre asuntos de tanta importancia como son as peaxes, como son as bonificacións



dos carburantes, como son as bonificacións dos prezos do autobús. E o certo é que os orzamentos do Goberno de España, —como dicía— a falta de previsión e a marca da casa, non prevén ningunha partida ao respecto. Polo tanto, á última hora, o que vemos e o que todo o que indica e o parece é que non se van conxelar as peaxes da AP-9 e da AP-53, senón que van subir case un catro por cento.

Dende logo, parécenos insuficiente esta medida. A situación económica obriga o deber das administracións de axudar as familias e de conxelar as peaxes. E —como dicía— a Xunta de Galicia ten a partida suficiente, 4,8 millóns de euros para conxelar as peaxes, 3,5 millóns de euros para garantir a viabilidade do transporte público con axudas aos carburantes e 90 millóns de euros para o transporte público e para garantir a xente nova. Polo tanto, aí están os orzamentos, que é a vontade política dun goberno e como queira actuar, con planificación, con sensibilidade e con coherencia. Polo tanto, hai claramente dúas visións políticas: anticiparse e planificarse, e a improvisación e fuxir da planificación, e, dende logo, aí estamos con remendos de última hora.

O Goberno de España tivo tempo suficiente de planificar, e o certo é que esa subida de case o catro por cento está moi lonxe das expectativas dos cidadáns e do que se demandou nesta cámara, que se aprobou no día de hoxe, no que se aprobou no congreso e no que pedimos dende a Xunta de Galicia.

Eu creo que o Goberno de España podía ter tomado medidas antes, fixo oídos xordos e, dende logo, dorme tranquilo porque soben as peaxes un catro por cento na AP-9. Dende logo, insuficiente a medida do Goberno de España para as peaxes da AP-9 e da AP-53.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Ultimo punto da orde do día, a pregunta 6.6.

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonso e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia para realizar as obras necesarias nos centros de educación infantil e primaria da Gándara e da Solaina, no concello de Narón

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra, por tres minutos, don Ramón Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señora presidenta.

Boa tarde, señor conselleiro.

O Grupo do BNG trae hoxe ao pleno unha pregunta sobre dous centros de ensino do concello de Narón que precisan atención urxente por parte da Xunta de Galicia, os centros da Gándara e da Solaina.

Falamos de atención urxente porque os problemas que padecen son graves, son situacións que honestamente producen vergoña allea cando un visita os centros e fala coas ANPA e cos



equipos directivos. Teñen as xanelas en moi estado ou rotas directamente, que non pechan e que deixan entrar auga e vento; o estado das instalacións de calefacción, que unhas veces funcionan e outras non, con pingueiras por toda a liña de tubos; instalacións moi deficitarias, por exemplo, en comedores ou patios; e, sobre todo, señor conselleiro, o estado dos tellados.

Nos colexios da Gándara e da Solaina chove dentro do centro. E non é que pase auga nun único sitio en particular, non, hai pingueiras importantes en diferentes sitios dos centros: aulas, oficinas e corredores, co riso que isto significa.

En ambos os casos, tanto desde o centro da Gándara como desde o centro da Solaina teñen transmitido estas deficiencias á Xunta, cónstanos. Non damos entendido como pode ser que no día de hoxe, nestas circunstancias, non teñan por parte da Xunta unha convocatoria para realizar unha reunión ou algún tipo de compromiso. Non damos entendido este abandono por parte da Xunta.

Aínda que sabemos que non son casos exclusivos, pois, de feito, no mesmo concello de Narón poderíamos dicir practicamente o mesmo do colexio Virxe do Mar ou poderíamos falar da falta dun ascensor no colexio do Feal, onde a nai e o pai dun neno de seis anos, Xabi, xa veñen de denunciar perante a Valedora do Pobo, porque Xabi non pode subir escaleiras e non pode acceder ao primeiro andar onde están situadas as aulas de primaria, que son as que lles correspondería. O que obrigou a dirección do centro a reorganizar os espazos para que unha das aulas de primaria se impartan no baixo do centro.

A Valedora do Pobo, por certo, contestou que a Consellería debería ter instalado o ascensor antes do 2017 e que confía, segundo lle indican na propia consellería, que durante o ano 2023 se licite o proxecto para instalar o ascensor. Permita que desde aquí lle mandemos un saúdo moi afectuoso a Xabi e á súa familia, darlle moitos ánimos, (*Aplausos.*) que estamos seguros de que cando se recupere vai ser un máquina en atletismo.

Mais temos que lamentar, señor conselleiro, e denunciar que a norma no seu goberno sexa deixar estar as cousas até que podrecen literalmente, provocando que as persoas usuarias non dispoñan das infraestruturas que necesitan e ás que teñen dereito. Estas deficiencias —insisto— graves, que ademais deberan estar atendidas hai xa moito tempo, evidencian que aquilo de que o PP fai máis con menos —como lle gusta dicir ao presidente Rueda— é unha gran mentira; outra de tantas que nos contan.

Na verdade, señor conselleiro de Educación, vostedes fan moito menos do que deberan facer, desatenden as súas obrigas dun xeito flagrante. Tanto é así e tan consciente é vostede mesmo disto que escapa da palabra «recortes» coma do lume, provocando situacións ridículas que todos e todas coñecemos.

Para rematar, señor conselleiro, pedímoslle que se reúna coas direccións destes centros de ensino de Narón e pacte con elas unha relación de prioridades e un calendario para realizar as obras.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Para contestar ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que non é a primeira vez que a oposición, no seu lexítimo dereito, concretiza nun centro educativo concreto e, a partir de aí, intenta facer unha causa xeral de abandono e despreocupación.

Fixo vostede un panorama incluso tétrico respecto das infraestruturas educativas do país. Eu teño que recordar —como vostede sabe perfectamente— que en Galicia temos máis de mil cen centros educativos, máis de mil seiscientos edificios públicos, nos cales se presta o servizo educativo, que teñen unha media de corenta anos. E, obviamente, estes dous centros forman parte dunha rede.

No propio Narón temos un nivel de dotación moi significativo, temos en concreto catorce centros, dos cales nove son centros educativos públicos. Ben é certo que nos últimos anos se levou a cabo un investimento significativo no conxunto do concello nos centros públicos, máis de dous millóns de euros nos últimos anos.

Tamén é certo que no CEIP A Gándara se investiu máis de cento trinta mil euros nos últimos anos en cuestións como un patio cuberto, humidades, un ximnasio. No centro A Solaina tamén se levaron a cabo investimentos nos últimos anos, máis de cincuenta mil euros cunha nova caldeira, comedor... Sempre se fan obras e sempre é certo que nunca chegan os cartos e nunca se chega a todo, o cal é algo lóxico e normal tendo en conta o gran parque inmobiliario que ten a Consellería de Educación, como calquera Consellería de Educación en calquera autonomía. Iso é algo que é lóxico e normal. Como tamén é normal que en certa medida haxa críticas por parte da oposición, que son lexítimas, e acéptanse aínda que non se compartan.

Obviamente, hai que ter en conta que hai que establecer prioridades e hai que facer análises técnicas. E as decisións de investimento por parte, neste caso, da consellería non son arbitrarias, non se levan a cabo por cuestións concretas, senón que se basean en todo caso sempre en decisións e en prioridades que fixan as unidades técnicas. As unidades técnicas avalían as prioridades de investimento e levan a cabo ese investimento en función das necesarias necesidades.

Hai que ser conscientes de —como dixer— que neste momento temos na consellería, e en concreto nestes centros, un investimento moi significativo nos últimos anos. Temos necesidades que cumprir sen dúbida ningunha, pero tamén temos que ter en conta que nos últimos anos neste concello se investiron máis de dous millóns de euros en diferentes arranxos e necesidades en todos os centros de Narón; entre eles, tamén estes dous que acabo de citar, A Gándara e A Solaina, que citan vostedes. É certo que sempre se plantexan os mesmos problemas: cubertas, ascensores, fiestras, etc. Creo que hai que ter en conta este dato.

Hai que ter en conta tamén que é necesario sempre priorizar os investimentos en función das características e as necesidades que existen no conxunto do mapa educativo dun concello,



dunha provincia, no ámbito da comunidade autónoma, dunha xefatura territorial no conxunto de Galicia. E tamén é certo que temos que priorizar e analizar os investimentos en cada caso.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Obviamente, non é porque nolo cite ou nolo diga unha ANPA ou un centro educativo, senón que son decisións técnicas que adoptan as unidades...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten despois tres minutos novamente.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Ben, responderei posteriormente en concreto, pero quero que se tome conciencia da importancia... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...que ten o parque inmobiliario no eido educativo da Xunta de Galicia. (*Murmurios.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica ten de novo a palabra don Ramón Fernández.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señora presidenta.

Eu estaba escoitando falar de prioridades. Non sei se me escoitou ben que chove dentro do centro (*Risos.*) (*Aplausos.*) ou que hai xente en cadeira de rodas que non pode subir ao primeiro andar.

Os colexios da Gándara, da Solaina, pero hai máis no concello de Narón, como o Virxe do Mar, o Feal, pero podemos falar de que no Instituto Masculino de Ferrol fan ximnasia nos pasillos.

Concretamente, estes centros do concello de Narón suman ao redor de dous mil escolares que non dispoñen dunhas infraestruturas educativas do nivel ao que teñen dereito. Non estamos a falar de luxos, falamos de infraestruturas básicas e de dereitos básicos: xanelas que pechen, calefacción que funcione, baños en bo estado, tellados que non deixen pasar a auga, ascensores, patios cubertos. Son necesidades básicas. E aínda podíamos engadir que faltan profesores de apoio, que hai dificultades no transporte ou que hai problemas no servizo de madrugadores, que vostedes coñecen ben e aínda así deixan a súa solución ás ANPA.

Son necesidades básicas para un ensino de calidade. Necesidades básicas da poboación escolar e das súas familias que o seu goberno desatende, que o seu goberno infrafinancia. Por-



que, como quedou demostrado no pleno de onte, de aprobación dos orzamentos da Xunta, a súa prioridade é, por exemplo, reducir impostos ás persoas millonarias. E, claro, despois non dá a peza para o tacón. *(Aplausos.)* Por non falar doutros agasallos que fan vostedes aos seus amigos, como subvencionar a Abanca, que é algo que non me sae da cabeza, para que instale caixeiros automáticos. Para iso hai cartos.

Señor conselleiro, non é a nosa intención hoxe en dous minutos reproducir uns debates e unhas discusións que desde o BNG temos presentado neste parlamento en moitas ocasións. Queremos colocar o foco a través desta pregunta nas necesidades graves e urxentes destes colexios de Narón e queremos reiterarlle a nosa petición de que se reúna coas direccións dos centros; non lle van caer os aneis por visitar os centros e coñecer as súas necesidades de primeira man. E, sobre todo, aínda que chegue vostede tarde, faga bo aquilo de «máis vale tarde que nunca» e pacte coas direccións unha axenda para a realización das obras este mesmo ano.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do goberno por tres minutos.

Ten de novo a palabra o conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Señor deputado, daba a impresión de que ía vostede ben, *(Murmurios.)* pero de repente empeza a falar dos impostos aos ricos, dos amigos do Partido Popular... *(Murmurios.)* Xa se ve a preocupación que ten vostede. *(Murmurios.)* Xa se lle ve a vostede cal é a súa preocupación polos centros educativos de Narón. *(Aplausos.)* Ía vostede absolutamente de marabilla ata que esa paixón que vostede plantexa *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* deixouno quedar en evidencia, e plantexou unha pregunta política máis, como fai tantas. *(Murmurios.)*

En todo caso, a min non me caen os aneis case por nada, nunca me caeron e non creo que me caian agora. E pódolle dicir con absoluta certeza que eu visito, escoito, coordino, xestiono, comparto as preocupacións que teñen os centros educativos de toda Galicia.

E voulle dicir unha cousa: para nós, para a Xunta de Galicia, manter os edificios do sistema educativo público galego é unha prioridade. E non é unha prioridade inventada de onte ou de hoxe, e non é unha prioridade concreta dun centro ou doutro, é un traballo que levamos facendo dende hai moito tempo, *(Murmurios.)* e non xurdiu onte. É máis, aprobamos hai moi pouco tempo un plan de nova arquitectura pedagóxica, 192 millóns. En Narón, que vostede cita, investimos máis de dous millóns nos últimos anos.

¿Está todo resolto? Señoría, non, non está todo resolto. ¿Hai problemas que solucionar? Sen dúbida. Agora, intentar xerar unha causa xeral nunha cuestión concreta, que haberá que ir avaliando en función das características técnicas e dos informes técnicos da unidade técnica, é xerar un discurso case apocalíptico pola súa parte, cun perfil político como vostede de-



mostrou na súa intervención, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pois queda moito que ver.

Agora, ¿que hai unha folla de ruta perfectamente planificada, organizada? Sen dúbida ningunha. No ano 2023, hai 67 millóns de euros para acometer diferentes intervencións no parque inmobiliario da consellería. ¿Que me gustaría ter máis? Por suposto, como a calquera responsable político, como a vostede se estivera no meu caso. Agora, non desconfíe vostede da intencionalidade política de solucionar os problemas que poidan ir xurdindo nun parque inmobiliario tan potente.

¿Que hai un compromiso en Narón? Sen dúbida. Xa lle dixen os investimentos que temos investido nos últimos anos.

¿Que lle podo dicir eu a esta comunidade educativa? Prudencia e compromiso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

¿E que lle podo dicir a vostedes? Pódolles dicir que nos casos concretos que vostede cita, nós temos agora en marcha tres proxectos concretos, que se demandaron por esas comunidades educativas.

Ascensores. Estamos redactando os proxectos para poñer en marcha tres ascensores no Virxe do Mar, na Gándara e no Feal, que se demandou, e vostede non o citou. Bueno, estanse concretizando, estanse redactando, vanse investir, vanse poñer en marcha.

O que non pode vostede é nunha cuestión concreta xerar un discurso político, que, ao final, —como vostede ben dixo— se lle escapa o seu subconsciente e empeza a falar de cuestións que realmente pouco teñen que ver ou non teñen nada que ver co que se plantexa, (*Murmurios.*) e demostra que a preocupación súa non é en ningún caso (*Murmurios.*) o centro educativo, (*Murmurios.*) senón simplemente facer o seu traballo, que é facer oposición. (*Murmurios.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.


Ben, dado que aínda que non o pareza xa estamos no Nadal. Antes de levantar a sesión os meus mellores desexos para estas festas e para o vindeiro ano, que en breve empezamos.

Rematamos a sesión.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás seis do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

